



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 48

Sesión Plenaria
20 de novembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (doc. núm. 19214, 10/PL-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197, do 20.10.2017

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 210, do 14.11.2017

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 19215, 10/PL-000008)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 197, do 20.10.2017

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 211, do 15.11.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

Defensa das emendas: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 15.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 23.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 32)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 42.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 55.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 60.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 63.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 66.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 70.)

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

O señor presidente somete a votación as emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos, formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario de En Marea, respectivamente. (Páx. 75.)

Votación da emenda á totalidade, que postula a devolución global dos orzamentos, número 1 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

Votación da emenda á totalidade, que postula a devolución global dos orzamentos, número 1 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

Votación da emenda á totalidade, que postula a devolución global dos orzamentos, número 1 do G. P. de En Marea: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

Votación das emendas á totalidade do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (da núm. 1 á 12) que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación das emendas á totalidade do G. P. dos Socialistas de Galicia (da núm. 1 á 11) que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación das emendas á totalidade do G. P. de En Marea (da núm. 1 á 33) que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións.

Defensa das emendas: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx.78.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 82.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 87.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 91.)*
Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 100.)*
Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 103.), Sr. Losada Álvarez (S) (Pax. 105.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 108.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 110.)*

Votación das emendas do grupo II***Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos***

Votación das emendas número 37 e 38 (doc. núm. 20000) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que modifican a contía global dos orzamentos: *rexeitadas por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19919, corrección de erros doc. núm. 20082) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que modifica a contía global dos orzamentos: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19936 primeira parte) do G. P. de En Marea, que modifica a contía global dos orzamentos: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 114.)

Votación das emendas que transfiren créditos entre seccións

Votación das emendas números 1 á 36 (doc. núm. 20000) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que transfiren créditos entre seccións: *rexeitadas por 32 a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19919) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que transfire créditos entre seccións: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19936 segunda parte) do G. P. de En Marea, que transfire créditos entre seccións: *rexeitada por 32 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 115.)

O señor presidente anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e seguirá a súa tramitación correspondente, consonte o disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 115.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión ás seis e vinte e dous minutos da tarde.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 116.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 121.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 125.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 130.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 135.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 140.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 142.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 144.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 19960), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19962), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea (doc. núm. 19935), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 147.)

Remata a sesión ás oito e dez minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos na orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018. O orzamento é o instrumento principal da Xunta de Galicia para acadar resultados a prol dos cidadáns; a través, obviamente, da prestación de servizos con equidade, eficacia e eficiencia. Recolle os gastos previstos durante o ano no que están en vigor e os ingresos que financian os ditos gastos, de acordo coa dispoñibilidade dos fondos públicos e co fin de manter o equilibrio fiscal.

Este breve resumo do que significa un orzamento reflicte a importancia que ten para unha comunidade poder dispoñer en tempo e forma deste instrumento. Pois ben, Galicia é a única autonomía que ten a certeza de que aprobará en tempo e forma os orzamentos para o vindeiro 2018. Señorías, non por ser habitual deixa de ser importante.

E chegados a este debate cómpre preguntarse para que elaboramos este orzamento. Fundamentalmente, para manter e reforzar as nosas prioridades e para poder levar a cabo proxectos que non puidemos acometer ata o de agora. E iso é así porque son unhas contas que permiten reforzar os obxectivos que tiñamos cando presentamos a principios de ano os orzamentos vixentes e permiten pór en marcha novas actuacións.

Levabamos anos querendo traer este orzamento ao Parlamento, xa que mantemos as prioridades e contamos con máis recursos para poder atendela. ¿E como aproveitamos estes maiores recursos? Para o vindeiro ano seguimos a senda expansiva iniciada hai dous exer-

cios, e buscamos xerar confianza en todos os axentes económicos. Reforzar os gastos esenciais de sanidade, educación e servizos sociais vinculados ao benestar das persoas, con especial atención aos que máis o necesitan. Dinamizar o investimento público coa maior aposta de recursos desde antes da crise económica, co fin de favorecer unha política económica dirixida á promoción da actividade empresarial e, consecuentemente, ao emprego de calidade.

Poñámoslles exemplos concretos a estes obxectivos: axudar a atopar emprego aos 185.903 parados galegos que queren traballar pero aínda non atoparon onde; reforzar unha sanidade pública de maior calidade, con máis servizos, máis prevención e menos listas de espera; consolidar unha educación pública trilingüe que aposte polas novas tecnoloxías e que garanta a igualdade de oportunidades en equidade; ampliar os apoios ás familias e para a conciliación familiar e laboral, ademais de garantir a atención dos dependentes e do coidado dos maiores; facilitar o emprendemento aos proxectos dos autónomos, impulsar a competitividade e a internacionalización das nosas empresas; completar as infraestruturas que necesita Galicia e fomentar a mobilidade; favorecer a rehabilitación e o acceso á vivenda; conservar o noso patrimonio natural e loitar contra o cambio climático; facer do medio rural unha grande oportunidade, cun paquete global que vai desde o reforzo á estratexia de impostos cero, ata a creación da Axencia Galega da Industria Forestal; incrementar a competitividade dos sectores marítimo-pesqueiros; apostar por unha cultura galega de base e pola súa promoción e difusión; fomentar a relevancia da lingua propia de Galicia e traballar para favorecer o seu uso, sobre todo, entre a mocidade; favorecer a igualdade e redobrar os esforzos contra a violencia de xénero; reforzar o apoio ás entidades locais; e seguir captando máis visitantes e turistas para comezar xa a preparar o Xacobeo 2021.

Señorías, coa nosa estratexia orzamentaria queremos, en primeiro lugar, fortalecer o estado de benestar. A prioridade é seguir reforzando o gasto social e mellorando os servizos públicos, tal e como o estamos a facer ano a ano, especialmente nos últimos tres, porque dispoñemos de máis recursos.

En 2018 dedicaremos 1.000 millóns de euros máis a gasto social que hai catro anos. E Galicia terá o orzamento máis alto da súa historia en sanidade con 3.858 millóns de euros, mesmo superior en 140 millóns ao que tiñamos no ano 2009, que, como coñecen ben vostedes, estaba inflado en 1.600 millóns de euros, tal e como se demostrou na liquidación negativa que aínda estamos pagando.

Pero máis alá do cuantitativo, nós, como goberno, destinamos máis recursos ao máis importante, ás persoas. Este Goberno destina a sanidade o 40,7 % do gasto non financeiro total, cinco puntos máis que o anterior. Achegamos 1.434 euros para a sanidade de cada galego, 130 máis.

Este Goberno tamén destina o 24 % do gasto non financeiro a educación, 1,2 puntos máis que o anterior. Achegamos 4.610 euros para a educación de cada galego de 2 a 24 anos, 150 euros máis.

Señorías, estas mellores cifras e este maior apoio á sanidade e á educación públicas non son casualidade, senón que responden ás prioridades deste Goberno galego. Porque o gasto so-

cial, a creación de emprego de calidade e o esforzo en investimento produtivo son os sinais de identidade deste Goberno. Precisamente, para seguir apostando pola sanidade, pola educación, polos servizos sociais públicos e pola estabilidade no emprego público temos acordado con 6 sindicatos un plan de estabilidade de emprego público con 14.750 prazas ata o 2020, para rebaixar ata o 7 % a taxa de temporalidade.

Ao respecto podo confirmarlles que a oferta de emprego público deste ano, que inicialmente previamos nunhas 3.000 prazas, será finalmente maior, superando as 3.400, e aprobarémolas mesmo neste mes de novembro.

Igualmente, quero anunciarlles que lles proporemos a 6 sindicatos asinantes desde ambicioso plan de estabilidade que a oferta pública de emprego para o 2018 teña, como mínimo, outras 3.400 prazas. Desta maneira, en dous anos teremos ofertados arredor de 7.000 postos de traballo de calidade para reforzar os nosos servizos públicos; nomeadamente, a sanidade, a educación e os servizos sociais. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, queremos fortalecer o noso investimento. Para o 2018 reforzaremos o investimento, pois contaremos con 1.570 millóns de euros, 97 máis ca neste ano 2017 e 360 millóns de euros máis que hai catro anos. É o maior impulso investidor dende antes da crise económica, aumentamos os recursos para investimento en máis do dobre do que o fai o orzamento. Xa durante a crise económica Galicia liderou o esforzo investidor, e agora, con máis recursos, queremos redobrar este esforzo para realizar novas actuacións investidoras.

En terceiro lugar, queremos completar a recuperación económica e atender a xente que o necesita. Cada vez son máis galegos e galegas aos que chega a recuperación económica, pero o Goberno é consciente de que a realidade non pode ocultar que existen galegos e galegas que seguen tendo dificultades. A eles, a eses galegos e galegas que seguen pasando dificultades, son aos que temos que dar resposta con este orzamento, porque o moito feito non significa que non quede moito por facer. Por iso, este orzamento aposta por unha recuperación económica equitativa, inclusiva e integradora.

¿Por que podemos formular nestes termos o orzamento? En primeiro lugar, porque temos estabilidade. A estabilidade facilita que se poidan tomar decisións a prol dos cidadáns galegos coa certeza de que as medidas que adoptemos se poderán levar á práctica. Esta garantía de estabilidade, sempre importante, resulta unha vantaxe comparativa clara cando se produce nun momento como o actual, no que Galicia é a autonomía máis estable de España. En segundo lugar, porque temos planificación, contamos co Plan estratéxico 2015-2020, e logo dun pouco máis de dous anos de aprobar o plan estratéxico podemos afirmar, con humildade, que estamos avanzando con firmeza cara as metas formuladas nesta guía de goberno.

O seguimento do plan evidencia que a Comunidade Autónoma está a aproveitar a conxuntura económica favorable para afianzar a súa estratexia global acadando resultados por riba dos estimados nas principais liñas de actuación. Estes orzamentos de 2018 representan a garantía de seguir avanzando cara a consecución dos fitos marcados no dito plan estratéxico.

Nos dous primeiros anos os resultados son moi positivos, porque estamos consolidando un crecemento sostido medio que se aproxima ao 3 %, por riba do 2,5 % previsto, porque estamos contribuindo a crear mesmo máis emprego do inicialmente estimado entre 80.000 e 100.000 postos de traballo ata o 2020. Nos dous primeiros anos pechados xa se xeraron 42.000 novos postos de traballo e estamos en disposición de pechar este terceiro ano con case 60.000 empregos creados.

Para o vindeiro ano queremos afianzar esta senda de crecemento e de creación de emprego cun avance do PIB do 2,5 % e coa creación doutros 17.500 postos de traballo.

En terceiro lugar, este Goberno o que ten é credibilidade, xera confianza. Precisamente a nosa estabilidade, como valor escaso —eu diría que moi escaso hoxe en día en España—, constitúe un pilar sólido para dar fiabilidade e achegar certezas tanto a familias como a empresas, e para continuar consolidando a vía de crecemento iniciada a mediados do ano 2014, fundamentada na sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas.

A Axencia de Cualificación Standard&Poor's acaba de avalar a xestión financeira e orzamentaria que vén realizando a Xunta, que considera prudente e comprometida coa consolidación fiscal e coa recuperación económica.

En cuarto lugar, porque somos unha comunidade solvente. Tal e como temos manifestado noutras ocasións, o recoñecemento realista e temperán da crise económica feita por este Goberno, e como consecuencia a adaptación das finanzas públicas ás disponibilidades financeiras reais, resultou clave para poder estar hoxe no mellor momento económico desde antes da crise. Esta responsabilidade permítenos seguir reforzando os servizos públicos esenciais, baixando os impostos, acometendo o maior impulso investidor desde antes da crise económica e pagando aos nosos provedores cada vez con maior axilidade.

Igualmente, estamos rematando o proceso de consolidación fiscal e obtendo aforros financeiros superiores aos 180 millóns de euros nos últimos catro anos, recursos que agora podemos destinar e dedicar a financiar o crecemento e o emprego.

Esta mesma actuación responsable tamén nos permite dispoñer dunha situación da débeda comparativamente mellor que o resto de comunidades autónomas; aspecto este último, tamén, que sinala no seu informe Standard&Poor's, pois destaca que activa xestión do endebedamento en Galicia o seu perfil de vencementos de débeda ás operacións de refinanciamento e ampliación das súas liñas de créditos, así como a súa capacidade para xestionar a nosa posición de liquidez.

En quinto lugar, mantemos un crecemento sostido. Estamos a medrar de maneira sólida e continuada arredor do 3 %, como dicía anteriormente, nos últimos tres anos. Co último dato coñecido medramos máis que España e sempre moi por riba dos países da zona euro. Neste 2017 prevemos superar o 3 %, en concreto as estimacións sinalan que pecharemos o exercicio no 3,1 %.

E para o 2018 manteremos o forte crecemento, en concreto do 2,5 %, por riba tamén do agardado en España, pero cunha estimación prudente derivada da situación actual de incerteza en Cataluña.

En sexto lugar, porque conservamos a nosa autonomía financeira. Galicia soportou a crise económica mantendo intacta a súa autonomía financeira. A nosa comunidade non necesitou ser rescatada nin precisou en ningún momento de axuda do Estado para pagar as súas facturas, e foi quen de influír no Goberno central para que habilitase un mecanismo específico para as comunidades cumpridoras e solventes —como é o caso de Galicia—, que está permitindo importantes aforros nos xuros da débeda.

En definitiva, podemos formular os orzamentos nestes termos porque a nosa estabilidade institucional xera confianza e a confianza xera crecemento. (*Aplausos.*)

¿En que se traduce este orzamento? Todo isto permite reforzar o noso modelo de crecemento san cara a un crecemento en estabilidade. Temos garantido e reforzado o gasto social, temos controlado o déficit e o endebedamento para estar no 2018 na práctica consolidación fiscal e cun recurso ao endebedamento mínimo; estamos á cabeza de España no esforzo investidor e estamos entre as administracións autonómicas que pagamos con maior axilidade.

Nos orzamentos de 2018 queremos consolidar este crecemento en estabilidade e reforzar a nosa estratexia con liñas de acción que favorezan a competitividade, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico e que fomenten a internacionalización dos diferentes sectores produtivos e de servizos. Todo isto dirixido á estimulación e ao fomento do emprego de calidade, que un ano máis é o obxectivo prioritario destes orzamentos, en concreto da nosa política económica xeral. E consideramos que isto é posible porque estes segundos orzamentos da lexislatura os presentamos, como xa sinaléi anteriormente, no mellor escenario económico desde antes da crise.

¿En que baseo esta afirmación? En varios datos contrastables.

A industria galega está impulsando a recuperación económica, a cifra de negocio na industria medrou ata agosto un 8 % por riba da media. Ademais, a industria galega está a aumentar os seus novos pedidos e, obviamente, iso garante o seu futuro. Galicia foi a quinta comunidade na que máis medrou a entrada de pedidos ata agosto, en concreto un 14 %, case seis puntos máis que a media.

No que vai de ano os pedidos aumentaron un 9,4 %, é dicir, novas encargas para sectores estratéxicos como o naval ou a automoción.

Pola súa banda, o comercio segue medrando en Galicia pola reactivación do consumo, froito da mellora económica que chega tanto a familias como a fogares. No que vai de ano as vendas do comercio minorista medraron un 2,3 %, case o dobre que a media. Galicia é a quinta comunidade con mellor comportamento das vendas do comercio ao peche do terceiro trimestre. Por outra banda, Galicia é a segunda comunidade na que máis medrou a actividade do sector servizos no que vai de ano, case un 9 %. E Galicia foi a autonomía na que máis medrou a facturación servizos no 2016, cun incremento do 8,8 %, a maior suba da serie histórica.

As exportacións galegas continúan marcando cifras históricas e batendo todos os rexistros. Así, de xaneiro a agosto —último dato coñecido— medraron un 8,4 % respecto do mesmo

período do ano anterior, no 2016 que xa fora un ano récord. Ademais, no que vai de ano Galicia conta coa segunda mellor balanza comercial de España en termos absolutos, con 2.787 millóns de euros, un 2,2 % máis que no mesmo período do ano anterior. Galicia, pois, vive o seu mellor ciclo exportador logrando que os últimos catro anos sexan os de maiores vendas ao exterior da nosa historia. *(Aplausos.)*

Esta economía aberta ao exterior facilita un maior dinamismo en Galicia que no resto de España. Ademais, a confianza dos empresarios galegos está a medrar, tal e como reflicten os datos do último ano. Este incremento da confianza dos nosos empresarios é froito, obviamente, da mellor situación económica e provoca, tamén, unha recuperación no mercado laboral.

Podería seguir achegando datos, pero o máis relevante é que estamos a cumprir o reto de que en Galicia se consolide a recuperación económica, e temos que seguir por este camiño para chegar día a día a máis galegas e galegos que o seguen a precisar. Porque, señoría, desde o Goberno somos plenamente conscientes de que estes bos datos non poden ocultar que existen galegas e galegos que seguen tendo dificultades.

¿Como se reflicte todo isto no orzamento? En primeiro lugar, cun cadro macroeconómico equilibrado. Presentamos para o ano 2018 un cadro macroeconómico que considero moi equilibrado. Prevedemos manter a fase expansiva da economía galega cun crecemento que, de maneira prudente, estimamos no 2,5 % en termos reais; en termos nominais chegaremos ao 4 %, debido a que —como xa adiantei— existen incertezas sobre a situación actual en Cataluña. En calquera caso, estimamos que medraremos máis ca España e, obviamente, máis que a zona euro.

Baseamos este escenario nos seguintes puntos: a chegada da demanda interna, que será maior ca a deste ano 2017 como consecuencia do mellor comportamento tanto do consumo privado como do investimento; a formación bruta de capital, que medrará en 2018 bastante por riba do que o fará neste 2017; e a demanda externa neta que tamén será positiva o vindeiro 2018. As exportacións acelerarán o seu crecemento debido á mellora do sector industrial e á evolución favorable dos países do contorno.

Pola súa banda, as importacións tamén aumentarán polo maior dinamismo do sector industrial galego.

O noso orzamento tamén terá máis ingresos, pero menos impostos. Estamos consolidando a mellora dos nosos ingresos, que na súa maior parte proveñen do sistema de financiamento autonómico. A estimación de ingresos comunicada polo Goberno central para 2018 acada os 7.412 millóns de euros, un 5,4 % superior aos orzamentos vixentes. Con este incremento os ingresos do sistema para o vindeiro ano case se igualan ao exercicio máis alto, que foi o de 2009. E de non ter que deducir os 85 millóns de euros do pago de liquidacións negativas do 2008 e 2009, serían claramente superiores por primeira vez aos de toda a serie.

A evolución consolida a senda positiva iniciada no ano 2014, exercicio desde o cal temos unha suba acumulada de preto de 1.500 millóns de euros. Esta boa evolución dos ingresos

tamén nos permite manter as maiores rebaixas fiscais, que xa están en vigor en Galicia dende o 2016. O 99 % dos contribuíntes seguirán sen pagar o imposto de sucesións. O 98,5 % dos contribuíntes, aqueles con rendas medias e baixas, seguirán pagando menos polo IRPF e reforzaremos a nosa estratexia de impostos cero no rural.

Nos orzamentos de 2016 eliminamos os impostos para as transmisións de solo rústico, para as transmisións totais ou parciais de explotacións agrarias ou o aumento do tamaño das explotacións ou as transmisións a agricultores mozos e para agrupación de fincas rústicas.

Nos orzamentos de 2017 eliminamos os impostos para a adquisición de vivenda habitual en zonas pouco poboadas a menores de 36 anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade. E para os orzamentos de 2018 reforzamos esta aposta no Proxecto de lei de medidas administrativas e fiscais que os acompañan, como veremos hoxe pola tarde.

Con incentivos para aqueles que xeren actividade económica e contribúan a dinamizar o medio rural, en concreto para os que invistan en terras e bens rústicos que se atopen desaproveitados e nunha sociedade de xestión forestal. Pero, a maiores, tamén introducimos novas rebaixas fiscais, con deducións para as persoas que invistan na rehabilitación de inmobles dos centros históricos ou en utilidades económicas relacionadas con eles, e coa eliminación do imposto de actos xurídicos documentados para os que merquen solo industrial das administracións públicas.

En terceiro lugar, máis capacidade de gasto, pois é o orzamento máis elevado dende 2010. Con estes ingresos para o 2018 contaremos cun orzamento de gasto non financeiro de case 9.500 millóns de euros, en concreto 9.487; 266 millóns de euros máis que o orzamento vi-xente.

Levamos tres orzamentos consecutivos expansivos e dispoñemos de 1.000 millóns de euros máis que no ano 2015. Con esta capacidade de gasto estamos xa no orzamento máis elevado dende o ano 2010. Non obstante, se temos en conta que o orzamento de 2009 estaba inflado —como probou a liquidación negativa, que ese ano foi de 1.600 millóns de euros—, estamos xa en niveis reais algo superiores, pero con máis aforro bruto.

Unha simple ollada á evolución do financiamento dos nosos investimentos explica a evolución moi positiva dos últimos anos. Mentres o gasto de capital medra a un ritmo constante dende o ano 2014, o seu financiamento pasa a fundamentarse do recurso á débeda a facelo no aforro, dunha maneira moi clara neste ano 2018. Este é outro dos aspectos máis importantes destes orzamentos, pois co aforro bruto do 2018, con 300 millóns de euros máis en investimento, xa podemos financiar máis da metade deste aforro, máis da metade deste investimento con aforro bruto. Este dato cobra unha relevancia importantísima se consideramos que hai só tres anos só financiábamos con aforro bruto o 13 % dos investimentos, e o ano que vén será máis da metade, en concreto un 54 %. En tan só catro anos multiplicouse por máis de catro o aforro bruto; en 2014 representaba 190 millóns de euros e para o 2018 serán 850.

Menos déficit e menos débeda. No vindeiro exercicio tamén seguiremos rebaixando o déficit público e o endebedamento. Galicia é a comunidade de referencia no control do déficit pú-

blico. Apostamos por unha senda descendente, progresiva, para evitar axustes bruscos, e esta prudencia deu resultado.

Galicia incrementou a débeda seis puntos menos que a media de comunidades autónomas, e no 2018 estaremos xa nunha consolidación fiscal técnica, posto que o endebedamento neto será moi baixo, 193 millóns de euros.

Galicia endebedouse durante a crise con responsabilidade, o que permitiu pasar de estar antes da crise entre as comunidades máis endebedadas a estar na actualidade entre as menos endebedadas.

En 2018 baixaremos xa a ratio débeda/PIB, unha tendencia á baixa que prevemos que se consolidará nos vindeiros anos.

Un novo exemplo de prudencia e responsabilidade no recurso de endebedamento é que Galicia foi a segunda comunidade que menos aumentou a débeda nos últimos catro anos.

Este comportamento responsable ten efectos económicos claros, en catro anos reducimos á metade os xuros da débeda, temos, pois, uns 180 millóns de euros máis para investimentos. E se Galicia se comportase como a media de comunidades autónomas, tería nestes momentos preto de 4.000 millóns de euros máis de débeda a finais do 2017. Insisto en que estes datos van máis alá de estar á cabeza dun ránking, pois o resultado efectivo e co endebedamento per cápita é de máis de 2.000 euros inferior á media, cando antes da crise era idéntico.

Polo tanto, este crecemento en estabilidade permite a Galicia encarar a recta final da consolidación fiscal, reducir a ratio de endebedamento, reforzar o gasto social e impulsar o investimento produtivo; nun momento de incertezas Galicia achega solucións. *(Aplausos.)*

Señorías, presentamos estes orzamentos nun momento de incertezas alleas a Galicia pero que, sen dúbida, poderían ter efectos sobre a nosa sociedade. A afectación concreta sobre o crecemento de Galicia será unha cuestión que teremos que analizar polo miúdo co paso dos meses, sempre con rigor e en función de como se vaian desenvolvendo os acontecementos.

Como é habitual, neste Goberno nos orzamentos para o ano 2018 quixemos ser prudentes, limitando o crecemento estimado do PIB ao 2,5 %, previsión que actualizaremos segundo vaian mudando as circunstancias. Pero como xa dixen, en Galicia aproveitaremos ao máximo a estabilidade que temos e as nosas potencialidades para seguir consolidando a recuperación económica, para manter ese crecemento sostido, para facilitar a creación de postos de traballo estables e de calidade e para priorizar os recursos e as actuacións que as galegas e os galegos nos demandan.

¿Como tratamos de responder a esta conxuntura e de potenciar o crecemento desde as nosas competencias? Elaborando un orzamento realista e útil, presentando á Cámara unhas contas cuns ingresos fiables e cuns gastos perfectamente adaptados á capacidade de financiamento que teñen; achegando benestar ás persoas, priorizando gasto nas persoas con máis e mellores servizos públicos e con máis apoio ás familias, aos dependentes e aos maiores; ache-

gando certezas e oportunidades aos emprendedores e ás empresas, dando máis facilidades aos emprendedores, autónomos e empresas para manter os proxectos en masas, para atraer novos investimentos e para axudalos na apertura de novos mercados para os seus produtos e servizos, ademais de manter o compromiso de pagar as nosas facturas nun período medio que non supere os dez días. Pero coidando os nosos visitantes e buscando captar máis turistas. Apostando por un sector turístico cada vez máis profesionalizado que fidelice os visitantes e que favoreza que Galicia poida recibir turistas a maior parte do ano, e coa vista posta xa en preparar de maneira axeitada o Xacobeo 2021. E fronte a posicións e riscos insolidarios, desde Galicia queremos e seguiremos defendendo a equidade e a igualdade para todos os cidadáns, (*Aplausos.*) mantendo con firmeza que o financiamento para a prestación de servizos públicos ten que ser equitativo, con independencia do lugar de residencia, e que é absolutamente necesario cuantificar de maneira máis axeitada todos os custos singulares que ten a prestación de servizos esenciais en Galicia, mantendo un sistema baseado na igualdade.

Señorías, afortunadamente en Galicia podemos manter estas propostas porque contamos con estabilidade económica, orzamentaria, política e institucional. Estabilidade económica para seguir crescendo e creando emprego; estabilidade orzamentaria para seguir aprobando medidas a prol das galegas e galegos; estabilidade política para manter un proxecto de Goberno e levar á práctica as medidas que se aproban no seu orzamento, e estabilidade institucional para manter o noso autogoberno, a nosa autonomía financeira e a relación leal co resto de administracións.

A nosa obriga como Goberno galego é aproveitar ao máximo esta estabilidade en beneficio dos cidadáns, e ímolo facer. Queremos contribuír a que esta estabilidade beneficie o benestar dos galegos, queremos contribuír a que esta estabilidade favoreza a instalación de empresas en Galicia, axudando dende a Administración a crear as condicións idóneas para atraer novos investimentos, que os emprendedores nos perciban como un lugar seguro para os seus proxectos. Porque desta maneira será máis favorable a creación de emprego de calidade, e queremos que esta estabilidade favoreza, tamén, a inclusión para que as persoas que o necesitan teñan na Administración unha aliada para integrarse na sociedade.

Para que os orzamentos de 2018 sexan un chanzo máis no camiño da recuperación económica e social equitativa, integradora e inclusiva, unha recuperación para todos os galegos e galegas.

A nós, como Goberno galego, tócanos cumprir co noso deber e así nos comprometemos.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor do gasto

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora ao debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

Para esta rolda de defensa das emendas ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Permítame, señor conselleiro, empezar hoxe citando a Bertolt Brecht, que dicía: «A crise prodúcese cando o vello non acaba de morrer e cando o novo non acaba de nacer».

Este proxecto de orzamentos simboliza esa crise do vello, son uns orzamentos que no esencial repiten as mesmas propostas fracasadas de sempre, propostas que, por certo, fixeron que a crise fora máis profunda e que teñen creado desigualdade, empobrecemento da nosa sociedade e un importante sufrimento a miles de galegos e de galegas. É máis, case diría que o seu discurso é calcado do que vostede presentou aquí nos orzamentos do ano pasado.

En todo caso, vemos que vostedes teiman nunha concepción neoliberal, nunha visión desde o punto de vista do desenvolvemento económico depredadora e neocolonial de Galiza e que seguen vostedes sendo alumnos aplicados —o único no que son vostedes aplicados— do centralismo de Rajoy e dos recortes de Montoro. Montoro e, evidentemente, ese centralismo e esa concepción neocolonial e dependente de Galiza, iso si que é veneno para o noso país.

Dende o BNG presentamos unha proposta de devolución, en primeiro lugar por responsabilidade, porque efectivamente cremos que coas mesmas receitas con este modelo vello é imposible poñer en marcha o noso país. Pero tamén porque é a mellor medida para que vostedes rectificaran e, dende logo, cambiaran a deterioración e os recortes por unha política en positivo, por unha política a prol das maiorías sociais.

Dende o BNG temos claro que Galiza precisa dun cambio de rumbo, dun novo modelo económico sólido e de futuro, que confíe no potencial do noso país, que aposte pola redistribución da riqueza, pola igualdade, polo progreso social e pola sustentabilidade.

Pero, sen embargo, vemos como estes orzamentos parten dunha diagnose autocompracente, que non quere recoñecer as debilidades do momento, e o certo é que estamos ante unha precaria recuperación, hai unha desaceleración da economía e un medre das desigualdades.

E para o noso grupo a mensaxe dos orzamentos durante todos estes días nos que se presentaron no Parlamento —e co seu discurso de hoxe— relátanos ou déixanos ante os ollos unha mensaxe preocupante, e é que non teñen realmente un proxecto de país, están instalados na rutina máis decadente e non lles tenden a man a todas esas persoas que realmente están padecendo a crise e o roubo de dereitos. *(Aplausos.)*

Porque miren, se acabou a crise, ¿por que continúan os recortes? Respóndanos, señor Martínez, se acabou a crise, ¿por que continúan os recortes?

Hai unha diagnose que, dende logo, é errada. Efectivamente, estamos nunha situación económica mellor que nos últimos anos, pasamos esa gran recesión, pero iso non significa que Galiza saíra da crise, porque cando a metade dos galegos e das galegas non chegan á fin de

mes, non creo que se poida dicir que Galiza saíu da crise. É máis, seguimos vivindo nunha crise que ten varias dimensións. Permítame que lle relate algunhas.

Hai unha crise da nación, porque Galiza perde posicións, cada vez temos menos peso político, e isto acábano pagando os galegos e as galegas, porque a submisión do señor Feijóo ten un prezo altísimo para este país. Levamos moito tempo denunciando o que pasa, pero é que hai poucos días, a semana pasada, coñeciamos como se nos volvía excluír do corredor atlántico de mercadorías, da Rede transeuropea de transporte, e iso significa perder investimentos, perder oportunidades de modernización do noso ferrocarril e perder, polo tanto, oportunidades económicas.

¿E que fai ante isto o Goberno galego, o rebelde Feijóo? ¿Dicir algo? ¿Plantarse ante Madrid? ¿Convocar unha mobilización como vemos que outros territorios convocan en defensa dos seus intereses? ¡Non!, o rebelde Feijóo o que fai é aplaudir ese recorte e enganar os galegos e galegas dicindo que isto se vai solucionar no 2023, cando saben que é mentira. *(Aplausos.)* As mesmas mentiras que tivemos aquí co veto da AP-9; a mesma submisión que vimos cando rescataban as radiais madrileñas con 4.000 millóns de euros, mentres aquí nos soben as peaxes da AP-9 para o ano que vén; a mesma submisión ante o atraso do AVE, ou a mesma submisión ante os incumprimentos en materia de financiamento. Porque nós temos un sistema de financiamento inxusto, discriminatorio con este país, e o mellor reflexo desa discriminación témolo nos seus orzamentos. Porque, mire, hai outros territorios do Estado que este ano si que superaron o nivel de investimento de 2009, e sen embargo Galiza está por baixo, entre outras consecuencias, por causa desa subordinación e por causa desa falta de defensa dos intereses do noso país.

E, efectivamente, a submisión do señor Feijóo é un artigo de luxo: temos o triplo de débeda que en 2009, pero o Goberno galego dinos que iso é marabilloso; temos unha precariedade e uns servizos públicos máis deteriorados, pero o Goberno galego dinos que esa é unha realidade que se inventa a oposición.

Contamos con 1.500 profesores menos que en 2009, cunha sanidade máis privatizada e con máis lista de espera, pero o Goberno galego dinos que reforza os servizos públicos, e o único que reforzaron vostedes foi a privatización.

E o que nos parece que é un insulto maior a toda a xente que está padecendo as consecuencias dunha política económica ao servizo da banca —pero non ao servizo de Galiza— é que vostede nos diga que as cousas melloran dende o punto de vista social.

O certo é que o que temos é unha Galiza con máis desigualdade e con máis malestar social. Fíxese, datos do propio Instituto Galego de Estatística, o índice Gini, que mide a desigualdade social, é hoxe superior ao que había en 2009, pero é que a taxa de pobreza na actualidade é cinco puntos superior á que había en 2009, e medrou tres veces máis rápida que no conxunto do Estado.

E tamén, señor conselleiro, medrou a precariedade, unha precariedade que é o día a día non só de moitos mozos e mozas, senón tamén de moitas mulleres ou de moitas persoas que ti-

veron a mala sorte de perder o seu emprego cando tiñan corenta anos, e a súa recuperación económica non chega, porque levan moitos anos en paro e non hai ninguén que lles tire unha man, ninguén que os saque desa situación.

E o que vemos é que neste país o único que medran son os salarios do Ibex 35, este ano si que os membros do Ibex 35 teñen un récord de salarios, 644.000 euros ao ano, mentres os galegos e galegas ven como traballan, pero co que gañan cada vez lles dá para menos. Ese é o resultado da política laboral das reformas que impulsaron o Partido Popular e o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Pero, señorías, tamén neste momento existe un malestar democrático, un malestar causado polo roubo de dereitos, polos recortes sociais e polas leis mordazas. Un malestar que nos causa ver como se perseguen ideas, con máis represión política, e como se recortan liberdades fundamentais, porque vostedes son incapaces de aceptar unha realidade, e iso é algo que a nós si que nos ten un custo directo aos galegos e galegas, e é que non aceptan que somos unha nación e que non poden impoñernos pola forza o seu modelo de estado e a súa caduca monarquía.

E miren, non deixa de ser un sarcasmo que o PP, un partido imputado pola corrupción na trama Gürtel, que destruíu a martelazos os discos duros de Bárcenas —e agora xa sabemos que a Alberto Núñez Feijóo isto lle parece correcto, parécelle correcto destruír probas que inculpan a corrupción do Partido Popular, que presuntamente roubaron uns 900 millóns de euros públicos—, veña hoxe dicirnos aquí que vostedes son os campións do cumprimento da lei. O partido da corrupción dinos que son os campións do cumprimento da lei. *(Aplausos.)* Realmente, señorías, agardamos que algún día haxa xustiza e que paguen por todo o dano causado, e por todo o roubado, porque unha parte desta crise tamén está provocada pola corrupción do seu partido.

E miren, como lles dicía ao principio da miña intervención, estes orzamentos representan políticas vellas, fracasadas, políticas que levan conducido a unha grave crise social e nacional no noso país. Vostedes falan dunhas contas expansivas e de recuperación económica, pero isto eu creo que teñen que recoñecer, por rigor —que é unha palabra que utilizan con moita asiduidade nesta Cámara—, que dicir que estas son unhas contas expansivas que nos sacan da crise é realmente unha esaxeración, porque o que estamos vendo é que hai unha desaceleración económica, un orzamento que medra moi por baixo do que medrou nos últimos dous anos, e estamos moi lonxe de recuperar as cifras de 2009; en todo caso, o que se avance non serviu para poder recuperar todo o que recortaron ao longo destes últimos nove anos.

E, efectivamente, esta situación non tiña por que ser así, porque a pesar de que vostedes practiquen o pensamento único, o certo é que..., si, si, nunca hai unha única dirección. E nós o que estamos pagando como sociedade son as consecuencias dunha brutal recentralización e de decisións políticas que non beneficiaron a Galiza. Por exemplo, nós poderíamos ter máis recursos se non houbera un corsé que impide —un corsé que nos impoñen o señor Montoro e o señor Rajoy— que teñamos unha maior capacidade de gasto. Porque aceptaron unhas regras que significa deixar en papel mollado o autogoberno de Galiza, que nin tan sequera podemos decidir o noso nivel de gasto, e aceptan unhas regras nas que o Estado sempre se

queda coa maior parte das posibilidades de maior investimento por endebedamento ou por déficit.

¿E para que utiliza o Estado esa maior capacidade de gasto? ¿Para atender a sanidade, a dependencia? Por certo, que nos deben 150 millóns de euros que non lle queren reclamar ao Estado. (*Aplausos.*) ¿Utilizan o Estado para iso? ¡Non, non!, incrementan un 30 % o gasto militar.

Pero é que son vostedes tamén culpables de asinar un sistema de financiamento inxusto e insuficiente, e de permitir que ese sistema siga vixente a pesar de que sabe que cada ano que pasa é máis negativo para o noso país. Fíxense, neste ano no que estabamos o Goberno central anunciou que ía ter un récord de recadación, mesmo que ía superar as cifras de recadación dos anos previos á crise. Sen embargo, ese récord de recadación do Estado, que tamén pagamos os galegos e as galegas, logo resulta que non se reflicte no investimento de Galiza e temos que seguir soportando recortes en sanidade, en educación ou en servizos públicos.

¿E saben por que pasa isto? Porque, realmente, se estiveron apertando cada vez máis os cidadáns deste país, non para que saíramos da crise, non para que tiveramos mellores servizos públicos, senón para rescatar a banca. (*Aplausos.*) Ese burato dos 50.000 millóns de euros que estamos pagando e que impiden que teñamos uns mellores servizos públicos.

Pero, miren, permítanme neste momento facerlles dous comentarios sobre o cadro macroeconómico. O primeiro é que estes orzamentos contemplan un incremento do PIB do 2,5 %, que é inferior ao que estaba previsto, e o que nos está dicindo é que esa expansividade, ese crecemento sostido, non se dá, e que hoxe temos problemas porque a economía se empeza a desacelerar. Pero, ademais, é rechamante cal é a responsabilidade que teñen as administracións públicas nesta desaceleración da economía, porque cando analizamos os cadros que vostede nos remite a este Parlamento, o que vemos é como precisamente os compoñentes que dependen da Xunta e do Goberno do Estado, como o consumo final das administracións públicas, presentan unha caída en relación co que tiñamos para este ano. É dicir, as administracións públicas reducen o seu consumo, e iso vai significar un lastre na nosa economía.

Pero tamén hai datos macroeconómicos que melloran, evidentemente, pero o que non é certo é que iso signifique que os cidadáns estean en mellores condicións, porque estamos vendo, claramente, como hai síntomas moi preocupantes da fragilidade da economía galega no modelo de desenvolvemento económico, pero tamén no modelo laboral que vostedes están impoñendo.

Os orzamentos sitúan no 14,2 % a taxa de paro para o ano 2018, pero un indicador como a taxa de paro non é un valor absoluto, senón que temos que poñelo en relación cos outros indicadores no mercado laboral, que son os que nos van dicir se as cousas van ben ou se temos algúns aspectos aos que o Goberno galego, polo menos, debería de facer algunha referencia.

O relevante é saber se esta economía está xerando emprego neto ou se, realmente, detrás desa caída do paro está, por exemplo, a emigración.

Eu xa sei que vostedes fan negacionismo da emigración, a pesar de que durante o Goberno de Feijóo emigraron 250.000 persoas no noso país. ¡Case nada! ¡Dálle a risa ao señor Feijóo! Non creo que lles dea tanto a risa aos galegos e galegas que están traballando nun bar en Londres. (*Aplausos.*) ¡Non creo que lles dea a risa!

Pero é que vostedes no seu propio informe económico-financeiro recoñecen que un ano máis unha parte importante da caída da taxa do paro é pola diminución da poboación activa, e, polo tanto, iso o que nos quere dicir é que esa redución da taxa do paro non está relacionada con que medre o emprego, senón con outros factores como o envellecemento, a emigración e esa caída da taxa de poboación activa, que parece, señores, que non lles importa.

Pero é que hai outros indicadores que tamén son importantes e dos que hai que falar. ¿Que tipo de emprego se está creando no noso país? Creo que é unha cuestión importante.

Vemos como hoxe traballan en Galiza algo máis de 1 millón de persoas, que é unha cifra que está por debaixo dos niveis de 2011 e moi por debaixo dos niveis do ano 2009. Pero tamén temos outros indicadores que nos din como esa recuperación económica non está chegando ao emprego. Non sei se ao señor Martínez lle xera algunha reflexión desde o punto de vista político e desde o punto de vista do que está pasando no noso país que o número de horas traballadas en Galiza sexa inferior nun 18 % aos niveis que había no ano 2008 e que mesmo os últimos datos sobre o número de horas traballadas en Galiza no último trimestre deste ano estea por debaixo do ano 2011. É dicir, vostedes falan de recuperación do emprego e, con todo, vemos como en realidade temos un 20 % menos de horas traballadas no ano 2008. Todo isto o que nos está sinalando é que hai unha fragilidade moi forte en relación coa economía do noso país e que temos un problema moi grave pola precariedade dos nosos empregos.

Vostede fixo nun momento referencia a que se estaba cumprindo o Plan estratéxico. Non obstante, nós o que vemos é que os indicadores que temos o que están sinalando é o flagrante incumprimento dos obxectivos que se marcara o Goberno galego neste plan. Vostedes no Plan estratéxico 2010-2014 dicíannos que situaban como obxectivo que o PIB per cápita de Galiza pasase a representar o 95 % do PIB per cápita da Unión Europea en 2014. Non obstante, a situación foi moi distinta, porque, en vez de converxer 6 puntos coa media europea, o que fixemos foi diverxer en 9. E esta brecha segue incrementándose no ano 2015 e os galegos e galegas seguimos tendo un PIB per cápita que é moi inferior ao do Estado e que está moi lonxe das medias europeas. Non sei se a vostede isto lle preocupa ou non; desde logo, ao BNG parécenos unha cuestión que debería polo menos de inquietar o Goberno galego e de romper con ese discurso triunfalista que é absolutamente inútil para poder cambiar as cousas neste país.

En relación cos ingresos, como vostedes recollen a fiscalidade e que nos fala de que estamos mellor porque imos recadar cada vez máis, o certo, señor conselleiro, é que vostedes seguen incidindo en que a progresividade fiscal cada vez sexa menor. E acaba de recoñecer que as súas reformas fiscais do que están privándonos é de recursos para atender mellor as necesidades sociais, porque seguen facendo reformas fiscais que benefician as rendas máis altas. E, desde logo, eu estou convencida de que os traballadores e traballadoras deste país prefiren

que os que máis teñen paguen máis e que haxa un reequilibrio e unha redistribución a través da fiscalidade. Non obstante, non é esa a dirección pola que vostedes camiñan e o que fan é seguir cara a un modelo cada vez máis regresivo.

Evidentemente, Galiza ten unhas competencias en materia fiscal que son moi reducidas —e nós imos debatelo pola tarde—, pero cremos que é necesario abordar reformas fiscais dentro da capacidade que temos e que doten de maior progresividade o IRPF, que se baixe o mínimo exento e se introduza maior progresividade no imposto de patrimonio, do mesmo xeito que cremos que hai aspectos que poderíamos explorar desde o punto de vista fiscal e que non se recollen neste proxecto que vostede nos remite á Cámara, como é gravar as grandes superficies comerciais ou abordar unha fiscalidade verde, que sería moi importante para poder utilizar eses recursos para a ordenación do monte ou para poder frear o abandono do medio rural. En todo caso, pola tarde teremos ocasión de poder debater algunhas destas propostas.

Pero centrémonos agora no que son outras razóns que nos levan a rexeitar estes orzamentos, que son as referidas a como vostedes priorizan o gasto. Evidentemente, as competencias máis importantes que ten Galiza son en materia de sanidade, de educación e de servizos sociais, que son as que teñen o groso dos recursos —digamos que iso é unha obviedade—. Pero nós o que vemos é que estes orzamentos seguen mantendo uns recortes moi importantes en materia educativa, onde vostedes nin tan sequera recuperan o investimento de 2009. E que non é certo que realmente a sanidade estea mellor do que estaba, porque os recursos que hoxe temos non teñen a mesma capacidade de gasto que poderían ter en 2009. E, realmente, deberíamos analízalo en euros constantes, porque estamos tendo menor capacidade para poder investir en sanidade, en educación e noutras materias de servizos sociais.

Preocúpanos moito —e dicíallo na miña intervención— o medre das desigualdades. E algúns dos datos dos seus orzamentos o que están sinalando é como aquí non hai un crecemento san e igual, senón que o que está pasando en Galiza é que se está xestando, que está neste momento unha crise social que se fai cada vez máis profunda, que hai moitas persoas que caeron en risco de pobreza e que non teñen ningunha alternativa neste momento. E o dato que mellor denuncia esta situación é precisamente o da Risga. En 2016 os beneficiarios desta axuda foron aproximadamente 11.000 persoas, vostedes prevén en 2017 unha cifra semellante —unhas 11.300 persoas— e para 2018 a perspectiva que teñen é que o número de persoas que acceden a esta Risga sexa superior, que está ao redor das 11.000.

Pero non sei se a vostede non lle parece preocupante que, con todo o discurso de saída da crise, con todo o discurso de que estamos mellor hoxe, as persoas perceptoras de Risga sexan o dobre das que había no ano 2009. Porque iso quere dicir que, a pesar da recuperación económica, cada vez hai máis xente no noso país que ten un problema, porque ten cronificada unha situación de pobreza e que, polo tanto, esa recuperación non deixa de ser unha quimera.

Do mesmo xeito que para nós é moi importante, polo tanto, abordar o problema do emprego. E aquí hai unha responsabilidade directa que é da Administración e que ten que ver co emprego público. Claro, cada vez que vimos aos orzamentos hai anuncios de convocatorias de

emprego público, que logo en moitos casos se publican pero que non se executan, e esa é unha primeira responsabilidade que ten o Goberno.

Pero cando analizamos a situación desde o punto de vista do emprego público, o certo é que vemos como non hai unha recuperación de todo o emprego que se perdeu durante a crise. En 2009 o número total de empregados públicos en Galiza era de 154.995, cunha presenza dos que se corresponden coa Xunta de Galiza de 89.299. En 2017, son 86.268. Polo tanto, seguen faltando 3.000 empregados públicos. Son datos extraídos das cifras que vostede remite ao Parlamento; se nos dá datos que son falsos, en todo caso díganolo, porque si que me parece que sería grave.

Non obstante, cando examinamos a natureza destes postos, de como evolucionou o emprego público, vemos como o persoal fixo estatutario diminúe, como o persoal funcionario diminúe e como o laboral fixo diminúe. É dicir, que no ámbito no que fixeron creación de emprego público autonómico fíxose con persoal a tempo parcial, interino e laboral temporal.

Mire, pasamos desde o comezo da crise de máis de 75.000 funcionarios a 60.000, de 12.000 temporais e interinos a case 18.000; é dicir, que vostedes o que están facendo é que medre a temporalidade e que baixe o persoal fixo da Administración. E, polo tanto, a contribución da Xunta de Galiza en materia de emprego o que fixo foi aumentar a desigualdade, a inestabilidade laboral e a precariedade. (*Aplausos.*) E isto ten unha incidencia moi grande —sábeo vostede— no emprego feminino, porque a maior parte destes postos de traballo os ocupan mulleres. E, polo tanto, a contribución que vostedes están facendo ao emprego feminino é o da desigualdade.

Pero, evidentemente, hai outros elementos nos que a Xunta de Galiza pode incidir á hora de modificar o modelo económico e á hora de apostar pola creación de emprego de calidade. E vostedes situaron Galiza no vagón de cola da innovación. Esa é a contribución que vostedes teñen feito a esta materia. E —permítame— hoxe mesmo recolle un medio de comunicación —*La Voz de Galicia*— unha noticia que creo que merece que polo menos vostede escoite a valoración que fai a Comisión Europea sobre o tema da innovación. Di, en relación con isto, que Galiza ocupa un posto rezagado, a remolque, sen conseguir frear a fuga de cerebros. E unha boa parte da responsabilidade é a política de baixa calidade do Goberno, que obstaculiza o desenvolvemento económico e reduce os efectos do investimento público, incluído o cofinanciamento pola política de cohesión. «O Executivo comunitario suspende a Galiza no seu exame de 2017. Segundo o Executivo comunitario, sería necesario menos corrupción, máis eficacia da xustiza, máis transparencia e melloras no mercado laboral, porque, sen cambiar iso, será imposible impulsar a economía e evitar a emigración da poboación do territorio».

E estes orzamentos seguen sen corrixir un problema estrutural gravísimo e que nos vai hipotecar para o futuro, como son os recortes que fixeron en materia de innovación, porque a suba que fan é moi pequena e, desde logo, non compensa todo o que fixeron.

Tampouco vemos en materia económica que vostedes teñan ningunha alternativa solvente, e mesmo en ámbitos importantes, como pode ser a industria, a enerxía, o desenvolvemento empresarial, a promoción de solo económico. En materia de eficiencia enerxética e enerxías

renovables vostedes presentan recortes importantes, o mesmo que en emprego, en valoración do medio rural, en actuacións de carácter xeral. É dicir, vemos nestes orzamentos como aspectos que serían importantes para mellorar a situación económica do país tam-pouco teñen o sostén económico necesario, e, polo tanto, inciden nun modelo que pensamos que é un modelo regresivo.

E, como temos pouco tempo, non quixera deixar de facer mención a un ámbito que é central en calquera política nunha nación como a nosa, cunha lingua e unha cultura de seu, e vemos como continúa a asfixia económica. É certo que en 2008 medran os fondos para a normalización, pero realmente son un terzo dos que había no ano 2009. Vostedes prevén hoxe 6,8 millóns, fronte aos 21 que destinaba a Xunta de Galiza no 2009. Tampouco hai un apoio pola cultura, pola lectura. Vemos como en bibliotecas, arquivos e fomento da lectura é a metade do que había en 2009. Na adquisición de fondos de libros para bibliotecas, a metade do que había no 2009. Na edición do libro en galego, un terzo do que había no ano 2009. En definitiva, unha miseria para enfrontar o grave problema desde o punto de vista social que ten hoxe a nosa lingua e a necesidade que ten a nosa cultura de apoio.

Pero hai unha parte final á que si me gustaría facer mención e que ten que ver co medio rural. Estes orzamentos fan como que a vaga de lumes non existiu, e non fixeron ningunha rectificación en relación con que se necesita un cambio na política forestal, e mesmo recollen redución de investimento en prevención de incendios, redución nas transferencias a entidades locais para facer traballos de prevención ou reducións na Axencia Galega de Emerxencias, que estamos vendo que é un ámbito no que se necesita mellorar.

E, polo tanto, nós vemos que nese sentido a Xunta de Galiza presenta unhas contas que que- ren facer como que non existiu un desastre ecolóxico e que non prevén un plan de recupe- ración integral, un plan de recuperación desde o punto de vista medioambiental, pero tamén desde o punto de vista económico.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato, se mo permite, señor presidente, simplemente cunha última reflexión.

Os orzamentos non deixan de ser unha declaración de intencións, e nós o que vemos é, como ao longo destes anos, a Xunta de Galiza investiu deficientemente naqueles aspectos que son máis importantes, como era investir nos investimentos reais, onde os niveis de execución ao longo destes anos foron realmente baixos. E hoxe vén aquí presentar as contas públicas e vemos como consellerías como a de Medio Ambiente, Economía, Medio Rural ou a Conse- llería do Mar están nun 30 % de execución a 30 de setembro, e vemos como o grao de exe- cución de capítulos que teñen que ver con investimentos reais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e transferencias de capital a 30 de setembro se sitúa no 35 % e no 29,42 %. E isto está indicando que nos aspectos máis importantes o seu Goberno

durante este ano, en vez de ser un motor da economía e ter xa case executadas a esta altura todas esas transferencias...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO:pois parece que deixa ou todo para o final de ano ou todo sen executar. E esa é unha moi mala noticia para este país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Pontón, moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señores deputados, señor presidente.

A verdade é que esta discusión dos orzamentos xerais do Estado para o 2018 debería ser unha boa ocasión para definir prioridades, para ver... *(Murmurios.)* —¿Perdón? De Galicia, orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2018, perdón—... que pretendemos os representantes electos da nosa sociedade.

Permítanme que a nosa resposta tome do último libro de Antón Costas a idea de que a maior intensidade da crise española e galega, co malestar social e as convulsións políticas que acompañaron a mesma, tivo como resultado unha ruptura do contrato social que estivo vixente desde o inicio da democracia; un contrato social que implicaba ter, por unha parte, confianza no sistema de mercado como produtor de eficiencia, de crecemento, pero tamén no Estado democrático como instrumento de redistribución e de creación de igualdade de oportunidades, que en Galicia e en España significan tamén confianza na descentralización.

E coa crise quebrouse este nexos entre mercado e progreso social, en parte porque xa desde antes da crise en todo o mundo occidental se estaba reforzando —digamos— o poder do capital, como ben explicou Piketty nun libro que tivo moito éxito sobre a desigualdade. Pero na propia crise, todas as dilucións, os cambios que alimentou e as políticas de austeridade propiamente europeas, que hoxe están sendo cuestionadas desde a propia dirección da Comisión, pois tiveron un papel. E nesta quebra, nesta fenda, floreceron solucións que pretenden ou ben evacuar do noso futuro funcionamento do mercado, sen sabermos ben por que instrumento vai ser substituído este, ou ben pretenden reducir substancialmente o papel do sector público apoiándose nunha lectura falsa das causas da crise e limitando o seu coñecemento social e redistribuidor.

Para nós, polo contrario, trátase doutra cousa. Trátase de recompoñer ese contrato social, adaptándoo ás novas circunstancias da construción europea, da globalización, do novo modelo de crecemento industrial, aprendendo do sucedido; restablecer un contrato social baseado na profundización da democracia, na consecución da prosperidade por medio dunha

economía de mercado xusta, dun tratamento digno do esforzo e do traballo, da consolidación do Estado do benestar e da autonomía política.

Isto é o que desde hai máis de dous séculos ou dous séculos e medio os filósofos sociais tenden a chamar «a boa sociedade», adaptada ao noso tempo. Un nobel de economía recente, o profesor Shiller, definía «a boa sociedade» como aquela na que cada un de nós aspiramos a vivir: unha sociedade igualitaria, unha sociedade na que o respecto e o apoio aos demais estea garantido.

Levamos case catro anos de recuperación económica, levamos moitos trimestres medrando ao redor do 3 % en termos reais. E quizais a boa pregunta sexa se nos estamos aproximando, despois deste tempo de crecemento sostido —que supoño que todos recoñecemos—, á boa sociedade, se nos estamos aproximando ao ideal dunha boa vida para todos, unha boa vida na que a liberdade gañe espazos fronte á necesidade na que conseguimos diminuír os riscos e na que as oportunidades aumentan.

¿Está o orzamento da Xunta de Galicia ben orientado para facilitar a vida dos galegos nesta dirección? A nosa resposta, sinteticamente, é negativa, e imos intentar explicar por que, en tres razóns. Porque se basea nun crecemento socialmente desequilibrado, sen que existan mecanismos nos propio orzamento que contribúan a reducir este desequilibrio. Porque renuncia a unha política de ingresos que actúe sobre a equidade e a eficiencia e, por tanto, reduce a base fiscal da Xunta de Galicia e a súa propia capacidade de actuar a través do gasto sobre os elementos de desigualdade. E, terceiro, porque afianza un modelo de actuación que con inercia evita recuperar suficientemente o futuro e actuar sobre as dificultades que ten no presente a nosa sociedade.

Permítanme empezar, entón, polo contexto macroeconómico. As previsións macroeconómicas que manexa a Xunta de Galicia indican, nunha liña amplamente compartida por moitos analistas, unha notable desaceleración do crecemento para o ano 2018, unha caída case dun 20 % dese ritmo de crecemento.

Pero permítanme citarles unhas liñas do seu informe económico-financeiro, na páxina 21, onde eu creo que, nun ataque de sinceridade que todos celebramos, nos din que —cito textualmente—: «Estas menores taxas de crecemento potencial son problemáticas por diversos motivos. 1. Dificultan a mellora dos niveis de vida dos máis pobres. 2. Fan máis dolorosa a distribución da renda e da riqueza. 3. Desincentiva os investimentos que favorezan a produtividade. 4. Afectan a sostibilidade das redes de protección social con financiamento público. 5. E avivan o resentimento político ao truncar as esperanzas no futuro e socavar a confianza e a equidade nos resultados económicos». Isto é o que nos di o seu informe económico e financeiro, na páxina 21. Non podemos estar máis de acordo. É unha descrición veraz dos problemas que ten a sociedade galega: pobreza, desigualdade, estrés económico, desincentivos ao crecemento.

E a primeira pregunta que nos facemos é se esas cuestións, que vostedes describen tan verazmente, teñen unha resposta adecuada, unha resposta xusta e necesaria nas contas presentadas a esta Cámara. E a nosa opinión volve ser negativa. Diríamos que a Xunta de Galicia

é consciente das dificultades sen reaccionar máis que moi parcialmente. Hai algunha pequena reacción —admitollelo— ás mesmas, como un médico que diagnostica perfectamente as enfermidades dun paciente que entra na súa consulta pero mándao para a casa prescribindo o de sempre e confiando no efecto placebo. É a Xunta de Galicia do efecto placebo a que nos presenta as contas do ano 2018, confiando en que, repetindo a todas horas que estamos mellor, esquezamos as dificultades. (*Aplausos.*)

Cóntannos tamén —e eu estou de acordo— que as dificultades que ten o ritmo de crecemento dependen basicamente dos efectos externos. Se facemos caso do ministro de Economía español, achaca á crise catalá e á incerteza xerada pola mesma unha caída do ritmo de crecemento do 0,5 %, que é aproximadamente o que prevén as contas para Galicia. Isto suporía sobre 300 millóns de euros no caso de Galicia en termos de PIB, e en postos de traballo uns 3.000 empregos menos, así como unha caída de ingresos autonómicos de arredor de 60 millóns de euros aproximadamente. E teño que dicir que para min son custos moi sensibles que indican como comportamentos políticos irresponsables están afectando o noso benestar colectivo desde áreas aparentemente moi lonxe de nós.

Claro que tamén hai outros factores externos, como son a suba do prezo do petróleo, a desaceleración do crecemento no Reino Unido —que xa empeza a notarse— e algúns outros. Non todo é Cataluña, pero Cataluña é moi importante. E eu o que pregunto é como combatemos estes efectos, porque sobre isto temos escasa capacidade de actuación directa. Xustamente, é a nosa dependencia dos mercados externos a que converte estes problemas en graves e nos deixa con escasa capacidade de reacción. Se todo depende dos outros, ¿que estamos facendo co noso autogoberno? A nosa idea é que o noso autogoberno si serve, pero son as opcións de inercia, conservadoras, escollidas por este Goberno da Xunta as que explican esta incapacidade.

Imos dedicarlle algúns minutos a comentar algúns aspectos do cadro macroeconómico en primeiro lugar.

Cando discutimos o teito de gasto, xa advertimos que na nosa opinión as dificultades que ten a nosa economía é como se tivera un dos seus motores, o da demanda interna, gripado e funciona con outro motor que está comportándose ben, que é o da demanda internacional dos nosos produtos.

A expansión económica está moito máis influída pola demanda internacional que en España. A debilidade do comportamento dos factores que dependen de axentes interiores é máis profunda en Galicia; é moi específico en Galicia. Algo pasa. E cando existe un bloqueo na decisión dos axentes privados, familias que non consomen dabondo, empresas que son reticentes a investir, é a acción pública a que debe saír ao rescate. Isto é o que aprendemos das crises, pero non é o que fai o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, entrampado nunha ideoloxía de austeridade que hoxe segue a prescribir sangrías a un enfermo que segue precisando aínda dalgunhas transfusións, como indica a enorme taxa de paro que aínda seguimos arrastrando sobre todo entre a poboación xove.

Son os propios organismos internacionais os que defenden a necesidade de subir os salarios, é dicir, de actuar sobre a demanda interna para apuntalar a recuperación. Acaba de dicilo

hai moi pouco tempo a Comisión Europea, o seu presidente. O Fondo Monetario Internacional insiste na mesma idea. Para combater a excrese política é preciso recompoñer o contrato social básico, e isto pasa hoxe por reducir substancialmente o precariado social. Máis emprego, emprego con máis estabilidade e salarios dignos serían a receita adecuada, como unha cuestión de equidade, para reducir as desigualdades excesivas.

Hoxe o peso porcentual que teñen as rendas salariais en Galicia é o máis baixo da serie histórica, véñse reducindo progresivamente desde o ano 2009 e hoxe está no punto máis baixo da serie histórica, polas novas formas de relación laboral seguramente, pola menor base de ocupados da nosa economía, pero tamén porque os incrementos de produtividade que se produciron desde ese ano se trasladaron de forma moi pouco intensa aos salarios e, en cambio, o excedente bruto da explotación, as ganancias e as rendas mixtas, pesan máis que nunca na serie histórica; son outro compoñente; se un está máis baixo que nunca, o outro está máis alto. Diríamos que no conflito económico entre o traballo e o capital está ganando este último e o Goberno de Alberto Núñez Feijóo está colaborando.

Pero tamén debemos recompoñer ese contrato social básico por unha cuestión de eficiencia e non só de equidade. A economía —e, en concreto, a galega— comportaríase de xeito máis estable, produciría máis confianza, alentaría bos comportamentos económicos nos traballadores e nas empresas se funcionase con dous motores en vez de cun motor.

O axuste salarial continúa, pese á recuperación do emprego, seguramente porque a crise supuxo un cambio nas regras de xogo, e por iso é necesario revisar, é necesario eliminar a reforma laboral do ano 2012, dando marcha atrás a elementos que reducen substancialmente a capacidade de negociación dos representantes dos traballadores.

Os salarios en Galicia, en relación con España, non melloran, pese a que temos unha taxa de desemprego lixeiramente inferior e un comportamento máis favorable da produtividade. Algo non está funcionando ben no mercado laboral cando suceden estas cousas.

O axuste salarial debería permitir recompoñer os beneficios e, a través dos beneficios, actuar sobre as taxas de crecemento, impulsando o investimento produtivo, creando unha dinámica de investimentos produtivos e por esta vía pois recuperando máis emprego que en España, permitindo ao final que todos nos beneficiáramos destas condicións.

Pero esta historia feliz non está a suceder. O segundo motor, ese que está gripado, do avión da economía continúa sen funcionar. E posiblemente o fallo estea en que algúns dos mecanismos que trasladan os beneficios ao emprego por esa vía están obturados. E o mecánico debería ser capaz de reparar ese funcionamento e permitir que isto funcionase adecuadamente. O mecánico, sen dúbida, é a Xunta de Galicia neste caso.

¿Por que non funcionan? Pois posiblemente porque está operando a sinxela ecuación keynesiana que liga a taxa de aforro ao nivel de renda. Ao reforzarse as rendas altas, o aforro dispárase, e isto debería permitir o investimento, pero, como todos sabemos ben despois de Keynes, aforro e investimento teñen determinantes diferentes, e pode subir a taxa de aforro pero o investimento non funcionar adecuadamente.

Recentemente o BBVA publicou unha estatística da relación entre créditos e depósitos a nivel de comunidades autónomas. Pois Galicia está no máis baixo da táboa, só mellor que unha comunidade autónoma. Temos un desequilibrio, é dicir, depósitos inferiores ao crédito, ao redor do 20 % do produto interior bruto, que é un desequilibrio maiúsculo. Quérese dicir: podemos discutir as cifras, pero quedemos coa tendencia; isto quere dicir que están saíndo recursos financeiros de Galicia pola vía do sistema bancario —e seguramente tamén pola vía doutros mercados de capitais—, impedindo ritmos de crecemento superiores á media española. Son outras áreas en España e noutros países as que reciben o produto social do esforzo dos galegos; poden medrar máis e crean máis emprego porque o noso aforro atopa alí oportunidades de investimento que non ve en Galicia. E neste contexto mecánico ten que actuar.

As ferramentas que está utilizando, os procedementos que está utilizando para desbloquear ese motor non están operando, e, para prender o motor, seguramente non hai outra forma máis que introducir máis combustible na economía, gastando máis e mellor, e favorecer as rendas salariais, sobre todo as máis baixas. A nosa tese é que reforzar as rendas salariais tería efectos máis positivos sobre o crecemento do emprego e sobre os ingresos da Xunta de Galicia.

Falemos un pouquiño da conexión externa. É certo —vostede díxoo—: as exportacións están indo ben; temos no comercio internacional, estritamente, unhas contas moi positivas. A nós isto parécenos ben, parécenos perfecto, pero é certo tamén que as exportacións están demasiado centradas na Unión Europea, dependen dun número reducido de sectores e de empresas.

Hai traballo a facer para ampliar a base exportadora, para diversificar as producións e os mercados, porque a Unión Europea é un mercado maduro e o crecemento maior das exportacións dependería de poder entrar en mercados que teñen perspectivas de expansión moito máis altas no futuro. Sobre todo debemos saber que este superávit comercial internacional ten a súa contrapartida nun intenso déficit comercial interrexional co resto de España, a diferenza do que sucede noutras comunidades autónomas; compramos moito máis do que vendemos ao resto de España. Hai aquí un traballo por facer, hai aquí un traballo que debería preocuparnos tamén; non é só o mercado internacional; estamos vendendo moito máis a España do que vendemos no mercado internacional, e aí temos un serio desequilibrio das nosas contas exteriores.

Pero tamén nos servizos. O que están medrando máis nos servizos son os servizos avanzados ás empresas, e nese rubro concreto, nesa partida concreta, temos un desequilibrio maiúsculo. Galicia ten que avanzar moito máis e debemos ter unha política pública específica nesta dirección, utilizando todos aqueles mecanismos que pode ter a Xunta de Galicia, incluído o seu gran poder de compra, para facer que as empresas sitúen en Galicia centros de produción de servizos avanzados, onde seríamos capaces de xerar empregos de alta calidade e ben pagados.

Tamén o cadro macroeconómico nos está indicando que en Galicia existe unha débil relación entre a expansión económica e a creación de emprego. Temos unha regra de Okun moi débil.

En Galicia cada punto adicional de crecemento do PIB produce menos ocupación neta que en España, e xa non falamos de Portugal. E se non temos un maior volume de desemprego é porque temos unha incorporación de xoves á poboación activa que, como consecuencia de que levamos arrastrando máis de vinte anos a caída da fecundidade, é moi limitada, e, por tanto, é a redución da poboación activa a que está afectando de forma positiva as nosas taxas de paro, non porque creemos máis emprego, senón porque non incorporamos tantos xoves como deberamos.

Por último, rapidamente, unha ollada á converxencia económica. Escaso foi o camiño percorrido desde o ano 2008, apenas un punto de ganancia en termos de comparación co resto de España e desde logo unha perda notable en comparación co conxunto de Europa, pero a totalidade e un pouco máis dese incremento débese ao axuste demográfico específico de Galicia, porque reducimos o noso peso demográfico sobre España e reducimos —pero un pouco menos— o noso peso económico. E, por tanto, todo o aporte para a converxencia vén do lado da demografía, en negativo. E non podemos intentar converter o que vostedes definen como grave problema de Galicia para o futuro, como é unha demografía regresiva, naquilo que nos está favorecendo economicamente agora.

Por tanto, a primeira conclusión é que, para restablecer o contrato social básico, para favorecer unha economía inclusiva e un crecemento reforzado, deben cambiar a política económica que nos presentan nestes orzamentos.

Temos unha segunda conclusión, que vou explicar de forma un pouco máis sintética, e é que a recuperación económica non se traslada aos ingresos da Xunta de Galicia coa suficiente intensidade por decisión do seu Goberno. Temos un nivel de ingresos públicos que é parecido ao de Lituania ou de Polonia, moi lonxe dos de Dinamarca, Finlandia, Alemaña ou Francia. ¿A quen queremos parecer nos? Non podemos ter servizos de benestar dos países nórdicos, non podemos ter unha política das familias como a de Francia ou a de Suecia, unha política educativa como Finlandia, se ao mesmo tempo queremos ter unha fiscalidade como a de Lituania ou a de Polonia. E temos que decidir a quen queremos parecer nos.

E a nós non nos parece mal que existan impostos, porque estes son necesarios para garantir a suficiencia das contas públicas, a curto prazo e sobre todo a medio e longo prazo. A súa opción é un risco a medio prazo, porque imos ter unha poboación máis avellentada, que vai pesar decisivamente sobre as contas sanitarias, sobre o gasto sanitario, sobre o gasto social, e necesitamos recursos para poder enfrontarnos a estes retos. Necesitamos recursos para poder enfrontar a redución progresiva que vai haber dos fondos europeos como consecuencia de moitas cousas, entre outras o propio *Brexit*, que afecta estas contas. Por tanto, temos que ter unha política de ingresos que mire ao medio e longo prazo e que fuxa do curtpracismo.

Sobre a regra de gasto, teño que dicirlles que compartimos o principio, pero xa advertimos ao discutir o teito de gasto que a forma de determinar esta regra polo Ministerio de Facenda é excesivamente conservadora. O señor Montoro comprometérase a revisar esta regra para o ano 2017 e non o fixo, acentuando o sesgo conservador na aplicación do principio de estabilidade ás finanzas públicas en toda España.

Sobre o sistema de financiamento, deben recoñecer comigo que toda a marxe financeira das contas de 2018 dependen do sistema de financiamento autonómico, do esforzo que fai o sistema de financiamento autonómico. O problema non era o sistema en relación coa suficiencia, o problema era a situación económica sobre a que operaba, e, por tanto, vostedes deberían ser un pouco máis modestos con isto e incluso, en fin, deberían dar desculpas polas avaliacións que fixeron do mesmo.

Hai que revisar o sistema, si, porque é un sistema excesivamente complexo e porque é un sistema que non garante a equidade —e estamos de acordo con iso— e pouco transparente. E, nese sentido, a miña pregunta é: ¿cando teremos algunha noticia sobre este asunto?

Señor conselleiro, entoe esa famosa canción: «dígame cando, cando, cando». ¿Cando imos ter algunha noticia sobre o sistema de financiamento? ¿Vai ser no 2017, no 2018? Levamos agardando desde o ano 2014 pola revisión do sistema, debería ser hora xa de que tiveramos algunha noticia.

En relación coa débeda e o déficit, hoxe temos a débeda autonómica en Galicia máis alta da historia, si, aínda que é sustentable e que resiste ben a comparación con outras comunidades autónomas —non estou dicindo que non poidamos pagala no futuro— e resiste ben a comparación. Pero temos tamén que dicir que o austero señor Feijóo é o responsable de sete de cada dez euros de débeda que temos hoxe, sete de cada dez, e os outros tres son na súa proporción máis alta imputables ao señor Fraga. Resulta que o derrochador señor Touriño é responsable de menos dun euro de cada dez de débeda, e o austero señor Feijóo de sete de cada dez. Teñamos isto en conta cando miramos cun pouco de perspectiva o que está pasando.

Pero a débeda non é un problema hoxe, non é un problema. Tanto é así que a miña proposta é aumentala un pouco máis. Vostedes levan unha senda de consolidación que reduce a posibilidade de gasto da Comunidade Autónoma no 2017 e no 2018, 60 millóns, un pouco máis xa este ano, que poderían ser dedicados ao investimento, en conxunto máis de 120 millóns de euros en dous anos. Sería outro elemento dunha política económica máis expansiva, que podería prender ese motor da demanda interna con máis intensidade, máxime cando o investimento económico segue estando baixo mínimos na súa execución, non nas cifras que aparecen no orzamento, senón na súa execución. O ano 2016, o ano de máis baixo investimento dos últimos quince, en execución, en obrigas recoñecidas, se incluimos todos os gastos de capital, que sería a mellor forma de facelo para non facernos trampas uns e outros.

Esa opción voluntaria do Goberno galego implica tamén renunciar a pelexar por unha xusta distribución dos niveis de débeda entre as administracións públicas, unha máis xusta distribución, unha disputa na que o señor Montoro é xuíz e parte: consiste en que el queda coa maior parte da débeda do déficit e, por tanto, da incorporación a débeda e lles deixa só, en fin, algúns restos ás comunidades autónomas e nada aos concellos. Por tanto, isto é unha pelexa que debería interesarnos tamén a todos.

Claro que, se renuncian ás posibilidades de investimento, ¿por que se van preocupar por isto? Se renuncian ás posibilidades de endebedamento para financiar investimentos, ¿por

que se van preocupar por isto? Seguen estando nunha aposta excesiva pola consolidación fiscal e o axuste, que é un problema para a estabilidade económica, para impulsar un crecemento económico moito máis alto.

E, por último, sobre a fiscalidade autonómica, moi rapidamente. Un poeta estadounidense do século XIX, pouco coñecido, dicíanos que os impostos son o prezo que temos que pagar por unha sociedade civilizada. Por tanto, nós non lle temos medo a falar dos impostos. A boa sociedade que nós preconizamos exige un nivel de impostos razoable, con progresividade fiscal, impostos universais e ben xestionados. Non temos alerxia a nada disto; si a un deseño equivocado, si a unha regulación complexa, si a que non existan criterios xerais, si a que exista unha fraude excesiva, si a que exista un nivel de impostos tamén demasiado alto.

Pero parécenos que a política tributaria autonómica nos últimos anos equivocouse, primeiro porque reduce a suficiencia, por tanto, a capacidade de ofrecer servizos públicos de calidade, e, segundo, porque non ofrece bo rendemento, nin en termos de equidade nin en termos de contribución ao crecemento. En termos de equidade, porque cunha desigualdade á alza, como vimos antes, impulsar a erosión dos impostos directos mentres se manteñen os indirectos —porque vostedes sobre estes non teñen demasiada capacidade normativa— pois acaba facendo que esa desigualdade poida ser maior que nunca, acaba reforzando o capital fronte a rendas do traballo, cos efectos que xa vemos despois cando vemos a contribución de cada factor de produción ao PIB.

Pero tamén en canto a eficiencia. Nós preferimos impostos máis simples, máis neutrais, con tratamentos máis universais, en vez dun variado menú de beneficios fiscais, de difícil avaliación, que favorecen a poucos e sobre todo favorecen aqueles que teñen bos asesores fiscais e dificultan o cumprimento das obrigas, xerando de novo máis desigualdades, sobre todo porque somos escépticos sobre os efectos que isto pode ter sobre o crecemento económico.

¿Conseguíu a Xunta por medio dos incentivos fiscais favorecer o crecemento? Coa súa política no medio rural, resulta que os empregos rurais baixaron de 117.000 no ano 2008 a 70.000 no ano 2016, resulta que a superficie agraria útil ten unha redución en termos de declaracións á PAC de máis dun 20 % nos últimos anos e a aparición de novas empresas en Galicia está moi por debaixo da contribución de Galicia á economía. ¿Onde están os efectos positivos deses incentivos? Terían que explicarnos onde están.

Por tanto, outra política tributaria é posible, unha política tributaria que leve á progresividade, a actuar sobre os impostos directos, e que reforza a fiscalidade verde, cun duplo dividendo fiscal. Iso é o que nós queremos.

Moi rapidamente, no perfil de gasto, cremos tamén que aquí é posible unha política económica e social diferente. Falta un proxecto para o país, falta unha estratexia de integración social e de crecemento económico. As feridas sociais son tan fondas que poñer algúns remendos nun traxe tan desgastado o que fai é que os estragos destaquen máis. As sinerxías ineficaces están tan consolidadas no programa de modernización que dá igual onde sitúen os recursos a maiores. Non hai intensidade de resposta ás urxencias de hoxe nin unha pre-

paración eficaz para mañá. Esa é a nosa terceira conclusión, que o noso deputado Abel Losada explicará seguramente á tarde con máis detalle.

Fíxense en materia de persoal: reservan 80 millóns de euros a expensas da decisión das Cortes Xerais sobre os orzamentos da Administración para o ano 2018. Ademais de renunciar a parte da débeda autorizada e de reducir a recadación propia na fiscalidade autonómica, esterilizan máis dunha cuarta parte da marxe dispoñible para o 2018. Está no orzamento, pero non se toca.

¿Que é o que propoñemos nós? Nós propoñemos usalo, para comezar a devolver ao persoal da Xunta de Galicia as pagas extras non aboadas e, sobre todo, para impulsar unha política de rexeneración dos servizos públicos básicos.

A Xunta de Galicia carece dun plan consistente para a mellora dos servizos públicos básicos. As moderadas subidas de recursos para a sanidade ou educación apenas permiten atender as subas salariais en materia de persoal. Destinar a metade desa cifra —40 millóns— a pór en marcha un plan para o reforzamento dos cadros de persoal en sanidade e en educación permitiría empezar a repoñer o que se perdeu durante a crise.

Fíxense: vostedes falan tanto do plurilingüismo pero despois teñen as bolsas Erasmus máis baixas das comunidades autónomas españolas. E isto afecta, sobre todo, impedindo a mobilidade exterior e reforzar o coñecemento do idioma ás persoas, ás familias que teñen unhas rendas máis baixas.

A incorporación ao mercado de traballo da nosa mocidade debería de ser fundamental, cun 33 % de desemprego. ¿Pero que mensaxe lle damos? ¿Hai esforzos adicionais na formación para o emprego, por exemplo, que debe ter tanta importancia?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Un minuto.

Existe unha recuperación do investimento desde os valores mínimos do período 2013 a 2016, pero é un esforzo moi insuficiente, e sobre todo unha capacidade de execución aínda moi por debaixo —xa digo—, no ano 2016 a máis baixa de todos os anos da crise, non chegando sequer aos 900 millóns, cando no ano 2008 estabamos falando de execucións por riba dos 2.000 millóns de euros.

En fin, a Xunta de Galicia carece dunha reflexión necesaria sobre o déficit de execución do orzamento e ten carencias graves nas políticas de emprego ou na política de promoción de solo industrial.

Remato xa, señor presidente.

Propoñemos a devolución do orzamento, e propoñémolo porque o contrato social básico da nosa democracia seguirá maltreito, non conseguiremos aproximarnos ao ideal da boa sociedade coa velocidade requirida.

Keynes, en 1930, en Madrid, nunha conferencia moi coñecida, alertaba, nunha situación de gran depresión como a que vivimos hai ben pouco tempo, contra o pesimismo dos revolucionarios, que consideraban que só un cambio traumático podería mellorar as cousas de tan mal que estaban, e contra o pesimismo dos reaccionarios, que consideraban tan precario o estado da vida social que os experimentos estaban descartados.

Eu fago votos para que os pesimismos non sexan hoxe, outra vez, un obstáculo para o progreso social en igualdade e unha democracia de máis calidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben desde a tribuna de invitados.*)

Por favor, aos visitantes que hoxe nos acompañan, non se poden facer manifestacións dende a tribuna.

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

A pregunta a respostar é evidente: se temos a mesma riqueza que no ano 2009, que antes da crise, ¿por que temos que vivir peor? Suba aquí e contéstenos esa pregunta, con iso abóndananos, e xa daremos por ben resolto o debate orzamentario.

¿Por que co mesmo produto interior bruto, coa mesma riqueza nacional galega, temos un orzamento un 23 % inferior a 2009?, e dicimos 2009 porque foi o ano que vostede tomou como referencia do ano de antes da crise, dos orzamentos de antes da crise.

¿Por que a riqueza nacional non serve para recuperar dereitos para a cidadanía? ¿Por que, habendo riqueza, o Goberno non fai uns orzamentos que pensen na xente, que se ocupen da xente e que recollan a xente que foi o Goberno deixando atrás durante estes anos?

¿Por que non hai o mesmo emprego que antes da crise? ¿Por que non hai os mesmos dereitos que antes da crise? ¿Por que non hai os mesmos recursos para atender os servizos públicos que antes da crise? ¿Por que? Pois porque son vostedes uns incompetentes que non saben xestionar. Porque son vostedes un goberno que decidiu abandonar a poboación, como o fixeron durante a vaga de lumes.

E desta volta xa non vale tirar do crédito, tirar do crédito da súa boa imaxe, porque a súa boa imaxe, a imaxe de bos xestores, quedou queimada durante a vaga de lumes. A Feijóo

queimóuselle esa fachada durante os lumes e ninguén confía xa nese crédito que está absolutamente amortizado. Ninguén confía nun goberno que non se preocupa dos problemas da xente.

¿E cales son os problemas da xente, dos que aquí se falou pouco?

En primeiro lugar, o emprego. 230 millóns de euros menos para políticas de emprego que no ano 2009, ano que vostede tomou de referencia. Pero non nos fai falta ir ao ano 2009, como despois demostraremos, porque, en relación co propio ano 2017, para políticas de emprego hai 1,5 millóns de euros menos que no exercicio anterior. As preocupacións da xente son a xustiza social, os servizos básicos, a igualdade de oportunidades.

Pois ben, atopámonos en sanidade, con relación a ese ano 2009, con 397 millóns de euros menos. Para educación, 436 millóns de euros menos. Infraestruturas, un 50 % menos de investimento. En industria, un 33 % menos. Para a promoción do solo para actividades económicas, 11 millóns de euros menos. Para industria, 13 millóns menos que en 2017. Un recorte nominal tamén para o ano 2018.

Non imos falar nada da mocidade emigrada, sen políticas activas de emprego dirixidas explicitamente a buscar o retorno da poboación emigrada, da nosa xente moza que está en idade de traballar e en idade reprodutiva. ¡Despois estráñase de que a natalidade caia! Cae porque a xente que pode levantar a taxa de natalidade está fóra, e está fóra porque vostedes os expulsaron coas súas políticas activas de emigración. Sen servizos públicos básicos, sen expectativas de futuro para esa mocidade, nin a que emigra nin a que queda, que ten que conformarse con vivir ao día.

E tampouco uns orzamentos que non pensan en recuperar un territorio asolado polos lumes, polos lumes da súa incompetencia, non soamente na xestión da fin de semana, senón todo o que veu despois e a incapacidade para reaccionar mediante unhas medidas anunciadas, sen ningún tipo de orzamentación.

Vostedes apresuráronse a vir aquí presentar os orzamentos, e podían telos presentado con posterioridade, sen necesidade de esperar a posteriormente no trámite de emendas facelo; podían terse atrasado unhas semanas e podíamos telos feito con eses axustes orzamentarios para pensar na recuperación integral do territorio, que non é só a recuperación dos lumes, é a recuperación do territorio para ter un territorio vivo.

Pero agora que cos lumes todo o mundo sabe que vostedes son uns incompetentes políticos e son uns pésimos xestores para as necesidades do seu país, a todo o mundo lle será moito máis fácil entender que estes orzamentos non buscan a felicidade da xente.

Temos un contexto no que a economía medra, máis ben habería que dicir que a economía medra a pesar de vostedes, porque foron responsables, en primeiro lugar, de que durante a recesión estivese agudizada a perda de riqueza nacional no noso país e de que, posteriormente, cando os datos empezaron a ser positivos en todas as economías do contorno, aquí medrásemos menos.

Temos, non obstante, o mesmo nivel de riqueza que no ano 2009 e, con todo, estase destinando ao pago de salarios nada máis e nada menos que 2.200 millóns de euros menos. Iso significa que temos a mesma riqueza que antes da crise pero que está peor distribuída, peor redistribuída.

Porque nós negamos a saída da crise. Poderemos saír da crise a nivel económico pero non a nivel de dereitos, non a nivel social. A crise, que foi unha verdadeira estafa, porque foi aproveitada para facer reformas que nada tiñan que ver coas causas da crise económica, supuxo un estrago no modelo social, elevando os niveis de precariedade, de desemprego e de desigualdade actuais. E vostedes teiman niso para evitar saír da crise, da crise das persoas, non da crise dos números.

¿O PIB medra? Efectivamente, pero tamén o fai a desigualdade social. Datos concretos referidos a Galicia publicados por vostedes. En Galicia hai 140.000 empregos menos que en 2008. A metade da clase traballadora xa é precaria. Hai 71.000 persoas desempregadas máis que antes da recesión, 62.000 fogares con todos os seus membros en paro. Todos os asalariados e asalariadas do noso país perderon poder adquisitivo, un 8 % de media, pero aqueles vítimas da ditadura do precariado, un 25 %. 1 de cada 3 asalariados galegos e asalariadas galegas é traballador pobre. A pobreza afecta tamén os traballadores e traballadoras autónomas, porque o 55 % declaran ingresos por baixo dos 500 euros ao mes. Vostede dirá se se pode vivir ben así e se a crise acabou para esta xente.

As familias perderon un 20 % do seu poder adquisitivo na recesión, son un 20 % máis pobres agora que hai nove anos. E no 44 % dos fogares galegos a suma dos ingresos de todos os seus membros non chega a 1.500 euros. Fogares galegos onde a caída do gasto real con relación a antes da crise é dun 25 %, cun país con 700.000 persoas en risco de pobreza ou de exclusión social, unha taxa AROPE do 25 %, o cal implica que 1 de cada 4 persoas do noso país está nesta situación, cun 63 % de pensións que está por baixo do limiar da pobreza e cunhas pensións das máis baixas do Estado, que, ademais, perderon o 3 % do poder adquisitivo nos últimos anos.

¿Esta é a xente da que se están ocupando vostedes? ¿Esta é a saída xusta á crise que vostedes preconizan? Non, isto é unha saída da crise pola vía da desigualdade, dos recortes, da inxustiza social, e non podemos permitila.

Temos unha política da Xunta que abandona a xente, e parécenos absolutamente inadmisíble, e isto ten uns responsables. En primeiro lugar, unhas reformas laborais regresivas e antisociais, que recortaron dereitos laborais para impoñer a devaluación salarial, é dicir, que a xente cobre menos, e a precariedade extrema, é dicir, o emprego de peor calidade.

E, en segundo lugar, as políticas de austeridade, políticas de austeridade compulsiva de recortes, que reduciron a capacidade do público para facer políticas de igualdade, é dicir, a política de ingresos e gastos públicos. É dicir, interviñeron vostedes activamente para evitar a redistribución da renda de riqueza e para que nos puidésemos ocupar mediante o público da xente que peor o estaba pasando.

Temos unha sociedade cada vez máis desigual e máis inxusta, somos vítimas da desigualdade e a precariedade, cun aumento do traballo temporal, dos traballos a tempo parcial, dos

traballos moi baixos ou con moi baixos salarios en actividades de baixo valor engadido, co empeoramento das condicións de traballo, o alongamento das xornadas moitas veces non retribuídas, cunha grave deterioración da protección ao desemprego.

E cifras, cifras, tamén cifras macroeconómicas. Si, estamos sufrindo unha redistribución inxusta da riqueza que afecta a desigualdade. En 2008 dedicabamos o 48 % do PIB a retribuír salarios e agora só dedicamos o 43 %. En 2017 volvemos ter un volume de PIB como o de antes da crise. Non obstante, as rendas salariais, como dixen antes, están 2.200 millóns de euros por debaixo. Temos a mesma riqueza pero inxustamente repartida.

E o índice Gini, que tamén foi comentado aquí, que serve para medir a desigualdade na distribución da renda, pasou do 27,2 % en 2008 ao 28,7 % na actualidade. E iso é responsabilidade súa.

A crise foi unha estafa, causou no sistema globalizado sen normas e logo utilizouse para defraudar e para degradar un modelo social; unha estafa que ten a confirmación de que nos tres anos do que o Goberno chama a recuperación non se ten avanzado nin un paso para resolver os problemas de fondo.

¿Cales son os problemas de fondo que ten o noso país? En primeiro lugar, recuperar o nivel de ingresos públicos que permitan financiar un Estado de benestar digno de tal nome; en segundo lugar, recuperar os dereitos sociais e laborais perdidos; e, en terceiro lugar, abordar o camiño para o cambio da estrutura produtiva do país, que cada vez é máis dependente de actividades estacionais e dos servizos nas áreas de baixo valor engadido. Pero isto é difícil, porque, cos seus orzamentos, sostidos no tempo, Galicia está na cola do crecemento.

A recesión afectou todas as comunidades autónomas, si, pero a nosa máis que a media. En España, de 2009 a 2013, o produto interior bruto caeu un 8,6 % e en Galicia un 9,5 %. E agora está sucedendo exactamente o contrario: no período 2014-2016 o PIB medrou en España un 8 %, mentres que en Galicia o fixo tan só nun 7,4 %. ¡Parabéns! A súa xestión da crise fixo que fose máis profunda e que a saída sexa máis lenta. E isto en termos económicos, porque en termos sociais non temos posibilidade de recuperar os dereitos perdidos, porque nolos roubaron deliberadamente.

Galicia ten, ademais, a peor evolución do emprego dende o ano 2008. Dende 2008 Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución laboral das dezasete que conforman o Estado; non entre as peores, a peor, coa suma dos tres datos fundamentais; non nalgunha das variables, en todas. Porque Galicia é a comunidade autónoma na que máis emprego se perdeu, na que máis aumentou o paro e na que máis se reduce a poboación activa, as tres variables claves para medir a evolución do mercado de traballo. Por iso dende En Marea falamos da anomalía laboral galega. Nestes nove anos, en Galicia o número de persoas con emprego retrocedeu en 144.000, unha cifra que equivale ao 12 % do emprego que había en 2008.

Menos emprego, que se traslada, ademais, a máis paro, aínda que o número non cadra pola caída da poboación activa e, polo tanto, agocha unha parte deste drama.

Galicia é a segunda comunidade autónoma na que máis se incrementou o número de persoas en paro. Hai 71.400 máis que en 2008, un incremento do 64 %, mentres que no conxunto do Estado foi do 44 %; é dicir, 20 puntos de diferenza. Unha situación que en realidade é máis grave porque está agochada unha caída da poboación activa. Dende o 2008 perdéronse 144.000 empregos, pero o paro só se incrementou en 71.400. ¿Onde van os 72.000 de diferenza? Pois na inactividade.

Unha evolución do emprego que ademais é decepcionante; non entendemos como vén vostede aquí dicir que está satisfeito con esa evolución e coas súas propias previsións anunciadas ao inicio da lexislatura. A estimación da xeración de emprego incluída no cadro macroeconómico é tan decepcionante que por si mesma cuestiona ese ton que utilizou vostede aquí. No que vai ser o quinto ano da fase alcista do ciclo, a estimación é tan só de 17.500 novos empregos, apenas un 1,6 % de incremento, unha cifra que é claramente insuficiente —na nosa opinión e na de calquera, sobre todo das persoas paradas— para os retos do emprego aos que nos enfrontamos; é dicir, dar unha oportunidade laboral ás 181.700 persoas desempregadas e recuperar polo menos o nivel de ocupación previo á recesión. A día de hoxe faltan 144.000 empregos para volver a esa situación, á situación de 2008. E co ritmo actual, coas súas previsións corrixidas —coas súas propias previsións—, necesitaríamos nove anos para acadalo. Ata o 2027 non teríamos o nivel de emprego do 2008; é dicir, dúas décadas para volver onde estabamos. Dúas décadas perdidas para o emprego porque non terían sido vostedes quen, desde que chegaron ao Goberno, aínda que gobernasen ata o 2027 —oxalá a cidadanía non o queira—, de chegar á situación que vostedes se encontraron cando comezaron con esta situación de abandono e desleixo polo país.

Pero hai máis, a estimación para o 2018 é tan baixa que pon en cuestión os obxectivos e o compromiso da Xunta para xerar eses 100.000 empregos dos que falaban vostedes ao inicio da lexislatura. Boten contas, farían falta xa máis anos dos que vai ter esta lexislatura.

Ademais falaba vostede da creación de emprego, de axudar mediante os orzamentos a crear emprego. ¿Como? ¿Reducindo o 1,41 % os orzamentos en relación co ano 2009, que é o ano que vostedes toman de diferenza con esa redución? Función 32, é fácil de localizar, da promoción do emprego e institucións do mercado de traballo. Pero é que, se imos á función 32 para os orzamentos do 2018, incluso en relación cos do 2017, hai un recorte nominal, invisten vostedes menos en emprego. Redución da promoción do emprego en 1,5 millóns de euros, é facilmente comprobable por calquera persoa que nos estea escoitando.

Pero é que ademais desta catástrofe do emprego temos unha situación especial en relación coa precariedade laboral. Vivimos grazas a vostedes baixo unha sorte de ditadura do precariado, porque a evolución cualitativa do emprego non é moito mellor que a propia existencia deste. Desde que comezou a fase alcista do ciclo no terceiro trimestre do 2017 hai 10.000 persoas asalariadas máis en Galicia que en 2016, pero soamente un 11 % desas persoas ten contrato indefinido, mentres que o 89 % restante ten contrato temporal. Están vostedes condenando a poboación de forma continua, de forma estrutural, de forma definitiva, a un emprego que non produce expectativas de futuro, que non lle permite á xente planificar a súa vida, que non lles permite aos mozos e mozas exercer, se o desexan, unha paternidade ou unha maternidade responsables porque non saben que vai pasar ao día seguinte cos seus

postos de traballo. Porque vostedes crean as condicións desa inseguridade, e así non se pode vivir con tranquilidade, así non se poden ter expectativas de futuro no noso país. ¡Por iso a xente emigra! ¿E vostedes que fan?, reducir o gasto incluso a niveis nominais na función 32, ¡é inexplicable! Veña aquí e explique por que.

A día de hoxe, a metade da poboación do noso país xa é precaria. En Galicia hai 238.000 persoas asalariadas sometidas a diferentes fórmulas contractuais de duración determinada, o que supón xa, desde logo, unha taxa de temporalidade do 28 %. ¿Como vai facer grandes plans de futuro xente que sabe que o seu contrato vence o mes que vén, a semana que vén, nos seis días seguintes, ou teñen os contratos concatenados, un tras outro. Para poder vivir un ano de media traballando, unha traballadora galega precisa unha concatenación de once contratos. E dicimos unha traballadora porque o precariado ten ademais nome de muller, afectando de forma máis sensible a poboación feminina.

Son precarias, ademais, as 122.000 persoas que traballan a tempo parcial, que lles gustaría traballar a tempo completo pero é que non poden. Ou xente que traballando a tempo completo necesita ter un segundo traballo para poder chegar a fin de mes polas contías dos salarios, que son moitas veces de miseria. Tamén son precarias as 12.100 persoas que traballan como fixas descontinuas en sectores como a conserva ou a hostalería, e que teñen tamén dificultades para completar as súas rendas durante todo o ano. E non digamos, evidentemente, a maior precariedade que hai, que é non ter traballo e ter como única ocupación ir da casa ao Inem e do Inem á casa. Cando se suman todas elas, o resultado é demoledor. A metade dos asalariados galegos — máis se son mulleres — son precarios, sometidos ben a unha taxa de temporalidade do 28 %, a unha taxa de parcialidade do 16 % ou a unha taxa de paro do 15 %.

E a falta de traballo e a precariedade son males con moitas caras: os que buscan traballo non o atopan, os que teñen traballo temporal de baixo salario, os que traballan a tempo parcial non desexado, os que traballan como bolseiros e como bolseiras, as que fan falsas prácticas, e os que chegan a pagar por traballar, que aquí hai xente que para poder dicir curricularmente que tivo un traballo ten que pagar. Iso é inaceptable e é insostible en termos de futuro. A deterioración das condicións laborais por culpa da subcontratación, etc.

Desde o ano 2009, ademais, sufrimos un intenso proceso de endebedamento. En 2008 a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no segundo trimestre de 2017, é de 11.363; multiplicouse por tres, un 290 %. En nove anos endebedámonos en 7.409 millóns de euros. En 2018 a Xunta vaise endebedar en 1.387 millóns de euros, unha parte para pagar os 1.075 da débeda de anos anteriores que vence no exercicio; e a outra, por un importe de 312 millóns de euros, é para financiar un maior endebedamento neto. Enmascaran vostedes a súa ausencia de déficit co incremento dunha débeda que ademais soamente nos vale para pagar gasto corrente, e non financia investimento.

Desde o ano 2009 a débeda aumentou en 7.400 millóns de euros, mentres que o investimento se reduciu en 1.300 millóns de euros de media anual. Endebedámonos para pagar gasto corrente e non para investir na capitalización do país. Unha débeda que ademais medra polas decisións dos gobernos, e son datos que son abrumadores, que son abraiantes, para calquera

que se achegue a eles. Recadamos menos polo PIB e, claro, acudimos á débeda para suplir a falta de ingresos daquilo que imos buscar ao PIB.

Desde o ano 2010 o gasto público cae vítima da austeridade, pero a pesar disto aumenta, e moito, a débeda pública. ¿E como se explica isto? Pois polo devalo dos ingresos. En España produciuse unha brutal caída dos ingresos fiscais como non sucedeu noutro país da Unión Europea. Expresado en porcentaxe de riqueza, os ingresos fiscais en España pasaron do 38 % en 2009 ao 32 % en 2014. Mentres que na media da Unión Europea, en circunstancias análogas, pasaron do 41 ao 40 %. Neste escenario negativo, gobernos como o seu empeoraron a situación tomando a decisión de desfiscalización das rendas máis altas, das rendas do capital e dos beneficios empresariais. É dicir, que quen máis tiña, incluso durante a crise, que pagase menos; e aí están os datos sobre recadación na evolución, por exemplo, en relación co imposto de sociedades.

A Xunta de Galicia, que presume das rebaixas fiscais que aplica, ao mesmo tempo non se responsabiliza da caída dos ingresos, co conseguinte incremento da débeda. Dende o 2009, estes beneficios fiscais supuxeron unha caída acumulada de recadación próxima aos 2.000 millóns de euros. Velaquí a razón fundamental do endebedamento, porque non se financia con ingresos e hai que ilo buscar á débeda pública. Unha parte menor desta caída de ingresos foi responsabilidade do Goberno.

Ademais estamos falando de 11.600 millóns de débeda rexistrada, aos que lles hai que engadir 3.058 millóns de euros en compromisos de pago derivados dos contratos de colaboración público-privados, que encobren tamén a débeda da propia Administración. Pasamos entón así a pagar unha débeda equivalente do 19 % ao 24 % do PIB. Dito de forma clara, igual que fixeron durante a xestión dos lumes, a Xunta non fai unha eficiente xestión da débeda, senón que busca fórmulas para ocultala, pero a realidade está aí.

No cadro económico que vostedes ofrecen para o 2018 temos unha ameaza de desaceleración, e non entendemos cal é a posición de triunfalismo coa que vostede subiu agora. É preocupante que veña aquí amosando con satisfacción que vai haber un crecemento dun 2,5 % cando estamos no 3,2 %; polo tanto, hai unha desaceleración, un retroceso no incremento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, si— de nada máis e nada menos que do 22 % con relación ao 2017, e é sorprendente que vostedes o presenten como algo triunfal.

Hai un recoñecemento explícito, pola súa parte, da falta de consistencia da fase alcista do ciclo, na que vostedes non están intervindo, non están facendo nada. E o de que non están facendo nada non o di En Marea, dío o Banco de España cando cuantifica os efectos dos denominados factores transitorios da evolución recente da economía española. O 70 % do incremento do PIB galego débese á baixada do prezo do petróleo, á política monetaria expansiva do Banco Central Europeo, á relaxación da política fiscal, que tiveron un impacto positivo conxunto dun 2,2 %. Logo de vostedes depende nada, o resto, que é apenas un 30 %.

¿E que pasa co orzamento de 2018 que nos veñen presentar aquí? Pois que temos un orzamento restritivo e minguante. Os recursos dos que vai dispoñer a sociedade galega nos orzamentos de 2018 son unha clara demostración dunha estratexia neoliberal de redución do

gasto público e do peso do público na economía. É certo —dino vostedes— que crece o 2,9 % e que a Xunta vai dispoñer de 266 millóns de euros máis que en 2017, pero só en termos nominais. O IPC está hoxe no 2,3 %, e con gran probabilidade en 2018 estará na contorna do 2 %, polo tanto, en termos reais o orzamento apenas medrará un 1 %. Un gasto homoxeneizado que en 2018 será apenas 100 millóns máis alto que en 2017, pero que aínda estará —e volvemos ao ano que vostede utilizou de comparación— 2.324 millóns de euros por debaixo do realmente executado no ano 2009. Polo tanto, e para que se entenda ben, no ano 2018 os recursos dispoñibles serán un 23 % dos que a Xunta tivo no ano 2009.

E aquí volvemos formular a pregunta que ao principio formulabamos, ¿por que se o nivel do PIB xa é superior ao que había en 2008, se temos o mesmo nivel de riqueza que antes da crise, temos un orzamento un 23 % inferior, cando nós sabemos e todo o mundo sabe que os orzamentos serven para redistribuír renda e riqueza e que deben de nutrirse desa riqueza nacional para repartila, para facer políticas de gasto público que beneficien as maiorías sociais, para impulsar a economía, para impulsar o emprego, para que ninguén quede atrás, para que todo o mundo teña igualdade de oportunidades? ¿Onde están vostedes facendo iso? ¿Onde vai o 23 % que falta? ¿Por que non son máis ambiciosos? ¿Por que non optan e por que non aspiran a utilizar os recursos públicos para redistribuír a renda e a riqueza e para facer que todo o mundo viva algo mellor? Pero vostedes non queren nada diso porque vostedes o que buscan é desmantelar o Estado de benestar.

A fase alcista do ciclo non está servindo para recuperarnos dos recortes de 2009 a 2013. Están vostedes dando continuidade ao recorte do gasto baixo unha nova forma. Xa non son recortes nominais no gasto, senón reducindo o peso do gasto público, con algunha excepción á que antes me referín e á que me volverei referir. Os datos demóstrano, no ano 2018 o orzamento incrementábase un 2,9 %, pero o PIB nominal está crecendo agora no 4,3, e no cadro macroeconómico da Xunta para o 2018 a Xunta estima un incremento do 4 %. Esta é a lóxica da nova etapa dos recortes, que o gasto medre menos que o produto interior bruto, e así, ano tras ano, vaise acumulando un recorte gradual, pero sostido no tempo, que é menos visible pero igual de perverso.

Hai un exemplo que o vai entender todo o mundo, por exemplo, coas pensións. Formalmente as pensións incrementáronse un 0,25 %. ¿Subiron as pensións? Non, non subiron, son realmente máis baixas porque a inflación está nun 2 %. Polo tanto, os pensionistas padeceron unha perda do poder adquisitivo dun 1,75 %. Isto é o que pasa hoxe cos orzamentos da Xunta de Galicia. Vostedes din que soben, pero en relación co prezo, non soamente o incremento do IPC, senón co incremento da propia riqueza, estamos perdendo un peso relativo en relación coa riqueza nacional. Non utilizamos os orzamentos para redistribuír, para que chegue a todo mundo, polo tanto, iso supón unha inxustiza social que nós non podemos permitir.

Falaba vostede de dereitos sociais, dixo literalmente: «reforzar a sanidade pública». Si, reforzar a sanidade pública con 398 millóns de euros menos que no ano 2009. Co mesmo nivel de riqueza, case 400 millóns de euros menos. «Consolidar unha educación pública trilingüe», con 436 millóns menos que no ano 2009. Si, si. «Fomentar o acceso á vivenda», caendo un 71 % o diñeiro investido en vivenda dende o ano 2009; iso si, mentres segue habendo xente que é desafiuizada día tras día e ano tras ano. «Fomentar a cultura de base», será de base sen

apoio público, porque se reduce un 57 % dende o ano 2009. «Fomentar a lingua propia de Galicia». Primeiro os castelanizan no ensino, e logo os galeguizan fóra; xa era mellor unha educación galeguizadora, así aforrarían tamén nos orzamentos. E aínda así aforran —¡tanto que aforran en normalización lingüística!— un 69 % menos que no ano 2009.

«Facer do medio rural» —dixo vostede— «unha grande oportunidade». Dende o ano 2009, 217 millóns de euros menos para o medio rural. Ademais aquí é especialmente sangrante que na función 55 nos orzamentos de 2018, en relación cos de 2017, hai unha redución nominal de actuacións e valorización do medio rural por valor de 2,8 millóns de euros, polo tanto, pouca oportunidade para o medio rural, do que ata agora vostedes non foron capaces de evitar o seu abandono, todo o cal, evidentemente, polo seu desleixo e a súa incapacidade de xestionar.

Incrementar a competitividade na pesca —dixo—, cun 50 % menos de gasto que no orzamento de 2009.

Á cabeza de España no esforzo investidor para favorecer a competitividade, a innovación e o desenvolvemento; reducindo, claro, tamén o orzamento desde o 2009 un 33 %. Pero ademais aquí tamén é dos que hai un recorte nominal, «recorte» con todas as letras, que entende todo o mundo.

Función 53. Promoción de solo para actividades económicas, 11,4 millóns de euros menos que o ano pasado.

Función 73. Industria. Redución de 13 millóns de euros, un 22 % menos que no ano 2017, sen ningún tipo de problema. Compáren un con outro e verán esta redución, todos estes millóns de euros.

Completar as infraestruturas de Galicia. ¿Como? ¿Cunha redución do 50 % dos investimentos en relación co 2009, con 333 millóns de euros menos?

E, dende logo, o de infraestruturas non será completar a infraestrutura ferroviaria, porque Fomento acaba de darlle unha nova labazada á cara de Feijóo dicindo «non» ao corredor noroeste, preciso para sacar as mercadorías galegas cara a Europa e, polo tanto, facer a economía máis competitiva, igual que facer os nosos portos máis competitivos.

Di que teñen confianza e que teñen credibilidade. Non, mire, a confianza e a credibilidade arderon, e non soamente cos lumes; con estes orzamentos tamén arden.

Temos un orzamento cuns recortes que cuestionan o discurso do Goberno. Como dixen, dun lado unha redución de peso relativo, unha perda de peso en relación coa riqueza producida, e, doutro lado, unha redución expresa, nominal, nas funcións que lle acabo de comentar.

Promoción do emprego, función 32, un millón de euros menos. A promoción do solo xa citada, a do medio rural e a de industria.

¿Cales son as prioridades da Xunta de Galicia, señor Martínez? ¿As que veu anunciar aquí, con estes recortes nominais en relación co 2017? ¿Como é posible que reduzan nominalmente en políticas de emprego, en políticas de industria, en políticas de medio rural? Suba aquí, colla as funcións que lle comento e diga que non é verdade. Veña aquí e compáreas co 2017. Non hai ningún problema, na réplica pode facelo que ten tempo ilimitado ademais; así que pode buscalas onde queira.

Un orzamento que ademais conxela os salarios públicos. Os grandes prexudicados, os traballadores do sector público, que tiveron durante a crise que ver reducidos os seus salarios, non verán recuperado o poder adquisitivo tampouco cos orzamentos do ano 2018, apenas conseguirán mantelo conxelado, porque no ano 2017 houbo unha suba salarial do 1 %, cunha inflación do 2,3 %, xa sabemos cal é o resultado.

Continúa ademais a contrarreforma fiscal en contra da maioría. O orzamento do 2018, na nosa opinión, é outro chanzo máis na contrarreforma fiscal. Baixa a aportación que vos tedes prevén de impostos directos, que gravan segundo o nivel de riqueza das persoas, e soben os indirectos, fundamentalmente o IVE, que penaliza máis aos que menos teñen. Esas son as súas previsións: recadar polos impostos que son lineais para todo o mundo. O pan, que lle custa igual a todo o mundo, ao rico e ao pobre, de aí é de onde vostedes se financian, en vez de financiarse da riqueza onde existe, en función da progresividade que tiñan que ter os impostos que gravan a riqueza. E non, non o están facendo porque prefiren facelo doutra maneira, cargando sobre os que menos poden. Estase redistribuíndo a carga fiscal en contra da maioría, porque as rebaixas e os beneficios fiscais favorecen os que máis teñen, en especial porque as figuras tributarias perden peso, e son as que gravan a riqueza e o patrimonio.

Vou rematando. ¿Cal é a alternativa de En Marea? Despois referireime, na seguinte intervención, á débeda e ao que vostedes fixeron co Fondo de Liquidez Autonómica.

Nós pulamos un modelo alternativo. Cremos que estes orzamentos son decepcionantes, son restritivos, son mediocres, son antisociais, son inxustos, e por iso non debemos apoialos e debemos pedir a súa devolución.

Nós cremos nun modelo de crecemento inclusivo, que non deixe a ninguén á marxe e, polo tanto, que sexa máis xusto e máis sólido, que aposte por unha mellora da actividade en sectores de máis valor engadido, en especial con maior peso nas ramas industriais; que xere traballo estable e con dereitos como norma e non como excepción, con salarios decentes sobre os que se poida soste o Estado do benestar grazas ás aportacións, aos impostos e ás cotizacións. Queremos uns orzamentos diferentes, estes non nos valen. Queremos uns que xeren confianza, que xeren expectativas para que a xente moza poida volver a que está emigrada, e para que a xente que vive aquí, que non emigra e que non marcha, teña confianza no futuro, algo que non están facendo estes orzamentos. Queremos que a riqueza que se manifesta no PIB se traslade á xente. Non nos vale a riqueza do PIB se non se traslada ás persoas. Queremos riqueza para as persoas, para que todo o mundo teña igualdade de oportunidades. Cremos que temos dereito a vivir mellor, a ter empregos estables...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...con salarios decentes como norma. Queremos reducir a pobreza e a desigualdade. Cremos que temos dereito todas e todos a dispor dunha rede de protección pública que acabe tamén, evidentemente, co desafiuzamento social e co desafiuzamento literal ou a pobreza enerxética. Cremos que temos dereito a un país xusto e que merecemos outros orzamentos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Intervención da Xunta de Galicia, señor conselleiro de Facenda.

(Pronúncianse palabras na tribuna de convidados que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señora non se pode, señora... Señora, é invitada nosa, non se pode dirixir a ninguén.

Por favor, os servizos da Cámara axúdenlle a esa señora a que poida saír do... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Axúdelle, axúdelle, por favor, a que poida...

Non se pode dirixir a ninguén. Señora, non se pode dirixir a ninguén.

Axúdelle, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Xa lle axuda esa señora. Axúdalle xa a traballadora do Parlamento a que poida saír. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Grazas, señora.

Grazas.

Señor conselleiro, cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):

Grazas de novo, señor presidente.

Coma sempre —e xa é a terceira vez que me toca falar neste debate de totalidade—, é agradable ver as distintas posturas que cadaquén defende dunha maneira lexítima. Creo que o ton cada vez vai sendo mellor, salvo algunha excepción. Eu supoño que tamén estará dentro da cuestión persoal.

Todos os grupos saben que teño a tendencia a explicarme dunha maneira xeral. Por favor, non miren unha desautorización ás múltiples cousas que foron avanzadas por cadaquén de

vós, dos ponentes neste caso, porque o máis importante que eu detecto en cada unha das tres intervencións era o tema do modelo de sociedade, do modelo económico. Ante isto, este que lles fala, o Goberno que representa —permítanme que llelo diga dunha maneira moi clara e tamén moi llana— non cre na teoría do pecado orixinal, non temos nada que esconder. Creo que tan lexítimo é o modelo que defendemos nós como o de vostedes. Pero, sen embargo, a lexitimidade que dan os votos creo que sitúa a cadaquén no seu lado. Polo tanto, non estou disposto a asumir determinados cualificativos que foron aquí introducidos, e procurarei fuxir deles.

Creo que é o momento de recoñecer que nesta etapa que xa comeza a principios do ano 2009, no segundo trimestre, foi moito o que temos feito. Houbo realismo, houbo rigor, mal que lles pese, e houbo actuacións propositivas. E, obviamente, todo aquel que actúa ten unha posibilidade de equivocarse, o que seguro que non se equivoca é aquel que non fai nada, e este goberno ten feito moito nestes oito anos e medio.

Pero, ao mesmo tempo, teño que manifestar —e así o facemos sempre— o carácter reformista deste goberno, que nace do inconformismo. Efectivamente, dámonos conta de que quedan moitas cousas que facer porque foi moito o que se viviu en España e en Galicia tamén dende o ano 2008 ata o ano 2014 a finais, se falamos en termos máis agregados. Empezou a mudar a situación desde aquela. É este realismo, este saber facer tamén pola nosa parte, pero tamén o inconformismo, o que nos leva a ter o Plan estratéxico 2015-2020.

Como sempre, as referencias que se fixeron por parte da oposición ao Plan estratéxico foron moi sucintas. Non comprenden o que significa unir con criterio o presente e o futuro. E non o comprenden porque non están acostumados a planificar. Ao que si están acostumados é a un certo nivel de dirixismo que non ten que ver con este goberno para nada.

O que si introduciron foi unha nova etapa ao que nós lle chamamos o crecemento san. Xa vamos pola cuarta. Ata agora o que tiñamos era que negaron a crise económica, non souberon xestionala no período en que tiveron responsabilidade de goberno, segunda fase. Non recoñeceron a recuperación, terceira fase. E agora, como xa recoñecen todos os intervenientes que ata certo punto, ata certo punto, existe unha recuperación de natureza económica máis ben ligada ao tema macro, resulta que negan os efectos sobre as persoas. A isto me referirei tamén dentro dun momento, porque creo que a situación merece unha análise o máis obxectiva pola miña parte.

Obviamente, cadaquén fala desde determinada óptica, que non ten por que coincidir de ningún modo coa doutros grupos, tal e como foron expostas. O que está claro tamén, e a ninguén se lle debe ocultar, é a nosa opción pola consolidación fiscal, na que o ano que vén estaremos dunha maneira técnica, onde o déficit, a débeda, a regra, o período medio de pago, ten unha incidencia fundamental no que significa unha sociedade que teña viabilidade de futuro. Pero o que é máis importante, e si que me chama a atención algunha das intervencións que algún portavoz fixo sobre este tema, é que se entramos —como todo indica que si— en consolidación fiscal técnica, algúns parámetros como pode ser a débeda —da que se ten falado tanto aquí— e o déficit público xa perden o seu concepto. Pasamos a depender por nós mesmos, e hai algunhas persoas que aínda non se enteran do que significa a débeda pública.

Como tamén o tema da regra de gasto. En canto á regra de gasto, efectivamente, este goberno tamén ten manifestado que non coincide na súa formulación actual exacta, pero si no que significa como disciplina a medio prazo para calquera goberno, para non tratar de volver a determinadas situacións pretéritas —dígase moi claramente orzamento de 2008 e 2009—, porque algunhas persoas das que faloron nesta tribuna seguen sen enterarse de que o orzamento consta de tres fases. Unha primeira fase que é a elaboración. Unha segunda que é a que aprobamos neste Parlamento. E unha terceira que é a liquidación. E da liquidación, tanto do ano 2008 como do ano 2009, din que as cifras do ano 2008, e sobre todo do ano 2009, con 600 millóns e 1.600 millóns respectivamente, estaban pintadas.

Polo tanto, calquera comparación que se faga no estadio intermedio do que significa un orzamento é seguir non enterándose de que vai isto do orzamento. É así de triste, así de claro.

A opción de modelo elixida por este goberno foi unha situación na que tratamos de camiñar en dúas direccións para fóra. E para fóra para nós, obviamente, como unha institución pública, para fóra e para nós son as familias, para nós son os distintos empresarios que hai, para nós tamén son as comunidades autónomas, para nós tamén é o sector exterior común. O que tratamos de transmitir foron certezas, un traballo serio, fiable, e aí xa se lle denomina estabilidade.

E para dentro. Para dentro é —dunha maneira máis ou menos afortunada— que nas distintas intervencións dos interlocutores, tanto este que lles fala como os membros da Consellería de Facenda, tratamos de trasladar que esa seriedade se traduza, incluso neste ano 2018, dunha maneira moi acelerada, no que pode ser o que significa de verdade a pedra angular, que é o concepto de aforro bruto ou incluso de aforro primario. Esa caída de intereses o que vén dicir é que, efectivamente, a débeda pública está mesetada, que está ben estruturada e que, polo tanto, nestes momentos a nosa comunidade autónoma xa presentará no ano 2018 un tipo medio de xuro que se aproxima ao 1,5 %, que calquera empresa dunha determinada complexidade quereda ter para si, e que nos sitúa no parámetro máis baixo, practicamente, das comunidades autónomas.

Pero aínda máis, é que esa situación aínda ten unha propensión non tan acelerada como o 2018 para o ano 2019. Polo tanto, esta caída e esta importancia conceptual, que a veces nos olvidamos, tamén é moi agradable oírlo desde esta tribuna. De cando discutiamos o orzamento do 2017, a agora que o facemos do 2018, por fin xa nos enteramos do que é a débeda neta, por fin xa nos enteramos do que é o principio de integridade do orzamento, que recolle todos os movementos. Aínda que ben é certo que a cuantificación que se fixo foi totalmente equivocada, totalmente equivocada unha vez máis, porque a débeda neta o que medra é 193 millóns de euros, aos que lles hai que sumar os 85 millóns de euros que, en termos de contabilidade, funcionan como un axuste, que é a proba máis que palpable os 85 millóns de euros o que foron pintar ao orzamento do 2008 e sobre todo ao do 2009, tal e como se acaba de recoller.

Alégrame moitísimo tamén que polo menos todos e cadaquén de vostedes fixeran unha referencia con distinto tamaño temporal ao que de verdade significa o cadro macro, porque é onde se conteñen unhas estimacións que son dúas cousas. Unha aproximación á realidade

que temos, como cremos que vai ser o ano que vén, pero sobre todo o que me gusta é espaiarse, como fixo algún dos portavoces, no tema do cadro macro dunha maneira moi polo miúdo, que non pode estar suficientemente de acordo.

¿Como estamos de verdade? A nivel macro, de verdade, permítanme que lles diga que hai un IT moi importante que de novo volvemos esquecer. Efectivamente, en abril superamos o nivel de riqueza que tiñamos no 2008, iso é innegable, pero o que é innegable tamén, utilizando unha expresión coloquial, é que na situación que temos no 2017 a auga non pasou polo mesmo muíño, é outra situación, e sobre todo ten unha afectación moi importante, como tratarei de detallar. No tema do mercado laboral e no tema da emigración, como comentabamos, non lle vou rehuír ningún tipo de debate, se ben é certo que o meu coñecemento non chega polo miúdo a todas e cada unha das materias.

Primeiro fito. Superamos á altura de abril aproximadamente o que era o nivel de riqueza que tiñamos no 2008. É máis, neste ano, tamén en termos nominais, superaremos os 60.000 millóns de euros. Ese é outro fito moi importante dentro do que é a nosa economía.

Pero é máis, é que o PIB tamén da nosa comunidade autónoma, ano 2015, ano 2016, ano 2017, ano 2018, se o comparamos co que está pasando en Europa e en España, empeza a recuperar a situación que efectivamente se perdeu no que foron os anos terribles da crise, 2008-2014 inclusive. Non nos esquezamos do que pasou aquí, dunha crise profundísima que houbo en España e en Galicia. E non nos esquezamos de que a partir do 2015, 2016, 2017 e 2018 a nosa posición relativa está gañando peso tanto respecto de España como respecto da Unión Europea. Non xoguemos cos números comparándoo co 2008, mirando períodos que non detectan o cambio de tendencia que se está a producir.

É máis, algunhas veces tamén me teñen oído que a gran relación non é tanto a relación que establezamos do PIB respecto dos habitantes en xeral. É un índice de comparación correcto para medirnos con determinadas situacións, obviamente, suele ser o habitual, non o imos esquecer, pero ademais, e dunha maneira moi clara, se correlacionamos o PIB coa poboación activa, que é como se debe de medir o PIB, porque como xa me teñen escoitado en moitas ocasións, ás veces esquecémonos do máis fácil en economía, que é relacionar o PIB, é dicir, o valor dos bens e servizos producidos durante un ano, coa xente que é susceptible de poder chegar a este tipo de bens. Pois se así o facemos, resulta que no ano 2017 chegaremos na nosa relación a ser o 95 % da española, sendo a segunda comunidade, a unha maneira moi distante do que pasa no resto, da terceira, e xa non digamos da 17, soamente por diante de nós o País Vasco, que o que nos está dicindo é que a nosa saída da crise é unha saída moito máis produtiva que a que se está producindo no resto de comunidades autónomas, e como media en España. Ese é un valor en si mesmo moi forte, que tamén tratarei de relacionar co tema do mercado de traballo. Porque, recoñecendo por adiantado que no mercado de traballo queda moito que facer, vostedes están olvidando o moito que se ten cambiado dende o ano 2015. De ningún modo podemos estar satisfeitos do nivel que temos na actualidade, pero todo indica en termos de máis emprego, menos paro; en termos de mellor cualificación, dunha maneira un pouco menos intensa do que todos desexariamos; no tema da precariedade etcétera, practicamente todos os indicadores de termos medios son positivos, como así tamén no termo do salario. A iso me referirei dentro dun momento.

Polo que respecta ao cadro macroeconómico como tal, eu creo que reflicte unha realidade moi correcta, moi prudente. Tamén se comentou aquí que non todo é Cataluña. Claro que non todo é Cataluña, pero, sobre todo, a día de hoxe a incerteza é Cataluña; unha incerteza moi clara que o que nos di é que está restando aproximadamente entre 0,3 décimas e 0,5 décimas —eu xa nin tan sequera me poño na quinta décima—. Tamén é verdade que seguen existindo determinadas realidades no noso contorno, pero onde vostedes miran algunha febleza, nós miramos fortaleza. Porque, volvo repetir, unha sociedade como a nosa, cunha estrutura e incluso unha propensión ao aforro e consumo que tamén aquí foi introducido, ten un determinado comportamento, relativamente como as nosas montañas, polo que se refire á achega da demanda interna. Iso é innegable.

Necesitamos como sociedade a achega da demanda externa. Somos a segunda comunidade que presenta mellores termos absolutos e de relación sempre na balanza comercial. E incluso onde miramos unha negativa respecto do resto de comunidades autónomas, o único que nos está dicindo é o moito onde podemos medrar. Non é un demérito en si mesmo, é unha forma tamén de encarar a nosa actuación nos próximos anos. Temos moito que gañar nese camiño, e por aí tamén irán as nosas actuacións.

Polo tanto, estamos nunha sociedade cada vez máis moderna, onde estamos creando emprego en positivo. Non descontemos. Cando aprobabamos o plan estratéxico e marcabamos un horizonte de ocupación que sería entre 80.000 e 100.000, ano 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, que nos daría unha media de aproximadamente uns 15.000 e algo empregos, todos os anos que levamos, 2015, 2016, 2017, e presumiblemente o 2018, estaremos na parte alta, para crear ao final do período entres eses 80.000 e 100.000, e tal como imos, o normal é que incluso superemos, dunha maneira prudente, o que son os 100.000. Non descontemos tan a correr o que iso significa, como o que significa ter nestes momentos, no terceiro trimestre, unha taxa do 14,5 % e tamén o que significa que nos está avanzando que a finais do ano que vén estaremos moi probablemente por debaixo do 13 % —trece coma algo por cento—, no último cuadrimestre, e iso é moi importante.

Non esquezamos tamén que cando se fala aquí de desaceleración da economía galega o único que estamos é, por precaución, impactando o que significa unha situación de total inestabilidade que non depende desta comunidade autónoma, pero fraco favor sería se non recoñecéramos o que está pasando, cunha afectación moi grave á sociedade catalá.

Como tamén, e aínda, non poñer en relación isto respecto do mundo do primeiro círculo que temos. Estamos dicindo que a economía galega vai medrar máis que a economía española en termos medios. Estamos dicindo que a pesar desta corrección de 2,5 que fixemos nestes momentos, debido a esta situación —como lle digo—, pero non só, o que si estamos dicindo é que seguiremos a medar moi por riba do que o fai a zona euro e do que o fan os países veciños. Isto significa que, unha vez máis, gañaremos posición relativa en termos medios respecto deses países. Non descontemos, ¡estémonos comparando co mundo máis avanzado!

Como a tendencia que temos sempre a falar en negativo de Galicia, e non nos damos conta, por exemplo, que cos últimos datos que poden ser contrastados —tampouco hai que ser tan interesado para facelo—, cando comparamos o nivel de riqueza por habitante que temos en

Galicia, resulta que, se o comparamos con calquera país que no mundo hai, dos 195 ou 196 países que no mundo hai, estamos nos 31 primeiros e subindo. É que nos olvidamos ás veces da realidade do que iso significa. E estando por riba de nós cinco ou seis países que, curiosamente, teñen un tamaño como economía moi inferior ao que pode ter nestes momentos, en termos absolutos, a galega.

Non descontemos tan a correr, ¡de verdade!, o que somos como sociedade. Somos unha sociedade moi avanzada, recoñecendo tamén humildemente que nos queda moito por facer.

De novo outra vez, eu non sei se é por impericia, se é por maldade ou é por tomarnos a chufra, cando falamos dos orzamentos 2018, que se son expansivos, non expansivos, resulta que seguimos sen enterarnos. Eu creo que é por impericia, non me vai alá que haxa tanta equivocación, confundir, ¡Dios mío!, en primeiro lugar, o tamaño do orzamento; en segundo lugar, o gasto non financeiro; e en terceiro lugar o que é o gasto primario, que é a verdadeira capacidade que ten un goberno. Como xa expliquei en comisión, o 2,9 % o que verdadeiramente nos está dicindo, se temos en conta os intereses da débeda, con esa caída de 65, non son os 266 millóns de euros que medra, son os 331 que de verdade temos de marxe, como mínimo, para poder xestionar o orzamento. Iso significa que temos aproximadamente un 3,8 % ou un 3,9 %, que é idéntico ao 4 % en termos nominais do que estamos a falar.

Como cando se sobe aquí co IPC e sitúase o IPC no 2 %. Particularmente creo que é un cálculo totalmente errado. Os nosos estudos o que nos din é que o IPC si que está por riba de 1 nestes momentos, pero supoñer —como se dixo aquí dunha maneira tan categórica— que vai estar no 2 % o ano que vén, paréceme un pouco arriscado de máis.

Como tamén me parece moi arriscado de máis cando quedamos soamente no que é o IPC, e non co deflactor do PIB, cando estamos a falar do cadro macroeconómico e dunha maneira interesada empezamos a mezclar as churras coas merinas, por utilizar unha expresión mesetaria, que tamén existe a Meseta. Polo tanto, creo que fraco favor lle facemos se non trasladamos un certo nivel de pericia á hora de conformar o orzamento. A isto tamén me referirei.

Dunha maneira clara acábase de adiantar por aquí tamén, de novo, non comprender o que é un teito de gasto, teito que agotamos nestes momentos, que é unha lei que aprobou o Parlamento de Galicia; o que é a conformación do orzamento, que non se agota en si mesmo. E incluso no acto que imos facer dentro duns días, aprobando determinadas cuestións, porque existen fondos finalistas que non eran coñecidos no seu momento e que non impedirán incrementar o orzamento. Iso é técnica orzamentaria, iso é legalidade orzamentaria. Estoume a referir exclusivamente, e porque me interesa este punto, xa que se regodeou algún dos portavoces, en materia de emprego.

En materia de emprego, cando elaboramos o teito de gasto, había un coñecemento do que son os fondos finalistas. A día de hoxe os fondos finalistas que coñecemos... Porque detrás do mes de xullo vén agosto, setembro, outubro, novembro... Non remata a cousa aquí, non remata, e hai 18 millóns de euros máis. Ao mesmo tempo, dunha maneira prudente, ¿que queren?, ¿que orzamentemos e se consuma o teito de gasto doutras partidas ou o normal é que se incremente por...?

É tan simple o razoamento que ¡vamos!, ¡é algo escandaloso! (*Aplausos.*) É escandaloso, sobre todo cando temos en contra outro dos monotemas, que é o tema da débeda pública. ¡Outro dos monotemas, o da débeda pública! E de novo volvemos incorrer en determinadas cuestións que eu xa non sei se son serias, se de verdade estamos traballando o máis profesional que poidamos.

Todos sabemos... Efectivamente, eu non lle vou poñer nomes, se era presidente A, presidente B, presidente C, creo que non se deduce das miñas palabras. Eu, que son tan vehemente falando, non me gustan esas cuestións. Pero ¡vamos alá!, a ver se son capaz de transmitir un pouco de certeza. A ver se son capaz.

No ano 2008 había practicamente 4.000 millóns. O proceso de consolidación fiscal, que era unha das consecuencias máximas que teremos, ao meu entender, no ano 2018, o que nos está dicindo é que, aproximadamente ao final de todo o período, a débeda de Galicia mesetará en termos absolutos arredor dos 11.500. De novo hai que sinalarlle ao portavoz de En Marea que non se poden utilizar os datos dos trimestres, hai que esperar a final de ano. Polo medio hai determinadas comunicacións ou hai determinadas operacións de tesourería que o único que te veñen dicindo é que dominas tanto a cuestión para que os nosos provedores sexan quen de cobrar en tempo, como practicamente ningunha comunidade o está facendo. Iso chámase dominar a tesourería, iso chámase esperar un momento a que haxa os datos do cuarto trimestre, onde se saberá a ciencia certa ao que nos referimos. E normal, incluso, que a débeda que tivemos ao 18,6 do PIB o ano pasado se aproxime ao mellor ao 18,5 % a finais deste ano, sendo este o primeiro que baixa. Pero o que é máis importante, como lle dicía, é que a nosa débeda basicamente mesetará en termos absolutos, a partir do ano que vén, nos 11.500 millóns de euros. Pero é que iso, se o comparas co anterior, son 7.500, e se tes en conta que a día de hoxe non se contan estas famosas liquidacións do ano 2008 e 2009, xa temos a día de hoxe case 1.100 millóns de euros como consecuencia dos famosos millóns que estaban pintados en ditos anos, e teremos que chegar a 2.200. E cando rematen, dese total de 11.500, esa diferenza de 7.500, 2.200 non poden ser achacados a este Goberno. É unha cuestión puramente de matemática moi simple. ¡Nin tan sequera hai que ir á universidade para saber este tipo de cuestións!

Volvo repetir, polo tanto, que non me gustan algunhas das cuestións que acabo de dicir, porque xa lles digo, non sei se de verdade é impericia —que me estrañaría en representantes tan lexitimados como son cadaquén de vostedes— ou se é mala fe, na introdución que están facendo a todos estes parámetros.

E, por suposto, en débeda pública, en calquera parámetro na Comunidade Autónoma de Galicia comparado con calquera comunidade temos unha relación que é perfectamente asumida no tamaño, na estrutura e no que está significando para as arcas públicas, pero perfectamente definida e asumible. Polo tanto, algo teremos que estar facendo ben cando nestes momentos temos practicamente 4.000 millóns de euros menos que o resto de comunidades autónomas se nos comportásemos en termos medios coma eles, o que significa máis de dous mil e algo de euros por habitante, que son os que en Galicia terán, e son en principio tamén un equilibrio xeracional.

Non tomemos agora decisións —xa que podemos non tomalas— que hipotequen o que debe de ser o futuro dos nosos mozos, de pagar no seu día o que fixemos nestes momentos, cando temos unha verdadeira opción distinta. Polo tanto, non podo coincidir con vostedes na apreciación que fixeron no tema da débeda.

Fiscalidade. Claro que aquí existe un modelo totalmente distinto do que é a fiscalidade entre uns e outros. Volvo repetir, non recoñezo ningún tipo de pecado orixinal. En cada un dos modelos que foron, e incluso do que discutiremos pola tarde, o que se detecta é unha propensión por cada un dos grupos ao que pode ser o esgotamento da capacidade fiscal. É que é un verdadeiro... Eu non sei, pero... sen pasarme de listo, creo que están aplicando a teoría de Robin Hood. Están aplicando todos e cada un de vostedes a teoría de Robin Hood: roubámoslle aos ricos para darlle aos pobres. Pero ten que pasar por min, que eu si que sei o que vou facer coas cousas.

¿Non será moito máis fácil que, tal e como se está producindo na economía en xeral, nos deixemos deste tipo de zarandajas? Incluso nas propostas que como veremos pola tarde fai algún de vós, vostedes, que enchen a boca aquí falando do que é a opción pola imposición directa ou indirecta, resulta que varias das figuras que van propoñer e que discutiremos pola tarde teñen unha propensión a trasladarse aos cidadáns moitísimo máis grande que o que se está dicindo. E verdadeiramente, no que están influíndo vostedes, se lles fixéramos caso nas posicións e actuacións que propoñen, resulta que si que estaríamos incidindo sobre as rendas medias e baixas para negar a posibilidade que teñen dende o ano 2016 dun incremento clarísimo no que é a súa renda dispoñible.

¿Como nos podemos regodear aquí, cando ás veces falamos do que significan os impostos cero no rural, se a día de hoxe levamos practicamente case 21.000 transaccións? Esperemos un pouco a mirar como estamos perfeccionando algúns destes instrumentos. *(Aplausos.)*

¿Como se pode chamar a certo regodeo o que significa o imposto de sucesións, ¡Dios mío!? Imposto de sucesións no que resulta que hai practicamente a día de hoxe 165.000 galegos que se viron beneficiados por esta situación. O que significa manter intacto o patrimonio familiar. O que significa que o que teus pais —basicamente teus pais— foron quen de conseguir, e pagando os seus impostos, manteña un certo nivel de unidade. O que significa aproveitar o noso Dereito civil, como dicía tamén o ano pasado, e estanse producindo as apartacións e os pactos sucesorios, grao diferencial que ten esta comunidade autónoma, que o que significa é que tamén os estamos poñendo en valor e xerando riqueza. Se non entendemos isto, non estamos entendendo o máis básico do que é a realidade social de Galicia. Volvo repetir, 165.000 persoas que a día de hoxe se viron beneficiadas por este tema.

Outro tema que tamén foi introducido, que é o tema da ocupación e do paro. É que xa me preocupa, xa me preocupa certa propensión dickensiana que teñen algúns a falar sobre estes temas, cando é un tema de semellante complexidade, pero de semellante riqueza, que non podo estar de acordo con moitos.

Sigo mantendo que a materia de emprego, e o seu correlato o paro, é unha prioridade para este Goberno. Foino desde o primeiro día e segue a ser porque queda moito por

facer. Pero é innegable que no ano 2015, cando empeza a recuperación, no ano 2016 houbo un incremento de 42.000 novos empregos. Díganse as cousas con coherencia. Nestes momentos, á altura do 2016, levamos 14.560 no que foi o terceiro trimestre. E estaremos en condicións de practicamente chegar este ano a 60.000 novos empregos, pero seguimos.

Como cando falamos de paro, e temos a taxa de paro onde a temos. Pero tamén no paro rexistrado, con 185.903 persoas, cada unha conta, ¡como non vai contar! ¿Como non vai contar, se a pesar de todo é o mes que menos temos desde o ano 2009? E non se pon en valor toda esta cuestión.

Como non se pon en valor cando eu digo que estamos saíndo dunha maneira paseniña, como somos en Galicia, e tamén dunha maneira ordenada, do que é a crise, e resulta que sobre os salarios medios ninguén sube aquí a contalo. Claro que estamos aínda relativamente por abaixo do que é a media española, pero nós seguimos a medrar, paseniñamente, máis 3,8 % nos últimos anos, e resulta que a media española, que tanto se defende para parámetros de ocupación, resulta que está no 0,5 %. Algo estaremos facendo ben.

¿Iso é co único que debemos quedarnos, e regodearnos con esta situación? De ningún modo, pero me parece que é innegable. Como é innegable, cando se fala de precariedade e se compara a contratación indefinida coa temporal, e resulta que nós temos o 73,8 % e España o 73,9 % en contratación indefinida. Pero resulta que tampouco se di aquí —tan afeccionados como somos á historia económica de España e de Galicia— que en plena bonanza, con determinadas cuestións e reformas laborais que non se levaran a cabo, resulta que en Galicia tiñamos o 69,6 % de indefinida. Entón, ¿cal é a crítica? ¿Que queren, volver ao 69,6 % ou quedarnos e mellorar o 73,8 %? Supoño que será mellor o 73,8 % desde o punto de vista da parcialidade. *(Aplausos.)*

Como cando se fala da contratación parcial e a tempo completo. ¡Claro que existe unha contratación parcial non desexada polas persoas que teñen este tipo de contratos! Pero ¿por que non se di que o comportamento da Comunidade Autónoma de Galicia é o quinto mellor —practicamente o cuarto mellor— que hai en España?

¿Pero entón onde vivimos? ¿Ou somos aquí unha illa aparecida no medio do Atlántico, e tal e cual? Para algunhas cousas si, sobre todo para o noso desenvolvemento mental.

De novo o tema da emigración. Outro tema no que estamos —creo que dunha maneira equivocada— sempre pululando. Pero non se preocupen, este que lles fala polo menos, e case todo o Goberno, non temos medo a falar destes temas. Tanto no ano 2015 como no ano 2016 os datos fundamentais negan algunhas das exposicións que se fixeron.

En concreto, e no conxunto, Galicia é a comunidade autónoma con menor taxa de emigración. Iso é irrefutable, irrefutable. Ano 2015, 1,12; ano 2016, 0,82. España 1,96 no 2015; 1,45 no 2016. Iso é innegable. A partir de aí, ¿como nos estamos comportando co resto do estranxeiro? Resulta que estamos gañando en 4.949 persoas. ¿Como estamos en xeral? Gañamos 3.000 persoas. Pero non, seguimos erre que erre co tema.

Mozos. Non manipulen, por favor. Entre 16 e 34 anos —supoño que eses serán os mozos, ¿non?— resulta que gañamos 143 habitantes. Imos ben. Imos centralo un pouco máis, en poboación xuvenil. Entre 16 e 24 anos, máis ou menos, é a denominación que lle dá o INE: poboación xuvenil. E resulta que entre 14 e 24 anos gañamos 957 habitantes. Pois nada, seguimos indo mal, ¡que lle imos facer!

Se así o medimos, entre 16 e 34 anos, resulta que o ano pasado tivemos +143 habitantes. Si que existe un tramo negativo, que vai dos 25 aos 44 anos. ¡Como negar isto! Pero estamos recuperando poboación vía emigración, tamén doutras comunidades autónomas, en termos netos. E sobre todo está entrando pola mocidade. Iso é bo como sociedade, ¡non neguemos a maior!, que é o que se está producindo. ¿Por que é tan difícil poñernos de acordo no que está significando a emigración de carácter xeral e no que está significando a emigración dos mozos?

Emprego público. Aquí tamén eu xa non sei se... Comprendo que cadaquén ten a súa forma de pensar, pero de novo volvemos xogar cos datos. Hai datos oficiais do ano 2008, 2009, e así sucesivamente ata este primeiro de xaneiro de 2017. E tamén a mediados de ano saíran, porque sempre se sacan os datos oficiais do Ministerio de Facenda dúas veces ao ano.

Pero o que non podemos é coller os cadros cando nos conveñen, e soamente ata aí... É bo utilízalos con normalidade, porque os mesmos cadros —por iso dicía tamén ao principio da miña intervención que a única forma de equivocarse é non facer nada— tamén collen ás veces determinadas chamadiñas que nos están dicindo que no ano 2009, 2010, 2011, había determinados erros, sobre todo porque estaban duplicados os efectivos que se estaban contando en materia de educación. ¡Ah!, ¡iso tamén o hai que contar!

É dicir, nestes momentos, e desde primeiro de xaneiro de 2017, nos cadros da Xunta de Galicia en termos amplos, non soamente da Administración autonómica, tanto na sanidade como nos servizos sociais, como en educación, como en Xustiza, resulta que temos máis persoas traballando, máis efectivos, dos que había nos mellores anos de bonanza, ¡pero seguimos dicindo que non! ¡Claro que existe unha pequena minoración —que ao mellor para algunhas persoas non é tan pequena— en educación, pero resulta que en educación, aínda así, seguimos tendo a mellor postura relativa de calquera comunidade autónoma de España. Pero nada, seguimos influíndo por aí.

Seguimos falando ata límites insospeitados do que é o tema da temporalidade. Pero se temos a temporalidade alta é por determinadas decisións que non dependen deste Goberno autónomo. Temos manifestado que sempre agotamos a nosa capacidade de convocatoria e o desenvolvemento de OPE. Cando aquí se critica de que non se teñen feito OPE, desde o ano 2009, con todas as restricións que está habendo, temos máis de 11.300 prazas que foron convocadas, desenvolvidas e resoltas segundo o caso. ¡E séguese dicindo! ¿E isto que provoca? Provoca que nestes momentos a Comunidade Autónoma de Galicia sexa a comunidade que menos interinidade ten con respecto a calquera outra comunidade de España en termos medios. ¿E por que? Porque fixemos dunha maneira recorrente oposicións e porque, ao mesmo tempo, mantivemos estables as nosas plantillas. Esa é a nosa situación.

E estoulles moi agradecido aos sindicatos, menos un, porque son capaces de confrontar con nós as súas ideas e poñernos de acordo para que no 2020 teñamos, como mínimo, o 7 % de interinidade e sexamos quen de sacar, como mínimo tamén, 14.750 prazas a oferta. Iso é o importante, onde imos estar. Porque nós si que temos a maquinaria suficientemente engraxada para, de acordo sempre cos sindicatos —que eles si que saben, ás veces, onde nos equivocamos—, chegar a ese ano 2020 por debaixo do 7 %, e se é posible do 6 %, que de novo sería unha interinidade técnica, porque todos vostedes deben de saber que os procesos de selección tan complicados como ten a función pública en xeral, dentro de Galicia, cabalgan un ano sobre outro nunha propensión de aproximadamente un ano coma algo desde que se convoca ata que fan os exames e se resolve todo. Polo tanto, igual que hai unha consolidación fiscal técnica, iso sería tamén, practicamente, un pleno emprego técnico no sector público.

Esa é a situación onde estamos, e por iso somos quen nestes momentos de superar no ano 2017 as 3.400 prazas ofertadas, como así o faremos dentro de moi pouco, e aprobaremos o último tramo que nos queda en materia de sanidade e de administración xeral, como ben coñecen, e o mesmo para o ano que vén. Sempre da man cos sindicatos. Pero o que non se pode é vir aquí dicir que, por falta de rigor e de realismo, non sexamos quen de manifestar dúas cousas: en materia salarial ter a precaución, no orzamento de 2018, de reservar o 2 % da masa salarial e do custo do capítulo I en xeral. Pero existe un acto de prudencia. Por unha parte, estamos dicindo que o 1,5 % mínimo do que se ten falado a nivel xeral, con carácter básico, se vai producir. Nós a iso xogamos, e incluso máis. No diferencial do que se está falando, de se correlacionalo co PIB ou correlacionalo con outro tipo de magnitude etc., nós a iso xogamos. ¿Por que? Porque cremos que é algo de normalidade predicar co que sempre dicíamos, que é o tema salarial. No tema salarial, se hai unha recuperación do común de arredor do 2 % —dous coma pouco por cento— sería un óptimo, porque nestes momentos a Comunidade Autónoma de Galicia pode soportar esa situación por como se fixeron as cousas anteriormente.

Polo tanto, esta é a nosa situación. Creo que é un ben en si mesmo esa precaución que tivemos, respecto do emprego público, en materia salarial. Pero tamén nos está dicindo que a Comunidade Autónoma de Galicia de novo, nunha relación de carácter biunívoco respecto dos distintos sindicatos, si que está a xogar ao que temos de común e xeral, non está disposta a xogar en determinados incrementos de carácter grupal por moi significados que sexan. Creo que é moito máis o que temos en común que o que nos diferencia, e para iso non se está.

Para non estenderme demasiado, si que me gustaría, por último, outro dos grandes debates que aquí se produciu, que era esa cuarta fase do crecemento san, que nós interpretamos que está en estabilidade a partir do ano que vén, que é a negación que se fai dos efectos do crecemento económico sobre o benestar das persoas. Se así o facemos, dariámonos conta de que a partir do ano 2014, trimestre a trimestre, a economía de Galicia foi mellorando. Calquera parámetro que fagamos nestes momentos respecto da sanidade... É que incluso... ¡como se xoga coas cifras! cando din que o orzamento de 2009 —aínda sen corrixir os efectos, como dixen, deses 1.600 millóns de euros— resulta que a día de hoxe o orzamento en sanidade é maior que o que había no ano 2009.

Cando falamos de educación e se compara o ano 2009 co ano 2018 —por iso lles pido un pouco máis de pericia cando se comparan os números— en materia educativa, temos un pequeno diferencial negativo entre o ano 2009 e o ano 2018. Resulta que se temos en conta o zapaterazo sobre as retribucións dos funcionarios, o 5 % que se perdera, e dada a gran propensión de consumo en salarios e en custos empresariais que ten a educación en Galicia, xa estaríamos en positivo.

Cando comparamos os servizos sociais, estamos falando de setecentos trinta e algo millóns de euros —paréceme recordar— fronte a cincocentos e algo, e séguese falando. Cando se fala da xustiza, resulta que se segue falando, cando temos aproximadamente uns 40 millóns de euros máis ao ano que os que daquela había. Por certo, con máis cadros de persoal, aproximadamente unhas 200 persoas.

¿Por que non se pon en valor todo isto? ¿Por que non se pon en valor? ¡Claro que houbo unha afectación!, sobre todo no parámetro de investimento. No de investimento aprobado, que o que foi liquidado, nin por casualidade, ¡nin por casualidade! Polo tanto, non manipulen estas cuestións.

E non manipulen, por favor, cando se miran os indicadores que están a percibir as persoas. Como lles dicía anteriormente, ¿como non se vai percibir nas persoas se teñen traballo ou non o teñen respecto da situación que había no 2015? ¡Se xa levamos máis de 72.000 persoas que atoparon un posto de traballo! ¿Como non o van percibir? ¿Como non o van percibir cando miramos que os fogares resulta que dunha vez... ¿Estamos no óptimo? ¡De ningún modo podemos estar no óptimo! Pero como di a EPA do terceiro trimestre, resulta que temos 10.400 fogares que non teñen xa a todos os seus membros en paro. E pouco a pouco imos camiñando. ¡Claro que queda moito por facer! Pero creo que se está facendo suficientemente ben.

Como cando se mira o consumo, e o consumo presenta parámetros de recuperación moi importantes. ¿E quen consume? As familias. ¿E cando? Cando teñen, ou teñen unha expectativa de ter. E estamos presentando en consumo ratios que se aproximan e superan bastante a media das comunidades autónomas que en España hai.

Como tamén cando miramos outros dos ditos —e dende que hai datos hai tres anos— no que é o tema dos lanzamentos hipotecarios. E cando miramos que o tamaño que temos o día de hoxe é inmensamente inferior ao que había. Supoño que será por algo, supoño que algo o están a notar estas persoas. Supoño que será por algo cando a confianza dos empresarios está nestes momentos en máis de 20 puntos por riba do que estaba no seu momento dada a crise. Supoño que as expectativas que teñen os empresarios —que normalmente analizan para ter o seu negocio— a algo responderán. Supoño que algo haberá cando comparamos —como dicíamos antes— a sanidade e xa levamos case máis de 1.000 millóns de euros nestes catro últimos anos, onde está a educación, onde están os servizos sociais... ¿De que sae? Eses son os ingresos, e obviamente os ingresos que calquera Administración teña —a Xunta— o que nos está dicindo é que hai recuperación económica, ¿se non como iamos ingresar nós cada vez máis? ¿Tan difícil é de entender?

Polo tanto, na miña segunda intervención quizais lle conteste máis polo miúdo a algunhas cuestións ás que non me deu tempo nestes momentos, cuestións que alguén de vós urxiu. Comprométome tamén, na medida do posible, a tratar de gardar un certo nivel de coherencia.

E tamén un certo nivel de coherencia cando se fala de pedir ou non pedir perdón respecto do que significa o financiamento autonómico, do que é o modelo, cando funciona... Sempre o dixemos, eu creo que non hai que pedir nin perdón nin non perdón. O que nós sempre dixemos é que o financiamento autonómico actual é froito dunha relación multilateral, non bilateral. A iso este Goberno négase.

Tema número un: nunca esquecer que aquí a relación é de carácter multilateral e non bilateral. E non importa incluso tanto o resultado, pero é unha cuestión de que polo menos non somos iguais a calquera e temos a nosa postura, incluso para equivocarnos.

Tema número dous: sempre dixemos que aquí hai que dicir que hai contar con persoas, e iso lévanos a contar os servizos que reciban esas persoas. Iso significa igualdade, e igualdade levada ao extremo. E os parámetros actuais non recollen na súa condición de poboación axustada algúns dos grupos nos que Galicia si que presenta un diferencial respecto de calquera outra comunidade autónoma, como son os maiores de 65, e sobre todo a propensión dos maiores de 85 anos coa influenza que ten. Como tamén algún dos xogos florais que se están facendo por algunha comunidade autónoma tamén respecto da dispersión, tal e como coñecemos a día de hoxe. Ou tamén o recoñecemento explícito que se fai de determinadas cuestións que me parece que trataremos pola tarde, dalgunha proposta de incremento imaxinativo do que é o FCI sobre o parámetro que nos estamos dando nestes momentos. Cando o parámetro de definición do tamaño do FCI pivota nestes momentos —gústenos ou non nos guste, outra cousa é que propendamos a telo maior— sobre unha porcentaxe respecto do que é un investimento da Administración central.

Polo tanto, non debemos de perder a situación. Todos sabemos que en materia de financiamento autonómico o informe do grupo de expertos xa foi presentado. Presenta determinadas cuestións que en principio poden beneficiar esta comunidade autónoma, pero tamén abre determinados riscos. A etapa actual na que nos atopamos é no debate previo ao que será a resolución máis política deste financiamento, cun horizonte temporal que supoñemos que será no primeiro trimestre do ano que vén, pero previamente o que está activado é o grupo de traballo de expertos —pero de expertos de cada comunidade, neste caso xa dunha maneira directa— dentro do que é o Consello de Política Financeira e Fiscal. Aí estamos, e estámonos xogando moito. Serán suficientemente informados os grupos da Cámara de cal é a nosa postura, obviamente, e de por onde van indo os tiros sobre esta cuestión, sabendo que todo se pode acelerar. Eu creo que deberíamos de ter todos tamén o suficiente repouso intelectual e persoal incluso. Pódese acelerar no primeiro trimestre ou cuadrimestre do próximo ano.

Pero, coma sempre, nós do que falamos é das persoas, e nós do que falamos é de rigor. E nós o que procuramos é ter un certo nivel e dominio sobre cada unha das cuestións que aquí nos traen a responderlles a cadaquén de vostedes. Se entre todos, cun aire de normalidade, recoñecendo que moito temos mellorado pero queda moito por facer nos distintos ámbitos, creo que todos nos poderemos ir de aquí un pouquiño máis contentos para deixarlles aos

que nos sucedan unha sociedade un pouco máis digna. A iso nos dedicamos, polo menos este que lles fala, en nome do Goberno que representa.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Grupo non emendante. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o Grupo Popular, como non presentou emenda á totalidade, loxicamente non imos ter moito tempo de intervención. Neste debate é evidente que o protagonismo bascula entre as propostas da oposición e a defensa dos orzamentos que fai o conselleiro.

Sen embargo, si creo que é conveniente que o grupo maioritario faga algunhas reflexións, aínda que primeiro o que cómpre é felicitar o equipo do conselleiro, en xeral á Xunta, e particularmente ao conselleiro, tal e como fixemos en Comisión, porque nun período de menos dun ano presentou nesta Cámara dous proxectos de lei de orzamentos; en febreiro, o que aprobamos para o ano 2017; e, agora, en data, o do 2018. Dúas leis de medidas fiscais que acompañan as leis de orzamentos. E ademais, polo medio, no verán presentou a Lei de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social, que realmente era un cambio significativo nas leis de orzamentos. Cinco leis de materia orzamentaria en menos dun ano demostran capacidade de traballo, pero tamén demostran a importancia da estabilidade política, que se traduce neste caso en certeza e estabilidade para os axentes económicos, en especial, en relación coas políticas fiscais.

Evidentemente —como tamén avanzamos en comisión—, para nós este é un orzamento axeitado, que centra as prioridades nun contexto de crecemento do PIB e no incremento do gasto, fundamentalmente no gasto social, para paliar os efectos que deixou a crise entre nós; para impulsar o investimento, particularmente o que favorece os sectores máis produtivos; e ademais —o que para nós tamén é moi importante— garantindo a sostibilidade do Estado do benestar. Certamente, este esforzo tradúcese —hoxe mencionáronse datos do índice de Gini— en que Galicia está con máis igualdade despois da crise que a media da Unión Europea, e moi lonxe da media española. Os datos do índice de Gini —os últimos coñecidos, que son do ano 2015— dan a Galicia o 0,29; a España, o 0,35; e á Unión Europea, o 0,31. Canto máis grande é o índice, máis desigualdade reflicte. Polo tanto, para nós é fundamental seguir estando lonxe das medias española e europea con relación á igualdade, porque, efectivamente, a igualdade é un valor que cohesiona a sociedade e que fai que as cousas, en xeral, para todas as familias vaian mellor.

Nós estamos moi de acordo con algunhas das prioridades. Esgótase o teito de gasto; 9.487 millóns de euros en gasto non financeiro. Iso quere dicir que son 1.100 millóns de euros máis que no ano 2014, 265 máis que o ano pasado. Crecen os capítulos I e VIII o 3,7, cando a previsión de crecemento do PIB real é do 2,5. Isto ademais está baseado nun crecemento da

economía e baseado no sector exterior, pero tamén no bo comportamento do consumo e do investimento.

Deste xeito, aproveitamos que Galicia, efectivamente, é a comunidade autónoma na que, pese a todos os agoiros que oímos ao longo da crise, máis medrou o PIB por habitante. Desde o ano 2000, no que Galicia estaba na última posición en termos de PIB por habitante de todas as comunidades españolas, hoxe está na décima, e dous postos subímolos desde o ano 2008. Polo tanto, iso reflicte un crecemento do PIB por habitante do 9,1 —un bo comportamento, polo tanto— e transformación de economía. E mellor aínda é cando sabemos que a renda dispoñible está no 92,5 da media española. Porque quere dicir que, ademais de mellorar o desenvolvemento da economía galega, non só é iso, senón que ademais contamos con maior capacidade de gasto como consecuencia da redistribución.

Todo isto nun contexto de inflación da que o último dato que coñecemos é do 1,5, porque se di que se o presuposto crece máis ou menos que o PIB nominal. Cando se di que o PIB nominal crece o 5 porque se pensa que vai haber taxas de inflación do 3 %, que foi o que había en xaneiro —e varias veces falamos disto na Comisión 3ª, e ao final, unha vez máis, quen acertou foi o Goberno, cunhas taxas, insisto, de inflación que están en outubro no 1,5—, quere dicir que, certamente, os orzamentos, mesmo nas cifras globais de gasto, teñen unha compoñente expansiva que se reforza cando encima se alixeira a carga fiscal de moitas familias, particularmente as das rendas máis baixas.

O segundo motivo para eloxiar estas contas é que o aforro primario por operacións correntes é de 1.015 millóns de euros. É dicir, que os ingresos correntes permiten financiar investimentos por 1.015 millóns de euros. Se temos en conta que hai 570 de ingresos de capital, iso quere dicir que, como di a memoria económica, os 1.000 de aforro primario equivalen basicamente aos 1.000 de formación de capital. O cal quere dicir que estamos xa practicamente no que é o proceso de terminar o proceso de consolidación fiscal. E para nós iso tamén é certamente moi relevante.

Crece o gasto social, crece o investimento —un 6,5 % fronte ao 2,9 % dos orzamentos— e cun endebedamento mínimo. Aquí tamén se falou moito disto: 193 millóns de euros este ano. Estamos falando dun 0,3 % do PIB, e isto quere dicir que Galicia ten este ano, por primeira vez desde que comezou a crise, unha baixa ratio débeda-PIB. E, novamente, aquí dixéronse cousas inexactas. Comprendo que o señor Villares aproveite a miña intervención para saír, pero sería bo que non dixese cousas raras. Porque di que ocultamos a débeda na público-privada. Galicia no ano 2008 tiña 309 millóns de euros de débeda pública-privada, actualmente ten 389. En Galicia representaba o 0,5 % do PIB e agora representa o 0,7 % do PIB, hai un incremento de dúas décimas do PIB. Pero no total das comunidades autónomas pasou do 0,2 % ao 0,8 %; é dicir, Galicia utilizou moito menos intensivamente a colaboración público-privada que o resto das comunidades autónomas. Pero, en todo caso, o que é importante é que o total da débeda pública, con ou sen PIB, apenas varía e que estamos nun 18,6 fronte a un 24,8 da media. Polo tanto, hai unha magnífica execución da débeda, cousa que a nós nos gusta.

Tamén había que precisar que a estas contas se lles engade o gasto que hai como consecuencia dos baixos intereses. E iso non é polo FLA. É que na emenda á totalidade de En Marea

ponse de forma moi clara que é polo FLA. Non, non é polo FLA. O FLA implicaba a intervención da comunidade autónoma e a perda da autonomía financeira. É polo Fondo de Facilidade Financeira que Galicia pediu como comunidade cumpridora para que non tivesen máis premio as que non cumprían que as que cumprían. Polo tanto, seguimos tendo perfecta autonomía de gasto —non ocorre coma no resto das comunidades autónomas, que teñen que pedir permiso cada vez que pagan unha factura— e ao mesmo tempo temos apoio financeiro do Estado.

En definitiva, os ingresos seguen mantendo a progresividade, baixadas para as persoas que menos renda teñen, unha apertura á capitalización das familias tamén con menos recursos —os que teñen unha base en sucesións de 400.000—, e mantemos o imposto do patrimonio e os gastos fiscais. Critícanse os gastos fiscais, dise que son caciquismo. Onte, ou antonte, viña unha nova que dicía que o 48 % das familias numerosas non chega á fin de mes. É un dato preocupante, pero resulta que os gastos fiscais que critica a oposición son en moi boa medida de apoio ás familias numerosas. Tendo en conta cales son as prioridades demográficas de Galicia, paréceme que, cando se critiquen os gastos fiscais e mesmo se acusen de caciquismo, sería bo que explicasen se queren quitar os das familias numerosas ou os das persoas con discapacidade, etc.

En definitiva, temos un orzamento que nos gusta, e simplemente por iso rexeitaríamos as emendas. Pero é que, ademais, as propostas que nos fai a oposición non nos acaban de gustar. Mellor dito, non as da oposición senón as das distintas oposicións que, desde a súa pluralidade, nos fan distintas alternativas. E sobre isto o que quixera facer son algunhas reflexións.

Primeiro, unha máis xenérica sobre o que é a filosofía presupostaria. Sabemos que os ingresos e a repartición da súa carga ten efectos económicos e ten efectos na redistribución da renda. Os gastos e a súa estrutura tamén teñen consecuencias económicas, e sabemos, desde que a facenda pública formulou a tese da facenda múltiple, de Richard Musgrave, que todas as decisións de ingreso e gasto que adoptemos inflúen cando menos no que é a asignación dos recursos. Por exemplo, cando falamos de desemprego temos un problema de asignación de recursos. Cando falamos de desemprego tamén falamos da redistribución da renda. Pero, sobre todo, en función de quen pague os impostos e quen recibe o gasto social, que é o compoñente máis redistributivo das contas públicas, estamos a falar de xustiza, de equidade. E, finalmente, falamos de estabilidade económica.

Entón todas as decisións son complexas e por iso os orzamentos son o que se coñece tecnicamente como un problema económico: hai uns recursos e podemos dedicalos a distintas alternativas que teñen efecto sobre a asignación, redistribución e estabilidade do ciclo económico. Por iso nós, cando se chega aquí e se repite varias veces que se aposta pola suficiencia fiscal, que significa que o gasto público non debe de vir condicionado pola capacidade de recadación senón que hai que recadar en función das necesidades sociais reais —é dicir, cando se diga que hai que buscar as necesidades e despois xa buscaremos os cartos—, pois comprenderán que con esa filosofía orzamentaria é difícil que lles deamos moita credibilidade ás emendas que nos presentan, e particularmente á emenda á totalidade.

Tense falado moito de Keynes. O certo é que nós iamos fundir a economía, e eu creo que a lectura destas tres variables ao longo do ciclo vénnos dar a razón. Estamos con crecementos do 3 %, o dobre da media da Unión Europea, onde tamén sopran a favor os ventos de cola. Elóxianse, por certo, algúns cambios das políticas europeas, como a política monetaria, pero non se deixa de criticar a Troika. En fin, todas estas cuestións, como comprenderán, a nós parécenos que non son a forma axeitada de ver a filosofía xeral dos orzamentos. O meu mestre, Carlos Otero, dicía, cando se falaba de técnicas orzamentarias, que presupostar era moi fácil, que o caso era ter os cartos. Esa é a esencia do presuposto, e non o feito de saber cales son as necesidades e despois non ter cartos, porque iso o que xera é moita frustración.

Ademais, incluso poderíamos facer un exercicio interesante. Por exemplo, o de ver que o ano pasado as necesidades da sociedade implicaban unhas emendas por 695 millóns de euros —que eran as que presentaron En Marea, de ampliación dos orzamentos—. E resulta que, se este ano modificamos en 228 —que xa están nos orzamentos e que se consolidan— e ampliamos en 331, nos dan 559. Un podería pensar que xa estamos só a 127 millóns de euros de cubrir todas as necesidades sociais. O que pasa é que este ano eles seguen pensando que as necesidades sociais medraron outros 500 millóns de euros.

Ben, isto é unha pequena brincadeira, pero non o é que teñan vostedes en conta que non se presuposta así. E tamén quero aludir a que esa imbricación de instrumentos de ingreso e gasto se ve moi ben no imposto sobre o patrimonio. Hoxe díxose aquí que o PP favorece, ou colabora, co capital e coa formación do capital. O Ibex no ano 2007 tiña un beneficio de 49.000 millóns; no ano 2016, ten 34.000. A banca no 2007 tiña 18.000 millóns de beneficios, e hoxe ten 7.000 millóns de beneficios. Ben, eu simplemente dou os datos, porque debe ser que facemos moi mal isto de colaborar co gran capital; e en Galicia particularmente, porque temos un imposto sobre o patrimonio que é dos máis altos de España —entre outras cousas, polo que pactamos co Partido Socialista—. Somos un goberno que lles baixa a renda aos traballadores que teñen menos renda e mantemos o imposto do patrimonio. ¿Poderíamos subilo? Poderíamos. ¿E se os que teñen o patrimonio, como xa empeza a ocorrer, marchan ás comunidades onde non se paga o patrimonio? Pois probablemente teríamos un dobre problema, porque subiríamos os impostos e perderíamos recadación, perderíamos residentes con alto patrimonio. En todo caso, o que non se nos pode dicir é que somos moi neoliberais.

Segunda consideración, o punto de referencia é o ano 2009. Vostedes din que critican que nós falemos do Bipartito. Hoxe os tres portavoces falaron das contas do ano 2009. Tomemos o 2009 como punto de referencia. No ano 2009, como ben indicou o conselleiro, vostedes tiñan 1.600 millóns de euros de liquidacións negativas polas entregas á conta que seguimos a pagar ano a ano a Comunidade Autónoma. O conselleiro, que é xeneroso, esqueceu dicir que aquel ano nos orzamentos ía unha emisión de débeda de 905 millóns de euros. É dicir, vostedes tiñan, entre a débeda incluída nos orzamentos e a débeda que tivemos que pagar despois, porque estaba nas liquidacións negativas que viñeron detrás de que deixaran o Goberno, 2.500 millóns de euros de endebedamento no ano 2009, fronte aos 193 que levan estas contas.

Ben, con eses recursos de endebedamento que vostedes utilizaron resulta que no ano 2009 en sanidade se gastaron 3.719 millóns de euros e no 2018 están previstos 3.858 millóns de

euros. Pasa a sanidade de ser o 35 % do gasto a ser o 40 % do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma, e o gasto por habitante medra de 1.300 euros a 1.430 euros. En educación vostedes gastaban 2.400 millóns de euros, e son 2.200 agora, unha caída da cantidade mínima. Pero se a vemos por habitante, tendo en conta a poboación de 2 a 24 anos, subiu de 4.461 euros por habitante a 4.610 por habitante. En acción social, vostedes gastaron 570, e agora, no 2018, neste orzamento, van 727, un incremento do 7,7 % e un gasto per cápita que sobe de 205 euros a 270 euros. Gasto en sanidade, gasto en educación e gasto en promoción social que crece moi por riba do que se gastaba no ano 2009. Evidentemente poderíamos seguir: concertos sanitarios, 217 millóns no 2009 e 205 —unha caída do 5 %— no ano 2018; concellos, de 113 a 120 no Fondo de Cooperación Local; en universidades, de 338 a 421.

Vostedes poden dicir que este Goberno é neoliberal. Pero, se este Goberno é neoliberal con estas cifras, o seu era anarcocapitalista perdido. (*Aplausos.*) E iso é algo que convén lembrar.

¿Que é o que pasou? Pois que vostedes o que son é uns nostálxicos da burbulla inmobiliaria. A principal transformación que tivo a economía galega desde que estoupou a burbulla inmobiliaria é que a construción pasou de representar o 11 % en Galicia do valor engadido bruto total a ser o 6 %. En España baixou do 10,1 % ao 5,1 %. Evidentemente, aqueles orzamentos inflados sostíñanse na burbulla inmobiliaria, e cando esta estoupa no ano 2009 o que temos son 1.600 millóns de euros a pagar á conta máis unha emisión de 900 millóns de euros.

Claro, pensar que hai que comparar estes orzamentos con aqueles, con este cambio substancial da estrutura da economía galega, evidentemente é un exercicio no que non imos entrar.

Remato, señor presidente.

Tamén ao longo das intervencións desta mañá se dixo que aquí había pouca ambición. Claro, ser ambicioso, ou non, depende do que un ambicione. Nós ambicionamos que os orzamentos sexan sostíbeis, e que sexan sostíbeis ao longo do tempo para poder financiar o gasto social. Nós somos ambiciosos en que a débeda non se incremente máis do necesario, porque cremos que iso pode lastrar a recuperación futura e porque non é ético deixar débedas para que paguen as xeracións futuras. Nós ambicionamos que o investimento se faga con aforros brutos e non exclusivamente con débeda, precisamente polo que acabo de dicir. Nós ambicionamos que creza o PIB e que as contas públicas xeren un ámbito onde se cree emprego, as empresas exporten e, polo tanto, siga crescendo o PIB. E nós somos ambiciosos no social, cremos que, efectivamente, a sanidade, a educación e as políticas sociais son prioritarias.

Se se ambiciona todo isto, evidentemente hai que apoiar estes orzamentos. E, evidentemente, por iso imos rexeitar as emendas á totalidade que presentan os grupos da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, voulle relatar algunhas notas que tomei durante a súa intervención, eran as respostas que daba aos datos, ás valoracións, que facemos desde a oposición: falta de nivel, falta de rigor, falta de pericia, somos malos —imaxino que tamén malas—, temos mala fe e o argumento seu favorito, que non entendemos. E hai outro que para min creo que é un argumento de gran rigor: non estamos lexitimados porque o PP ten máis votos. Iso é unha emenda á democracia. (*Aplausos.*)

Todos e todas temos a mesma lexitimidade para estar aquí e para facer as valoracións que queiramos, porque os galegos e as galegas que non votan PP, que son moitos, que son moitos, teñen todo o dereito do mundo a expresar a súa opinión, e todos e todas temos a mesma lexitimidade. Vostedes son goberno e nós somos oposición; pero lexitimidade democrática, exactamente a mesma. (*Aplausos.*)

E, miren, o que si lle agradezo —e agradézollo moito— é ese ataque de sinceridade, aínda que fora un pouco inconsciente, ao inicio da súa intervención, que máis ou menos o que veu dicirnos é que subirlles os impostos aos ricos é roubar. Non, non, roubar é a Gürtel, roubar é o caso Lezo, (*Aplausos.*) roubar é a caixa «b» do Partido Popular. Subirlles os impostos ás persoas que teñen máis beneficios para facer políticas redistributivas chámase xustiza social e equidade, o que non practica o Partido Popular.

¿Sabe como serían máis felices os galegos e as galegas? Non o serían vendo como lles reducen os impostos ás rendas máis altas. ¿Como serían máis felices os galegos e as galegas? Se recuperáramos a gratuidade dos libros de texto, se realmente tiveran un centro de día en Rianxo, que por iso estaba protestando esa señora nesta tribuna, (*Aplausos.*) porque levan días e días encerrados e o Goberno galego nin está nin se escoita, e actúa cunha frialdade que é realmente pasmosa. As galegas, sobre todo as galegas, serían moito máis felices se atenderan a eses 15.000 dependentes que teñen dereito a unha prestación e aos que o seu goberno xa lles dixo que non os vai atender; ou serían moito máis felices se realmente non tiveramos listas de espera na sanidade pública, porque iso está facendo que moitos e moitas, na súa desesperación, teñan que estar pagando as súas tributacións para poder ter unha sanidade pública pero ao mesmo tempo teñan que recorrer á sanidade privada porque as súas listas de espera desde logo están poñendo en risco a saúde das persoas.

E, mire, eu agradezo que vostede non tocara demasiado —aínda que o fixo— o tema de Cataluña como escusa para xustificar o que está pasando neste momento no noso país. Porque realmente o problema da desaceleración da economía non ten que ver con Cataluña, e reconéceo até o propio Goberno. É a nova escusa —eu xa sei que Alberto Núñez Feijóo é fan de todo o que sexa o anticatalanismo, porque é a súa grande afección— para non querer ver ou para que a sociedade non vexa os problemas que está xerando o modelo económico que representa o Partido Popular, e moi particularmente para Galiza, que estamos pagando a prezo de luxo a submisión do señor Núñez Feijóo (*Aplausos.*), a prezo de luxo.

Miren, como non lles gustan as críticas do BNG, pois imos ver unha valoración —que eu creo que é algo que polo menos para vostede terá rigor— que é da Comisión Europea. Sae hoxe nos medios de comunicación a valoración que están facendo sobre a situación do noso país. ¿Que di sobre a innovación? Di que Galiza ocupa un posto rezagado, a remolque, e sen conseguir frear a fuga de cerebros. E boa parte da responsabilidade é política. A baixa calidade do Goberno obstaculiza o desenvolvemento económico e reduce os efectos do investimento público, incluído o cofinanciado polos fondos de cohesión.

Pero é que di máis, e eu creo que isto contrasta con esa Galiza das marabillas pola que estou asombrada de que non os chamen os gabinetes a nivel económico, o FMI, para fichalos, porque certamente o milagre galego merecería que se estendera ao resto do mundo. Pero, ¿sabe o que está dicindo a Comisión Europea? Di: «As rexións de transición apenas progresaron, e veranse superadas por outras menos desenvolvidas no ano 2020 se as tendencias persisten. Segundo o histórico do PIB, Galiza está perdendo a inercia acadada entre 2000 e 2008, cando acumulou un progreso entre o 15 % e o 20 %, cifras que se desplomaron durante a última década entre o 5 % e o 10 %. O estancamento económico e un medio pouco favorable empuxan os xóvenes máis cualificados a buscar oportunidades laborais fóra de Galiza». Isto non o invento eu, publícano os medios de comunicación. E é a crítica que están facendo as institucións europeas ao desastre que deixan as súas políticas económicas. É un desastre que denuncian outras organizacións. Insisto, neste caso xa non lle dou cifras nin do BNG nin do IGE, senón de Cáritas —que imaxino que é unha organización que, polo menos, vostede respectará—, que está denunciando que hai case 700.000 galegos e galegas en risco de exclusión e que temos 132.000 persoas en pobreza severa. Se a vostede iso lle parece un crecemento san, se lle parece unha situación óptima, en fin, faga vostede o que considere mellor.

O que non nos puido rebater é que hai unha precariedade crecente, e que o problema é que as reformas laborais, primeiro do Partido Socialista e despois do Partido Popular, están creando un auténtico desastre social. Porque medra o PIB pero as rendas dos traballadores e das traballadoras cada vez son menos; medra o PIB pero iso non nos di como é o acceso á sanidade, como é o acceso á educación e como se distribúe a renda; e medra o PIB e o que vemos é como en Galiza vostedes están desatendendo os servizos públicos.

Mire, nós damos datos que son os que hai oficialmente nas estatísticas, os mesmos que nos remite o seu goberno. E o que nos di é que no noso país hai menos traballadores públicos, e os que hai están nunha situación de maior precariedade. Se nos envía datos falsos, pois corríxaos. O que non pode dicirnos é que faltamos á verdade cando estamos utilizando a información oficial que nos remite a Xunta de Galiza a este Parlamento. É dicir, que, se tiñamos 82.299 funcionarios, ou traballadores públicos, en 2009 e se en 2017 a cifra que nos dá é que hai 86.268, non pode dicirnos que mellorou a situación, porque aquí están os datos e a realidade. Do mesmo xeito que vostedes enganar a poboación anunciando convocatorias de emprego público que logo non se realizan. ¿Ou acaso se realizaron as de 2016 en sanidade? ¿Non están sumando esas convocatorias ás ofertas de emprego público que están facendo agora e vemos, mentres, como se deteriora un servizo esencial como é o servizo sanitario? Polo tanto, nós o que lles pedimos é que abandonen a propaganda e que se poñan realmente a traballar, que é para o que lles pagan os galegos e as galegas.

E, en fin, que o señor Puy, en representación do Partido Popular, nos diga que é malo endebedarse cando o señor Feijóo triplicou a débeda pública deste país, pois, en fin, non sei como cualificalo. Porque entón imaxino que vostede lle fará unha emenda á totalidade a toda a política económica que fixo o señor Feijóo.

E o que é gravísimo —e desde o noso punto de vista parécenos unha irresponsabilidade— é que non queiran recoñecer os problemas de fondo. Está claro que na súa arcadia feliz non existe a precariedade, non existe o paro, non existe xente con problemas gravísimos para chegar á fin de mes e temos un sistema cuasi perfecto. Porque no tema do financiamento vostedes levan durante moito tempo sendo responsables dunha inxustiza. Insisten en que este modelo foi froito da bilateralidade. Pero quen asinou este modelo de financiamento foi o señor Feijóo. ¿Por que non se opuxo a ese modelo de financiamento? ¿Por que non reclamou un trato xusto para o noso país? Levamos varios anos en que o Partido Popular tiña a obriga legal, o Goberno central tiña a obriga legal, de revisar o modelo de financiamento. Non o fixeron, e vostedes aceptárono. ¿A custa de que? Pois de precarizar os servizos públicos e de ter que endebedarnos máis. Porque sabe perfectamente que o custo real dos servizos públicos en Galiza é superior ao que nos están fornecendo a través do sistema de financiamento.

E non é un problema de que non paguemos suficientes impostos ou non teñamos a suficiente riqueza como para soste os nosos servizos públicos. É un problema dun modelo centralista, inxusto e desigual. E a pregunta que nós lles facemos é se o Goberno vai facer algo. Porque o que non vale é que, cando existe unha discriminación, o Goberno galego cale, que é o que leva facendo sistematicamente durante todo este tempo.

Do mesmo xeito que insistimos en que o nivel de execución que teñen os orzamentos da Xunta de Galiza é claramente deficiente. E non só teríamos que analizar o nivel de execución. Tamén teríamos de analizar os cambios que se fan no propio orzamento ao longo do ano. Efectivamente, aí veríamos como as prioridades que se debuxan no orzamento —que en moitas delas non coincidimos— nunca chegan a materializarse, porque se están desviando fondos importantes de ámbitos sensibles a outro tipo de fins. Vímolos, por exemplo, coa política agraria, que acabou subvencionando as árbores da Cidade da Cultura. Desde logo, non creo que esa sexa unha maneira de enfrontala. (*Aplausos.*)

Preocúpanos, señor conselleiro, que vostedes non queiran recoñecer o problema que hai nos orzamentos do medio rural. Con estes orzamentos non se vai poder facer fronte non só ás consecuencias da vaga de lumes senón tamén á posta en marcha dun novo modelo forestal. E iso parécenos unha irresponsabilidade, porque é un dos principais retos que temos por diante.

En definitiva, hoxe a Xunta de Galiza presenta uns orzamentos que son o vello, o máis rancio, desa política centralista e neoliberal, que son un negocio nefasto para Galiza. E desde o BNG o que lles ofrecemos é a posibilidade de non repetir os erros do pasado e construír un orzamento que sexa diferente e que realmente lle dea unha oportunidade a este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días outra vez.

Eu creo que o primeiro que temos que facer é pórnos de acordo nalgúns datos básicos e intentar non retorcelos demasiado. O portavoz do Grupo Popular presumía da converxencia en termos de PIB por habitante desde o ano 2000. O que pasa é que —datos do propio orzamento da Xunta— o incremento se produce até o 2009. A partir do 2009 o que hai é unha práctica estabilidade en relación coa media española; e, en relación coa media europea, unha caída. Hai un punto de ganancia desde o ano 2009, desde o 88 ao 89,1, un punto de ganancia.

Por certo, o mesmo que ocorre nos salarios, señor conselleiro. Se collemos o salario medio —datos oficiais— de Galicia do ano 2009 en relación coa media española, estaba no 89 %. Se collemos o do ano 2015, que é o último publicado, está no 89 % tamén. Pois non debería presumir tanto disto, con estes datos que dan unha practica estabilidade.

Miren, este é o gráfico do que eu lles comentei de pasada antes. Esta é a distribución factorial da renda. Por unha parte, as rendas do traballo —a partir do 2009 miren o que pasa—, e, por outra, as rendas mixtas e do capital —e miren o que pasa a partir do 2009—. Ese é o problema. Eu podo entender que vostedes teñan boas intencións. O problema é que os resultados despois non acompañan estas boas intencións, e por iso hai que cambiar de políticas. Se teñen boas intencións e resulta que os resultados non van, cambien de políticas. É o mesmo que está pasando no medio rural coa política de estruturas agrarias e forestais. Non dan os resultados que vostedes prevían. Cambien de políticas e terán seguramente resultados mellores.

O problema central é o do emprego, e aí non poden presumir. Vostede falou de utilizar a ratio entre o PIB e a poboación activa. Eu é a primeira vez que o vexo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Utilízase o PIB en relación co número de ocupados, que o que indica é a capacidade do factor traballo para xerar riqueza, e o PIB en relación cos habitantes, que nos indica a capacidade de sustentar unha poboación determinada. O PIB en relación coa poboación activa non ten ningún sentido económico, señor conselleiro, non ten ningún sentido económico. O importante é o emprego. E o do emprego non é para presumir; ao contrario, é para preocuparse, e por dous motivos básicos.

O primeiro é porque estamos comportándonos peor que en España coas mesmas taxas de crecemento e, desde logo, moito peor que o veciño Portugal. En Portugal, por exemplo, teñen un 10 % de desemprego xuvenil e aquí estamos nun 33 %. ¿Mellor que en España? Si, en termos de desemprego, porque a incorporación ao mercado de traballo é de baixa intensidade. Pero en termos de emprego estamos facéndoos peor que España e moito peor que Portugal. Entón é un motivo de preocupación.

Pero un segundo motivo é que, se facemos unha avaliación do que foi o uso da iniciativa de garantía xuvenil por parte do seu conselleiro de Economía e Emprego, temos que dicir que

o uso é mínimo, son fondos que viñan da Unión Europea para tratar o que é o principal problema da economía de Galicia e o seu uso é mínimo. Se vemos os orzamentos da Xunta de Galicia nesta materia, vemos que o nivel de execución das partidas dedicadas a fomentar a formación para o emprego —que é un asunto central, incluso a curto prazo máis importante que o gasto en educación formal, porque é o que permite ligar persoas que perderon o seu traballo, e que están ao mellor con 40 ou con 50 anos nunha situación desesperada en termos de incorporación ao mercado laboral, dotándoos das cualificacións necesarias para poder volver incorporarse— teñen niveis de execución baixísimos ano tras ano. E xa non falamos do Igape, que é un clásico nesta materia e do que supoño que falará esta tarde o señor Abel Losada, no que seguimos con niveis de execución extremadamente preocupantes.

E despois, claro, hai algunhas partidas que melloran. ¿Están tendo unha marxe algo maior? ¡Por suposto!, melloran algunhas partidas. Pero temos escasas esperanzas de que esa mellora das partidas ao inicio do orzamento permitan ver mellores resultados de execución final, e en moitos casos nin sequera que isto se traduza en mellores rendementos para a sociedade.

Mire, isto preocúpame extremadamente. Non quero facer propaganda de ningunha entidade, pero é a relación créditos/depósitos. Galicia está aquí. Eu antes equivoqueime. Dixen «un 20 % do PIB». Non, non, son 20.000 millóns, case un 33 % do produto interior bruto. A diferenza entre créditos e depósitos, de acordo coa estatística dunha entidade financeira. É un asunto moi preocupante porque iso, digamos, é a expresión sintética do fracaso da súa política económica.

¿Reducir sucesións? ¡Perfecto!, xa o fixera o deostado goberno do señor Touriño —deostado por vostedes—, xa o fixera xustamente para aquelas persoas que tiñan o patrimonio baixo. Xa eliminara a vivenda habitual da tributación. E vostedes o que fixeron foi ampliar esa bonificación fiscal ao resto das rendas por arriba. ¡Oia!, se iso dera lugar a un incremento sostenido da actividade económica e do investimento que nos permitira crecer moito máis que a media española, tería un sentido. Pero resulta que non sucede nada disto, non sucede nada disto. O que sucede é que, claro, hai máis dispoñibilidade de renda e de riqueza na parte alta do entramado social. Pero isto tradúcese en que, a través do sistema financeiro e doutros medios, moito dese impulso vai ao exterior. E é iso o que nos debe preocupar: como facemos para que as políticas que intentamos poñer en marcha —no seu caso non son exactamente iguais que as nosas, pero imos darlles un certo creto nese sentido— pois teñan os resultados adecuados. E, se non os teñen, cambiémolas. E non os están tendo, en termos de emprego non os están tendo. Temos un problema específico de desemprego xuvenil.

Faleilles antes do investimento. Non inventei as cifras, as cifras de obrigas recoñecidas do capítulo de gastos de capital están sacadas do seu documento orzamentario. E resulta que no ano 2016, despois de dous anos de recuperación e de que vostedes digan que xa presupostaron non sei canto, hai o menor nivel de obrigas recoñecidas en termos de gasto de capital nos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia de toda a etapa do Goberno Feijóo. Por iso, en fin, temos que estar preocupados coa súa capacidade de execución.

Hai algúns economistas que nos indicaron hai pouco tempo nun libro moi famoso, *Por que fracasan as nacións*, a importancia que teñen os factores institucionais no crecemento a medio

e longo prazo na economía, e seguramente vostede concordará comigo. E aquí temos poucas esperanzas, porque, despois duns anos de fracaso, por exemplo, na xestión da política de emprego, ou na xestión da política de promoción económica a través do Igape, non hai ningunha reflexión e non se recolle nada no orzamento da Xunta de Galicia que nos indique que hai algunha preocupación por eses temas. Entón, temos que mellorar a calidade institucional. E no nivel micro iso é o que significa.

Por último —non, por último non, pensei que estabamos xa rematando pero aínda me queda algún tempo—, vamos ver, o sistema de financiamento. Vostedes criticaron o sistema de financiamento, e vostede dime que era porque era multilateral. ¡Pero foi aprobado no Consello de Política Fiscal e Financeira! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, coa presenza do señor Feijóo alí! Foi aprobado no Consello de Política Fiscal e Financeira. Entón, sería bilateral na súa orixe pero foi multilateral ao final.

E, segundo, dime que os criterios non lle gustan, que os cambiaría por outros máis favorables. ¡Perfecto! ¡Firmo! Pero resulta que, cando o trouxemos aquí a oposición para forzar a posición da Cámara sobre o sistema de financiamento, propuxémoslle un compromiso, que é que mellorase a posición relativa de Galicia en termos de financiamento por habitante axustado, e vostede non se quixo comprometer. Entón, ¿está disposto a que iso mellore ou non? ¡Eu si!, ¡a favor! ¿Ter en conta, para sanidade, os maiores de 85 anos, e para o gasto social? ¡Perfecto! ¿Facer doutra maneira a dispersión, que favoreza a Galicia? ¡Completamente de acordo! Comprométase comigo e dígame que si, que vai mellorar Galicia en termos de financiamento relativo por habitante axustado co novo modelo de financiamento autónomo, e estaremos completamente de acordo. Pero, se non, mentres tanto, non critique tanto. Sexa un pouco máis humilde. Non digo que pida desculpas pero, polo menos, en fin, indique que non era tan malo como parecía.

En relación coa débeda e co déficit —sobre todo co déficit, e tamén do seu informe—, a Administración central, incluída a Seguridade Social, -1,8 %; comunidades autónomas, -0,4 %; corporacións locais, 0 %. Claro, iso non responde á distribución do gasto entre administracións, nin sequera responde ao que é sensato. E eu xa non digo unha repartición que teña en conta só o gasto, porque claramente hai algunhas funcións que deben ser reforzadas, e seguramente a Seguridade Social ten que ter un déficit maior. Pero que haxa unha repartición máis equilibrada pois parece razoable.

¿Vai ter pouco efecto? Si, nos próximos tempos. Pero desgraciadamente non estamos inmunes á posibilidade de que exista outra recesión —esperemos que non tan grave coma esta—. E nese momento estes criterios que están na lei van aplicarse tamén. Si, si, van aplicarse tamén. E isto é o que teríamos que cambiar, porque coincidirá comigo en que seguramente as comunidades autónomas nese momento necesiten algunha marxe adicional.

Por tanto, eu dígolle que nós recoñecemos que estamos na recuperación económica, recoñecemos que a economía está rebotando. A comparación co resto de Europa non é moi boa, porque o resto de Europa non tivo a caída que tivo España e Galicia. Tivo un comportamento máis plano durante a crise e, por tanto, o rebote tamén é menor. Pero en todo caso, en fin, estamos rebotando. Creamos menos emprego, creamos emprego máis precario. E, sobre

todo, o que eu lle achaco é que non utilicemos as marxes que nos dá a recuperación económica para reforzar a capacidade de actuación da Xunta de Galicia para solucionar os problemas sociais moi serios que temos, para resolvelos dunha vez, para atender ben os dependentes, para atender ben as persoas que están en risco de pobreza, para facer todas estas cousas e, ao mesmo tempo, para reforzar a nosa capacidade de crecemento a longo prazo. Trátase de aplicar máis recursos pero, sobre todo, de aplicalos mellor. E iso exixiría unha reflexión que vostedes non fan, que é o que nos preocupa sobremanera.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Sorprendíase o señor Puy da nosa forma de botar as contas para facer os orzamentos. E estráñalles que nós, primeiro, nos preguntamos cales son as necesidades da xente e, a partir de aí, calculemos os orzamentos. Pois non se nos ocorre mellor maneira de poñer a economía ao servizo das persoas que, primeiro, saber qué é o que fai falta para que a xente teña a oportunidade de vivir mellor, qué é o que fai falta para facer xustiza social, qué é o que fai falta para que todo o mundo teña as necesidades cubertas. E, a partir de aí, elaborar uns orzamentos que sexan coherentes con estas necesidades. Da mesma maneira que un —calquera persoa na vida— ten que saber ou sabe que primeiro ten que atender as necesidades de alimentación, de vestido, de vivenda, é dicir, botar unha conta de cales son as necesidades mínimas para saír adiante na vida. Nós pensamos —na forma que ten En Marea de entender as contas públicas— que os orzamentos deben facerse desta primeira maneira: primeiro saber qué é o que necesita a xente e logo saír buscar os recursos necesarios para atender as necesidades da xente. Por iso nós o seguinte que facemos, despois de ver cales son as necesidades da xente, é ver cal é a riqueza que ten a nosa sociedade. Fixámonos no PIB e a partir de aí elaboramos uns orzamentos que vaian buscar os recursos suficientes, dentro desa riqueza, para satisfacer as necesidades sociais. Parécenos que é a forma máis xusta de facer as contas públicas, a forma máis xusta de establecer un principio redistributivo que, mediante as contas públicas, se debe facer para que todo o mundo teña as mesmas oportunidades na vida. Desde logo, talvez vostedes vivan contentos na ignorancia de non saber cales son esas necesidades sociais e, polo tanto, facendo orzamentos sen saber qué é o que a xente necesita. Nós, sen embargo, preferimos saber o que a xente necesita. Agradecemoslles que nos aclaren que non saben cales son as necesidades da xente cando fan os orzamentos, porque iso clarifica moito máis a posición política tamén de En Marea á hora de confrontar modelos en relación co Partido Popular.

E, falando de confrontar, cando se confrontan os orzamentos do ano 2009 e do ano 2017 —ou as previsións do ano 2018—, gustaríanos que tiveran en conta tamén a variación da inflación, é dicir, levantar ese veo monetario que lles impide comparar adecuadamente todo tipo de cantidades, para non confundir as cantidades nominais coas cantidades reais. Non sei se, como dixo o señor Martínez, é unha cuestión de chufra que nos fai o Goberno ou re-

almente é que están eles confundidos á hora de facer isto. Imos pensar que están confundidos e que non intentan enganar a opinión pública con isto, porque sería aínda peor.

E falando dos orzamentos do ano 2009 e da referencia a se estaban inflados ou non estaban inflados, á hora de facer os termos da comparación, nós pensamos que, na medida en que foron elaborados de forma coherente cos anos 2007 e 2008, incluían a previsión do que debía de estar orzado naquel momento. E veu polo medio a quebra de Lehman Brothers e, con iso, unha crise que deu lugar a unha baixada de ingresos. Iso aquí, dende logo, nunca sucedería porque ¡quen podería pensar que quebrase un banco español, como o Santander, o BBV, etc.! Iso no sistema español non pasa porque somos moito máis solventes. Ou ¡bueno!, se pasa, rescátanse os bancos co diñeiro de todo o mundo, ¡e xa está! E iso foi o que pasou no Estado español. E todos os miles de millóns transferidos do esforzo de todas as persoas, quitados da realización de dereitos fundamentais —acaban de recoñecelo aínda hai poucos meses o señor De Guindos e o Banco de España—, practicamente 40.000 millóns de euros do sacrificio de todas as persoas do conxunto do Estado español, van quedar para os bancos, non se van devolver nunca. E polo tanto, xa que vostedes falaban das «políticas de Robin Hood», estas son as políticas «anti-Robin Hood», que foi roubarlle á xente do común para darlles aos banqueiros, para dállelo a aqueles que, co seu puro, o seu chaqué e o seu sombreiro de copa, se rin de nós porque teñen uns dignos representantes nesta Cámara axustándolles os orzamentos. Son os monicreques dos banqueiros e por iso non nos gusta a súa forma de formular as contas públicas. Se coas tesoiras dos recortes lles cortan os fíos, esvaeceríanse coma o fume que nos venden.

Falaba tamén o señor Martínez da lexitimidade do modelo, e di que todos os modelos son lexitimos. Despois falaba, evidentemente, da súa vitoria electoral. Teñen vostedes unha lexitimidade de orixe. Pero a lexitimidade de orixe é para realizar determinadas funcións. A xente apoderounos para cumprir con determinados dereitos, tamén para satisfacer dereitos sociais, para satisfacer as necesidades da xente. E aquí o que estamos vendo é que vostedes, con este orzamento, non están cumprindo con iso. Houbo xente que os votou e que está defraudada porque segue habendo moitísima xente en paro, segue habendo —e cada vez máis— xente que ten empregos precarios. Desde que vostedes gobernan —fixemos referencia aínda agora— aumentou, no último ano, a taxa de pobreza e de exclusión social. O índice Gini, en relación coas desigualdades sociais, aumentou un punto no último exercicio. Polo tanto, nos pensamos que están defraudando vostedes a propia xente que os votou. Polo tanto, esa lexitimidade de orixe está sendo perdida na lexitimidade do exercicio, porque non se están ocupando da xente, nin sequera da que os votou, como lles dicía antes unha señora desde a tribuna. Atendan vostedes a xente e atendan vostedes os dereitos que teñen que satisfacer. Por iso nós pensamos que debían empezar facendo as contas públicas sabendo qué é o que necesita esa xente para poder vostedes afirmar unha lexitimidade de exercicio.

Isto non é soamente unha opinión de En Marea. O último informe do Comité de Nacións Unidas para o Seguimento dos Pactos dos Dereitos Sociais e Económicos chamaba a atención sobre os incumprimentos constantes do Estado español en relación con este pacto, tanto na falta de garantías de dereitos como no acceso ao traballo, condicións laborais, aseguramento das condicións de vida, a pobreza extrema, as situacións de risco de exclusión social... Todo isto está sendo sinalado a nivel internacional non soamente das autoridades centrais, senón

tamén, como fai explicitamente este informe das Nacións Unidas, das comunidades autónomas. Céntrense para cumprir cos compromisos non soamente autonómicos, non soamente nacionais, non soamente estatais, senón tamén a nivel internacional.

Tamén nos referimos a vostede en relación coas comparacións que fai con 2009 e coa impericia —ou tomarnos a chufla— de non facer a comparativa en termos nominais, senón en termos reais, tendo en conta unha inflación que variou, desde o ano 2009 ata a previsión do 2018, coa que establecíamos a comparación, un 12 %.

Tampouco vostede cando subiu aquí —e iso que tiña tempo ilimitado— desacreditou a nosa crítica aos recortes nominais para o 2018 en relación con 2017 en temas tan importantes —aínda que parece que para vostedes non o son tanto— como a promoción do emprego, a promoción do solo empresarial e en materia industrial e as actuacións de valoración do medio rural: a función 32, de promoción do emprego, en máis de 1.500.000 euros; a función 53, de promoción de solo para actividades económicas, en máis de 11 millóns de euros; a función 55, de actuacións e valoracións do medio rural, que se reduciu en 2,8 millóns de euros; e a número 73, de industria, que se reduce en 13 millóns de euros —nada máis e nada menos que o 22 %— en relación con este ano. Está aí a comparativa, téñena enriba da mesa e poden vela; e poden tamén contestar, se lles apetece, sobre esa situación.

En relación coa débeda, fala vostede do «monotema da débeda». Pois agradecemos que fale vostede tamén da débeda. E no discurso que fan sobre o FLA e o Fondo de Facilidade Financeira falan vostedes e presumen da redución de gastos financeiros en 65 millóns de euros, atribuíndoo como un dos éxitos da Xunta, porque di que é grazas á súa xestión da débeda pública —que pagamos menos porque nos endebedamos menos—. Iso é falso, en 2018 a débeda incrementárase en 275 millóns de euros máis, ata chegar ao máximo histórico de 11.500 millóns de euros. Nunca Galicia estivo tan endebedada. Agora ben, o que oculta a Xunta, dentro dese discurso que pretende vender como triunfalista, é que a redución da carga financeira é grazas ao deostado FLA, na fórmula que agora se denomina «de facilidade financeira».

En Marea durante o curso pasado veu a esta Cámara pedirilles que se acollesen ao FLA. Trouxemos o propio decreto, o real decreto que regulaba o Fondo de Liquidez Autonómica, e preguntámoslles que nos dixesen que artigo do FLA establecía a obrigatoriedade da intervención por parte do Ministerio cando as contas da comunidade autónoma non cumprían os obxectivos do déficit. E vostedes non foron capaces de citar o artigo simplemente porque non existía. Poderíanse ter acollido vostedes ao FLA durante todos estes anos. Teríannos aforrado unha boa enchente de millóns de euros, que nós cualificamos prudencialmente en 1.100 millóns de euros e que vostedes non foron capaces de desacreditar que fose así. E non foron capaces porque iso suporía emendar o propio discurso do presidente da Xunta de negarse a recorrer durante varios anos ao Fondo de Liquidez Autonómica. Agora, coa forma do Fondo de Facilidade Financeira, que é exactamente o mesmo —sen facer unha referencia a aquelas comunidades que non cumpriron os obxectivos de déficit, pero que xa existía tamén previamente ao regulado no FLA—, veñen e presumen de aforro. Efectivamente, aforran —e xa lles demos os parabéns cando o fixeron—. O que nos preguntamos é por que non o fixeron antes. ¿Saben por que non? Pola bravuconada de Núñez Feijóo de non entrar no FLA, a pesar de que non había sometemento á disciplina de intervención.

Ben, fai vostede tamén referencia ao cadro macro. Dinos que se alegra de que fagamos referencia a el. ¡Pois claro que facemos referencia! ¿Como non imos facer referencia cando vostede describe no cadro macro a ralentización do crecemento da nosa economía? ¿Está vostede orgulloso de que se reduza o crecemento, no ano que vén, sete décimas, que supón en relación co crecemento anterior un retroceso do 22 %? ¿Está vostede orgulloso? ¡Pois claro que estamos preocupados! ¡Claro que o traemos aquí!

Fala vostede, ademais, no cadro macro, da maior riqueza da historia, do maior PIB da historia para o 2018. Efectivamente, por iso facemos referencia a que os orzamentos tiñan que ser coherentes con ese nivel de riqueza e non o están sendo. E tamén temos que facer referencia —e fixémoslo, claro está— ás previsións de emprego. Porque, coas previsións de emprego que fan para o ano 2018, non van poder cumprir as previsións da legislatura nesa recuperación deses 100.000 postos de traballo que dixeron. ¡Nin en catro nin en cinco nin en seis anos! E grazas por dar-me a bendición agora, que parece que estivera aquí vostede pontificando o nivel de contas.

Di que onde a oposición ve feblezas vostedes ven fortaleza, referíndose á dependencia da demanda externa. Para En Marea non é un problema que exista demanda externa senón a debilidade da demanda interna, que evidencia, para nós, unha falta de capacidade adquisitiva, unha falta de diñeiro nas casas e nas empresas. E, polo tanto, tamén outra significación —que é a que nós tamén vimos denunciando—: o tipo de emprego creado, as condicións de seguridade que ten a xente e o diñeiro dispoñible que ten tamén para tirar desa demanda interna. E iso evidencia síntomas que non son dunha economía sa.

Finalmente, en relación co emprego —á parte doutras cousas que comentou— fala vostede de que a temporalidade alta no emprego público non depende do Goberno. Pois a ver se vai depender dos traballadores e das traballadoras, que prefiren estar en réxime interino e non en réxime de estabilidade no emprego público.

Falaba tamén das fases do orzamento e o emprego, e dábanos aquí clases sobre as fases do orzamento. E falando de fases, deixaron vostedes sen executar o ano pasado practicamente 60 millóns de euros en materia de emprego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que nós lles espetamos continuamente aquí e do que non son capaces de desembarazarse porque simplemente non teñen resposta. ¿Por que deixaron de gastar todo ese diñeiro con todas as necesidades que hai en materia de emprego e en materia de precariedade? Polo tanto, non entendemos a que vén esa posición con este tema.

Remato en relación co tema da emigración. Deu vostede os últimos datos. Déaos contextuallizados, diga que período está collendo para dar esas referencias. No último ano, concretamente, marcha pouca xente ¡porque xa marchou toda! Non queda xente nova que marchar practicamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate xa.

O señor VILLARES NAVEIRA: Desgraciadamente, comparándoo en termos relativos, e ano a ano, a marcha da poboación nova xa se leva producindo dunha forma escalada e continua desde hai bastante tempo, non soamente desde que vostedes chegaron, pero acentuado, iso si, desde que vostedes chegaron ao Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche deste debate.

Señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

A ver se teño un pouco máis de fortuna agora nesta segunda intervención. No da lexitimidade democrática, na miña exposición, na maneira en como suelo ser eu para estas cousas, non lle presumía en modo ningún máis lexitimidade a este que lles fala; como mínimo, igual, algo ao que non están acostumados nos grupos, ou nalgún grupo, da oposición. Eu sempre digo «igual». Defende a tope este Goberno tamén o principio de igualdade, tanto ou igual, por iso fixen dúas veces referencia á teoría do pecado orixinal. Non creo nesas cousas. Polo tanto, a mesma. E iso ao que te leva é a non recibir leccións.

Impostos e xustiza social. Hoxe pola tarde veremos —como xa adiantaba na miña primeira intervención— como incluso determinados impostos, de carácter medioambiental ou non medioambiental, de determinadas cuestións, o que teñen é unha incidencia que ten un efecto búmerang, que se pode trasladar aos cidadáns e polo que obviamente o resultado vai ser totalmente distinto do perseguido.

Fixo referencia tamén a portavoz do BNG ao tema dos dependentes e listas de espera. Aquí tense feito moito respecto do que era no ano 2009. Paréceme recordar que calquera comparación en materia de tamaño absoluto, incluso da xente que espera en materia de dependencia, é totalmente distinta o que é no ano 2017, a día de hoxe, do que era no ano 2009. Ben o saben vostedes. Calquera que siga un pouco estes temas darase conta de que o número de persoas atendidas multiplicouse por practicamente tres nas peores épocas de ingreso público que esta comunidade tivo, ¿non? ¿Iso quere dicir que están todas as cousas satisfeitas? ¡De modo ningún! Pero o orzamento de 2018, dunha maneira moi clara, si que permitirá situarnos entre as comunidades autónomas que teñen unha mellor relación.

Introduciu outro tema tamén, para este que lles fala, moi querido —quizais porque estivo demasiado tempo no Sergas, nunha materia árida, como os recursos humanos—, cando fala de listas de espera. Comparar as listas de espera —das que temos os últimos datos nestes momentos— con calquera parámetro anterior —que agora está en 62 días, paréceme recordar, son os únicos datos que teño—, co que había daquela, paréceme que é sensiblemente

diferente e paréceme que é estar xogando coa cuestión. Pero é que, ademais, cando nos referimos á sanidade pública, por unha parte está o tema das listas de espera e por outra parte están as persoas que prestan os servizos. E a día de hoxe o que si lle podo dicir dunha maneira rotunda é que o número de efectivos que prestan a magnífica asistencia sanitaria da que en Galicia gozamos son máis que os que había no mellor dos anos 2008 e 2009. Polo tanto, esa idea queda bastante clara. E, encima, a percepción que teñen os nosos cidadáns sobre a atención sanitaria que reciben está claramente mellorando. ¿Quere isto dicir que non temos moito que facer? De ningún modo.

Permítanme tamén utilizar unha expresión coloquial. Aquí citáronse determinados autores, que se Bertolt Brecht, que se Piketty, que se tal... Eu son un pouco máis humilde na miña formulación e sempre me gustan un pouco máis os refráns. Neste caso aproveitarei o típico refrán norteamericano que di que «coidadiño coas cousas, non trates de arreglar o que funciona, evolúciónao». Non tratemos de arreglar ás veces as cousas que funcionan, porque, aínda que queda moito que facer, é máis o que pouco a pouco fomos facendo entre todos.

Cataluña. Cataluña non é unha cuestión identitaria, é unha cuestión identitaria pero, sobre todo, é unha cuestión que, queiramos ou non, vai ter unha incidencia total sobre o que é a conformación da nosa realidade de crecemento. E cando calquera de vostedes está falando aquí do que é un crecemento e lle chaman «desaceleración»... Estamos falando do 2,5 %, influencia da situación que se vive de incerteza —por chamarlle dunha maneira doce— en Cataluña, estamos falando do 2,5 %, e a iso chamámoslle «desaceleración». Entón ao que pasa en Francia, ao que pasa en Alemaña, ao que pasa na Gran Bretaña, ¿como lle chamaríamos?, ¿como lle chamariamos? Cando verdadeiramente por riba do 2 % é cando a nosa sociedade...

¿E iso estase trasladando un pouco peor á materia de emprego, o que tamén foi avanzado por todos vostedes? ¡Por suposto! Pero ¿por que non se di a verdade? ¿Por que non se di a verdade e que, cando analizamos a última EPA —expertos hai neste santo Parlamento— resulta dunha maneira clarísima que o emprego e a ocupación que máis se está incrementando ten que ver co sector industrial? ¿Por que non se di esa realidade? ¿Por que non se di a realidade, cando se nos critica o resultado dentro do ámbito do medio rural, que este é o segundo compoñente que máis ocupación está achegando? ¿Por que non se di que o sector servizos, que se mantiña átono no ano 2016, no ano 2017 empeza a estar un pouco máis tónico? ¿Por que non se di que nestes momentos o que non rematou foi, no sector da construción, a destrución de emprego? E se non tiveramos en conta o sector da construción, nestes momentos estaríamos a día de hoxe en practicamente 26.600 empregados máis, cos datos da EPA do segundo trimestre. Entón ¿de que estamos a falar? ¿Quere dicir que todo vai ben? En modo ningún. Pero das miñas palabras non poden dicir iso.

Un tema de hoxe de *La Voz* que sacou dúas veces a señora portavoz do BNG. Hai que ler os temas tamén con certo nivel de repouso, e con certo nivel de relación para poder traelos ao Parlamento. É innegable que un dos retos estratéxicos que temos marcado no noso plan 2015-2020 é o tema da innovación, que ten dúas compoñentes, unha pública e outra privada. A nosa relación primeira e directa é co investimento público. Repásense, por favor, as cifras deste orzamento, onde o orzamento en innovación sobe máis dun 20 %. Entón, ¿de que fa-

lamos? (*Murmurios.*) É que aquí —permítame, con todos os meus respectos, señora Pontón— eu veño falar do meu libro, e o meu libro nestes momentos é o orzamento. E relacionemos unhas cousas con outras. Non soamente aproveitemos que en *La Voz de Galicia* sae hoxe un artigo... Eh!, eh!, ¡con calma! (*Risos.*) Miremos con calma os temas, ¿non?

Miremos con suficiente calma, como co que tamén se di en materia de dinamización empresarial, parques industriais e tal... Eu comprendo que ás veces é difícil, pero, por exemplo, en materia de dinamización empresarial, cando o Igape sobe un 18 % no que son os capítulos I a VII, e se temos en conta que o Igape tamén ten un capítulo VIII, que medra practicamente 8 millóns de euros, e estamos falando, de novo, de máis dun vinte e tantos por cento, ¿como se pode criticar esa situación? É algo que...

Precariedade laboral. Este que lles fala, na súa primeira intervención deixou claro que de ningún modo podemos estar contentos cos datos que temos. Os datos en precariedade laboral nestes momentos ¿son mellores que os que tiñamos hai un ano, dous, tres e catro? Iso é innegable. A nosa posición relativa respecto do que está sucedendo en España, que é onde convivimos —*¡alabado sea Dios!*—, (*Risos.*) resulta que está mellor en termos medios. Polo tanto, ¿que estamos a criticar? ¿Queda moito por facer? Hai que ter a suficiente humildade...

Sistema de financiamento. Pero ¿como imos falar do sistema de financiamento...! Aí agradezo moito a postura que si introducía o portavoz do PSOE. Aí si que creo que, efectivamente, é posible nestes momentos dar un paso máis adiante e perfilar, coa métrica suficiente, o que significa falar dunha mellor consideración da dispersión, e do que pode ser, sobre todo para os maiores de 85 anos —xa non só os de 65 senón 85 anos—, a forte incidencia que ten en materia sobre todo sanitaria e de servizos sociais. Pero tamén a nosa dispersión ten outro factor. Ten sobre a sanidade —en menor medida— e nos servizos sociais, pero, sobre todo, na educación. A gran peculiaridade que temos de asentamento humano trasládase a ese maior custo, cun gran diferencial, que respecto de España temos.

Noutra das preguntas pola que por iso eu falaba de determinado nivel de pericia —eu non digo que sexan expertos, pero si con determinado nivel de pericia— se introduce a variable dos orzamentos para o ano 2018 en materia de medio rural. En materia de medio rural o propio presidente, na súa comparecencia, foi anunciando determinadas medidas —en número de trinta e algo, paréceme recordar—. Xa foron avanzadas, isto non se fai da noite para a mañá. O que si tivemos foi a suficiente precaución —por iso falo de impericia— de que na estrutura de fondos que contén nestes momentos a Consellería do Medio Rural —consellería que, por certo, non esgota de ningún modo o que é a actuación da Xunta no ámbito do medio rural— resulta que o que permiten eses 5 ou 6 millóns de euros de composición do fondo propio —modificando o PDR oportuno— é poder multiplicar por practicamente 6 eses millóns dunha maneira inmediata. Polo tanto, teñamos entre todos a suficiente tranquilidade e, unha vez sucedida a situación límite de mediados do mes de outubro e despois de ter a suficiente distancia, entre todos colaboremos, grupos da oposición e grupo do Goberno, en desenvolver as medidas que foron adiantadas, que creo que, aínda que nunca é suficiente, se aproximarán ao que pode ser unha recomposición dese problema tan importante que tivemos no seu momento.

Non pretenda, señor Leiceaga, calcular soamente os anos 2000-2016, mesmo o que son os salarios. O que lle digo é que, dende o ano 2014, 2015, 2016, 2017, que é cando a Comunidade Autónoma de Galicia empeza a saír da recesión, os datos o que nos indican é que estamos saíndo mellor que o resto de España en múltiples factores. E no que imos lixeiramente por detrás, como acabo de comentar, que é en materia de emprego e salarios, si que saímos, porque aínda está sen mesetar o tema da construción. Se non, a nosa posición estaría moi próxima á media, e creo que iso, pouco a pouco, tamén se vai reflectir para o ano...

Vostede falaba de distribución factorial da renda, a perda das rendas salariais e ganancia das rendas mixtas. Si que se está producindo un proceso de consolidación deste tipo de rendas. Si, obviamente, porque vostede sabe, coma min, que nos anos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 houbo unha situación na que as empresas e as rendas mixtas tiveron que facer un axuste brutal sobre a capacidade dos seus negocios. E o que se está producindo nestes momentos é un proceso de acumulación e de desapalancamento moi acelerado, que o que está a provocar é que nestes momentos se empece a trasladar ao emprego dunha maneira máis acelerada do que ata agora fixemos. Polo tanto, non hai ningún tipo de incoherencia, é un resultado lóxico o que se está producindo nestes momentos.

¡Home!, en emprego, outro dos temas monocordes do que falaron vostedes, que é o tema da execución orzamentaria. Coma sempre, todo é mellorable. Pero resulta que a execución orzamentaria global da Xunta de Galicia no 2016, en termos consolidados, foi do 100,6 %. Non me digan que iso é malo. Cando se fala tamén do que é a pouca execución en créditos dos capítulos VI e VII, ¿por que non dicimos a verdade e que o capítulo VI e VII teñen unha alta compoñente de fondos europeos cuxos programas operativos non estiveron aprobados ata ben avanzado o ano 2016? ¿Como se vai trasladar? ¿Por que non dicimos que eses fondos non se perden? ¿Por que lle metemos un criterio de anualidade a un sistema de fondos que non o ten? ¡Non se perden, por favor! Entón, sigamos. E, para mostra, un botón; para mostra un botón, porque tamén era das críticas que se nos facía aos que xa levamos uns certos anos dedicados a estes temas de función pública. Este ano 2017, como consecuencia da liquidación definitiva do que era o Fondo Social Europeo do anterior marco, resulta que a Comunidade Autónoma de Galicia recibe 18 millóns de euros máis. En senso contrario, outras comunidades non o executaron. ¿Por que non esperamos a un acto de normalidade e vemos como se comportan as distintas compoñentes no ámbito do emprego e os múltiples fondos que chegan a nós para afrontar unha realidade que pode ser mellorada? Polo tanto, non podoo coincidir con vostedes no que estaban plantexando.

¡Home!, o tema do imposto de sucesións. Eu comprendo, señor Leiceaga, que calquera ten que defender o seu. Entón, o que me parece é que é a primeira cuestión que tiña que falar coa súa compañeira de Andalucía. Acaban de facer o mesmo ca nós, pero en vez de poñer 400.000 de límite, acaban de poñer un millón. Entón dígame vostede, entón, se tal... (Risos.) (Aplausos.)

O que me estraña tamén é cando se fala da execución do ano 2016 cun certo gracejo. Porque había que oírnos aos que estabamos por aquí no ano 2016. Daquela iamos gastar o que non estaba escrito porque era ano electoral. ¿En que quedamos? ¿Foi ano electoral e gastamos o que non está escrito ou resulta que foi un ano onde con normalidade se gastou todo aquilo que se podía gastar, sabendo que sempre hai cousas que se poden mellorar?

Señor Villares, señor Villares, a inflación do ano 2009 ata agora... ¡Menos mal! Porque entón xa quere dicir que... Primeiro negaban a crise, agora xa non a negan, non souberon actuar... Tardaron bastante en recoñecer que a economía galega e española en xeral estaban medrando. E agora resulta que xa imos mellorando, xa só nos falta en termos de... nominal/real. Algo imos mellorando, pouco a pouco van evolucionando. Eu comprendo que lles custe, comprendo que lles custe, pero, con todos os meus respectos, deberían ter a suficiente prudencia para non desautorizar estas cuestións. E ás veces con cualificativos que incluso a nivel persoal feren cando se utilizan —lexitimamente— desde esta tribuna.

«Lexitimidade en orixe», o mesmo que lle contestei á señora Pontón: eu sempre presupoño a mesma lexitimidade, a mesma ¡eh!, non máis, a mesma.

Despois, solo industrial, medio rural e promoción do emprego. De novo vólvolle dicir que o orzamento é cando se elabora, cando se aproba, cando se executa, cando se liquida, pero polo medio tamén hai que saber facer as cousas, hai que saber facer as cousas. En materia de emprego vólvolle repetir o mesmo que dixen antes. Cando se elaborou o teito de gasto, esta Comunidade Autónoma non coñecía as cifras que ían ser levadas á conferencia sectorial oportuna. Nestes momentos podo adiantar que hai 18 millóns de euros máis que o que tiñamos —18, curiosamente, que tamén coinciden con outros, pero no importe, son outra cousa; non se equivoque por se acaso, por se acaso non se equivoque—. Son 18 millóns que poderán ser activados e que ao mesmo tempo, por unha simple prudencia, non poden ser activados nestes momentos porque, se non, perderíamos capacidade de gasto. ¿É tan difícil de entender esta cuestión? ¡Por favor!

E no de medio rural —vólvolles repetir— colaboren nun tema importantísimo de país que se está a producir. Están postos os alicerces desde o punto de vista financeiro para poder asumir unha activación mediante a reprogramación, en consecuencia, do PDR, no que é o ámbito de medio rural. Colaboren, porque eses 5, case 6 practicamente, millóns de euros de maiores fondos nestes momentos que imos aprobar no Parlamento significará que podemos multiplicalos por 6. Xa estamos falando de 36 a maiores para o ano 2018. Non perdamos de vista que hai moito que facer, e, polo tanto, continuar.

Polo tanto, ¿ralentización da economía galega?... Señor Villares, xa nos gustaría que... Claro, algúns son un pouco novos, pero falar ata estes momentos de máis do 2 %, falar do 2,5 %, de que todos os países da nosa contorna están bastante alonxados de nós... E resulta que está influído por unha realidade como pode ser Cataluña, por unha realidade que tampouco se di suficientemente que é o bloqueo do principal actor público que existe neste país, que é o presuposto da Administración central. Iso si que tamén é importante por magnitude. E ao mellor estamos falando de unha ou dúas décimas por ter aí empantanado o orzamento do Estado. Polo tanto, se non fora esa situación, estaríamos tranquilamente nun 3 %, que é onde estamos nestes momentos en termos reais.

E o que si é curioso tamén, no que choca algo, no que hai unha incoherencia, é no que pode ser a falta de diñeiro de familias e empresas. Se foramos coherentes co que estamos dicindo, co que o portavoz do Partido Socialista acaba de dicir, que temos unha propensión en depósitos moito maior que calquera outro territorio de España, hai algo que non cadra. Se as fa-

milias teñen tan pouco, ¿como teñen eses depósitos así, e as empresas? É algo que non empeza a cadrar. Tamén lle digo unha cousa ao señor portavoz do Partido Socialista: ¡home!, é que isto é un pouco a historia económica de España e de Galicia, é que a propensión ao aforro que sempre houbo na sociedade galega sempre foi manifestamente maior que en calquera outro territorio. ¿Ou é que esta realidade de repente aparece logo da conclusión das crises económicas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que me parece que é un pouco especial este tipo de razoamentos, como ben sabe o señor historiador que se está tamén manifestando.

Polo tanto, como xa lles dicía —e xa para avanzar e non cansalos moito máis—, creo que estamos nunha etapa como non estivemos dende o ano 2008. Este crecemento san que predicamos nós basicamente se asenta sobre un nivel de ortodoxia, que algúns lle chaman neoliberal. Se así lle chaman, eu tamén me sinto moi confortado con esa denominación, porque basicamente parte do realismo e do rigor e de seguir tratando de facer as cousas con certo sentidíño, moi propio da nosa terra. Polo tanto, a situación ten unha marxe de mellora moi importante en múltiples ámbitos, no eido tanto laboral, como social e mesmo económico, mesmo público. Non recoñecer iso sería enganarnos, pero a situación é inmensamente mellor que a que tiñamos na etapa peor da crise. Estamos mellor do que estabamos nos anos 2008 e 2009, estamos saíndo da crise dunha maneira moito máis correcta, ao meu entender.

Este Goberno sempre tivo os pés na terra, pero seguimos crendo que, efectivamente, esa mensaxe social e de integración nunca a imos deixar en mans de determinados partidos que se senten moi cómodos facendo... Creo que é algo común, é algo que nos salta á vista e que, polo tanto, si que recoñecemos que existen persoas con dificultades, si que recoñecemos que queda moito que facer e si que recoñecemos que temos feito durante todos estes anos moi-tísimo, ¡moitísimo!, e así imos seguir facendo. Porque o noso avance creo que está sendo correcto. Imos prolongar as nosas actuacións porque xa lles dicía o de «non arregles o que funciona, mellóralo». As nosas prioridades están claras, ¡mellóralo! E isto todo nun escenario que é a gran diferenza que temos con calquera: a estabilidade institucional, económica e política. Polo tanto, a iso é ao que nos dedicamos, para iso pido que se siga traballando. Seguro que hai cousas que podemos mellorar dos orzamentos, pero dunha maneira leal, sen ataques á maior. Porque creo que é o momento oportuno para que se produza incluso un *sorpasso* da forma de facer desde Galicia para o resto de España e para Europa. Busquemos ese crecemento en estabilidade, que nolo agradecerán as xeracións futuras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, á votación das emendas debatidas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos.

Votación da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 19938) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 19918) do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 19892) do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; en concreto, as comprendidas entre os números 1 e 12. Votamos.

Votación das emendas 1 á 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, comprendidas entre os números 1 e 11.

Votamos.

Votación das emendas 1 á 11 do G. P. dos Socialistas de Galicia, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, comprendidas entre os números 1 e 33, ambas inclusive.

Votamos.

Votación das emendas 1 á 33 do G. P. de En Marea, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Rematada a votación, suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións. En concreto falamos das emendas que modifican a contía global dos orzamentos, e aquí hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea. E tamén debateremos as emendas que transfiren créditos entre seccións, onde hai tamén emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Socialista e do Grupo de En Marea.

Comezamos co debate, polo tanto, e ten en primeiro lugar a palabra, para a defensa das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señorías, ás portas deste 25 de novembro non está de máis recordar o moito que nos teñen ensinado as teóricas do feminismo á hora de analizar a realidade. E dicía a filósofa Celia Amorós que conceptualizar é politizar. Referíase á necesidade de pasar da anécdota á categoría. Referíase a isto falando da necesidade de visibilizar as desigualdades que sufrimos as mulleres precisamente nomeándoas. Esta reflexión parte dunha evidencia, que é que aquilo que non se nomea non existe, e da evidencia tamén de que os que teñen o poder son os que dan normalmente os nomes ás cousas, quen ten poder é quen maioritariamente impón o relato. E isto é o que vostedes están facendo coa retórica da recuperación: impoñer un relato fascinantemente sesgado e autocompracente, un relato que repiten coa política propagandística pero que se afasta da realidade.

Señor Martínez, vostede hoxe pola mañá afirmou que estabamos —e cito textualmente— «no mellor escenario posible», e que estabamos conseguindo que se consolide a recuperación. E, mire, non mo tome a mal, pero impriminlle unha cousa —despois, se quere, doulla—, que é a entrada no dicionario da Real Academia Galega da palabra «recuperación», para que saibamos do que estamos falando. A primeira definición di que «recuperación» é volver ter algo que se perdera; a segunda, volver pór en servizo algo que se estragara; e a terceira, compensar, dedicándolle máis tempo ou máis esforzo do habitual. E, señor conselleiro, da análise destes orzamentos eu teño que dicirle, en nome do Grupo Parlamentario do BNG, que recuperar non é parar de caer, que recuperar é restituír, é compensar. E vostedes non o están facendo nestes orzamentos.

Por iso presentamos esta emenda á totalidade, porque non recuperan as condicións e dereitos que perdemos os galegos e galegas coa coartada da crise económica, porque non serven para recuperar uns servizos públicos fundamente danados, e porque non dedican máis orzamentos e máis esforzos ás prioridades políticas que precisa este país. Son uns orzamentos a todas luces insuficientes e que parten, baixo o noso punto de vista, dunha diagnose errada,

que son limitados de partida, como se explicou pola mañá, por un corsé político que limita a nosa capacidade de gasto. Máis aínda, dicimos que son uns orzamentos irresponsables, porque marcan prioridades opostas ás necesidades que ten o noso país neste momento. Porque non podemos esquecer que a crise e as súas consecuencias non son só socioeconómicas, non son só conxunturais, e moito menos están a ser pasaxeiras. Son unhas consecuencias profundas que están traendo unha crise social. E evidénciase a falta de vontade que ten o Partido Popular para atallala.

Por estes motivos, e polas cuestións que hoxe pola mañá se puideron desgranar con maior profundidade, presentamos esta emenda transversal, que evidencia tamén a existencia dun proxecto político alternativo.

Detereime, en primeiro lugar, no referido aos ingresos. No relativo aos ingresos, vostedes presentan, un ano máis, un proxecto que consolida unha política impositiva de carácter regresivo, que renuncia a introducir cambios significativos que avancen cara a outra concepción da fiscalidade que realmente estea nos parámetros da progresividade, da redistribución e da xustiza social. En canto á materia fiscal, no proxecto concréntanse as medidas que foron anunciadas polo presidente da Xunta no recente debate do estado da nación, pero que son simples deducións puntuais no IRPF e no patrimonio, e que teñen un impacto escaso.

Fronte a iso, desde o BNG presentamos unha serie de propostas para incrementar os ingresos, espremendo o noso autogoberno para así reconfigurar o actual sistema impositivo de forma que poidamos obter unha maior recadación cunha maior progresividade, para que realmente pague máis quen máis ten e iso redunde no alivio das capas sociais máis vulnerábeis e do conxunto da sociedade en xeral.

Por iso, en canto ao imposto sobre o patrimonio melloramos a súa progresividade reducindo o mínimo exento. Suprimimos as modificacións regresivas do Partido Popular tamén a respecto do imposto de sucesións e doazóns. E non renunciamos a insistir na necesidade de explorar a creación de novos impostos, como un que grave as grandes superficies comerciais e compense o impacto que teñen a nivel económico, social e ambiental, e desincentive esta fórmula. E, finalmente, en canto ao tramo galego do IRPF, propoñemos novamente un novo tipo para aplicalo ás rendas superiores a 120.000 euros, o que nos permitiría obter tamén maiores recursos.

Estas modificacións que veño de referir brevemente configurarían un sistema fiscal que camiñaría cara a unha maior xustiza e progresividade, e que achegaría ás arcas públicas 135 millóns para destinar á mellora dos servizos públicos básicos, á cobertura das emerxencias sociais e á dinamización dos sectores produtivos.

En canto ás prioridades de gasto, establecemos no seguinte bloque de emendas que presentamos, fronte a un modelo caracterizado pola política de improvisación e desregulación, un modelo político, económico e social alternativo baseado na xustiza social, no reforzo dos servizos básicos e na participación pública e intervención no tecido produtivo. Mediante esta batería de emendas definimos as prioridades do nacionalismo galego neste contexto de emerxencia social e nacional que entendemos que non está superado, polo que non caben

discursos de autocompracencia cando se xustifica un volume de orzamentos previo á crise pero que non o é así en canto á distribución das súas prioridades.

Desde o BNG levamos tempo advertindo da adhesión do Partido Popular ao modelo da consolidación da pobreza e da precariedade, que patrocinan coas súas políticas desde San Cae-tano e desde Madrid asumindo que as consecuencias da crise son e serán o piar no que se sustente o seu crecemento. Pero nós pensamos que estamos diante dunha situación excep-cional e que as decisións que hoxe se tomen poden ir en dúas direccións: ou ben levarnos a asumir que este é o único modelo posible, o modelo que nos deixa unha sociedade galega máis pobre e máis desigual que antes da crise, na que a maioría da poboación viu reducida a súa calidade de vida, ou un modelo alternativo, que é apostar por que hai outro futuro po-sible, por que poidamos intervir desde o poder político para que as graves decisións que so-portamos, decisións como as que se relataron hoxe pola mañá coa cuestión do rescate da banca, non teñamos que pagalas todas e todos os galegos.

Desde o BNG témolo claro e non nos resignamos. Non nos resignamos e entendemos que hai alternativa. E nesta emenda pretendemos escenificar un novo modelo de protección so-cial que sexa superador da precariedade e da pobreza como problemas estruturais. Primeiro, recuperando os servizos públicos básicos. Porque, malia incrementarse as contías destinadas a elementos fundamentais como a sanidade ou o ensino, non compensan, nin de lonxe, os recortes acumulados nin os postos de traballo destruídos ou precarizados. Por iso na nosa proposta de alternativa apostamos por incrementar persoal e recursos, tanto para sanidade como para o ensino, cun plan de recuperación de 80 e 70 millóns respectivamente.

A semana pasada a prensa facíase eco, nunha entrevista, da vida laboral dun traballador do Sergas que fixera máis de 270 contratos en cinco anos. Non sei se isto é, señor Martínez, o que vostede denominou, na quenda da mañá, «pleno emprego técnico dentro da Adminis-tración galega». (*Aplausos.*) Pero, desde logo, nós non compartimos esa visión e seguimos recomendándolle de verdade que recorra á definición de «recuperación», por se acaso teñen que empezar a chamarlle doutra maneira.

Nós entendemos que queda moito por compensar nestes servizos básicos, e engadimos pro-gramas fundamentais e que vostedes cercenaron, como a recuperación do préstamo univer-sal de libros de texto, ampliación de comedores escolares ou o reforzo para a investigación e as bolsas universitarias. Tamén entendemos que debe de ser unha prioridade reducir as listas de agarda e reverter as derivacións á privada desde a sanidade pública, para o que tamén incluímos propostas.

En segundo lugar, nós estamos firmemente convencidas de que temos que apostar por outro modelo de protección social destinando recursos públicos para aquelas persoas que son as que peor o están pasando neste momento. É intolerable que, sendo Galiza unha das comu-nidades máis avellentadas do Estado, o gasto no sistema de dependencia por habitante sexa inferior á media do Estado. Por iso apostamos, nun programa que engadimos, por acabar coas listas de espera tamén na dependencia e tamén na discapacidade, así como por unha renda de garantía social e por unha cuestión que nos parece fundamental para que as e os nosos pensionistas deixen de ser os últimos de todas as estatísticas: é necesario reforzar o

fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas, entendemos que é algo absolutamente prioritario neste contexto.

En terceiro lugar, desde o BNG queremos apostar por un novo modelo social que, con ambición política, busque sacar os galegos e galegas da precariedade e da pobreza, dous elementos que estiveron practicamente ausentes na súa primeira quenda de hoxe pola mañá, señor Martínez, e que nós entendemos que é unha irresponsabilidade. Por iso apostamos por medidas como, por exemplo, establecer recursos e medidas para frear a fraude laboral, con especial atención á que se dá na temporalidade e na contratación. Mentres vostedes se vanglorian dos datos de emprego, temos un país no que, cos datos de 2009 a 2016, dos anos laborais referidos, os contratos que máis se incrementaron son aqueles de carácter máis precario. Vostedes poden vestilo como sexa, pero o eventual, por exemplo, elevouse nun 71,5 % —que é o máis común xa—, e o de prácticas incrementouse nun 79 %.

Entendemos que tamén é fundamental pensar en todos os galegos e galegas que marcharon e que queren volver, aínda que á mañá lle dera a risa ao presidente da Xunta. Eu trouxen dúas imaxes, dous recortes, dous titulares, que representan dúas formas de querer facer. Decembro do 2016: «O Partido Popular dille que non no Parlamento ao Plan Retorna do BNG para a volta da mocidade galega»; e 7 de xullo de 2017: «*Portugal fomenta la vuelta de más de 100.000 jóvenes que emigraron con la crisis*».

¿Non lles dá vergonza que vostedes tiveran a oportunidade de apostar por medidas como as que propuxemos no Plan Retorna e que seguiran negando a realidade e sen converter a mocidade galega emigrada nunha prioridade, (*Aplausos.*) e que desaparezan do noso país 237.000 persoas nos seus anos de goberno e que vostedes sigan coa retórica da recuperación coma se neste país non pasara nada? Pois, desde logo, nós seguiremos propoñendo cuestións para atallar estes problemas.

E, por último, no referido ao modelo social, entendemos que a igualdade real ten que ser unha prioridade. Por iso establecemos recursos para a igualdade salarial e laboral das mulleres, que despois desgranarei. Tamén presentamos unha partida específica para reforzar o que debería ser unha prioridade para calquera axenda política: a loita contra a violencia machista. Reiteramos en que necesitamos que, cando menos, se comprometan, se queren que creamos que queren vostedes avanzar en pactos no Estado ou en Galiza, con recursos sobre a mesa para que sexa unha realidade e non papel mollado (*Aplausos.*) Insistiremos en que necesitamos un 1 % dos orzamentos para esta prioridade, porque, se non é unha prioridade a vida das mulleres deste país, ¿que o é?, ¿que o é, señorías, do Partido Popular?

Indo a outra cuestión, apostamos tamén por un novo modelo económico, un novo modelo económico e produtivo, que referirei brevemente antes de que se me esgote o tempo. Nós entendemos que o modelo social e o modelo económico van da mesma man, e que é importante consolidar cambios que aseguren a nosa posición de cara ao futuro, que non dependan simplemente de cuestións como as exportacións e que aposten polo valor engadido. Por iso neste contexto de fragmentación financeira volvemos apostar por unha banda pública. E fronte á desregulación patrocinada como única alternativa política por parte do Partido Popular, establecemos unha estratexia de retorno, para aquelas empresas de matriz galega

desprazadas ao estranxeiro, a través da captación de novos investimentos, con especial atención á investigación. É imprescindible —entendemos— un cambio de paradigma no tecido produtivo, como o é tamén —ao que me referirei de forma específica no final da miña intervención— naquilo que ten que ver co sector primario e co modelo forestal.

Sinceramente, despois do que viviu este país no mes de outubro, nós agardabamos que estes foran os orzamentos da rectificación. Despois de que vostedes viñeran nas últimas semanas anunciando medidas que primeiro desmontaron, agardabamos que estes foran os orzamentos da rectificación. Pero, unha vez máis, foron os orzamentos da decepción.

Fronte a iso, nós ofrecémoslles novas propostas para un modelo diferente, para un novo modelo forestal, para unificar e mellorar o dispositivo de prevención de incendios e para apoiar e ampliar as franxas de protección, así como plans ambiciosos de rexeneración.

Remato xa porque se me esgota o tempo. Na réplica poderemos falar con máis vagar.

En definitiva, presentamos un conxunto de propostas que representan unha alternativa, e que a representan desde unha actitude totalmente diferente á que ten o Partido Popular nesta lexislatura e nestes orzamentos: fronte ao abandono e á resignación diante da precariedade, propostas para axudarnos a quen peor o están pasando; fronte ao desmantelamento dos servizos públicos, recuperación con maiúsculas, de verdade, compensando o que pasou neste país na última década; fronte á improvisación, planificación a medio e longo prazo; fronte á desregulación, intervención na economía e no modelo de país; e fronte á actitude irresponsable de quen entende Galiza como unha simple descentralización administrativa, facemos propostas desde a capacidade do autogoberno, o compromiso e a confianza, porque desde o nacionalismo galego temos compromiso e confianza con este país, coa súa xente, coa súa capacidade e potencialidade para escribir unha folla diferente na nosa historia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro.

A verdade é que esta mañá volví acadar fronteiras no coñecemento con esa nova variable do produto interior bruto en relación coa poboación activa. Recoñezo que á hora de almorzar estiven buscando a ver se é que me perdía algo, pero non, non aparece. Aparece coa poboación ocupada, que mide a produtividade do sistema. Coa poboación activa, este humilde deputado non a atopou.

Logo houbo outra cousa que me resultou ofensiva — parece que ao presidente do Parlamento nese momento non — que foi o «zapaterazo». Mire, hai unha diferenza: este deputado e o Grupo Socialista non nos avergonzamos en absoluto de nada feito ou escrito polo presidente Zapatero. Eu recoméndolle a vostede que revise os artigos publicados en *La nueva Rioja* por el señor Aznar e o artigo do día 4 de marzo de 1983 publicado en *El Faro de Vigo* polo señor Rajoy. Eu non sei se se vai avergonzar, pero eu recoméndolle que, cando utilice termos displicentes falando de presidentes do Goberno, mire a propia mochila. (*Aplausos.*)

E aquí imos falar, por suposto, da emenda transversal, pero imos falar, sobre todo — é que eu teño unha certa vocación polo apostolado, de dereita e esquerda — ... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vou falar dun parágrafo do artigo do señor Rajoy. É moi curto. Di: «*El hombre es esencialmente desigual, no sólo desde el momento de su nacimiento sino desde el propio de la fecundación*» — cito textualmente —. Disto é do que quero falar, señor conselleiro. Quero falar de igualdade e de desigualdade. Quero falar do labor que ten que facer a política para evitar a desigualdade; que, por suposto non é un feito biolóxico, é un feito social. Eu creo que todos deberíamos coincidir con esta cuestión, pero, en todo caso, se alguén non coincide, pois estaría ben tamén que nolo contara aquí. Estaría ben, señor conselleiro, que nolo contara aquí.

Vostede, nas súas tres longas intervencións desta mañá, non dixo nin unha soa vez — ou, polo menos, eu non o escoitei — as palabras «pobres» e «pobreza». Se o dixo, descúlpeme, pero a verdade é que eu non o escoitei. Por un momento deume a sensación de que falaba de Dinamarca. Estou seguro de que un conselleiro de economía danés será consciente de que en Dinamarca hai situacións de pobreza. Que un conselleiro galego ou un membro do Goberno galego non o sexa, ou, se o é, que o agoche, paréceme politicamente lamentable, ¡politicamente lamentable!

Tamén vostede hoxe refutaba uns datos proporcionados polo voceiro do Partido Socialista — o señor Leiceaga non necesita que lle poñan notas a pé de páxina, pero quero dicilo porque dá a sensación, escoitándoo a vostede, de que os inventou — dos que, por certo, a fonte é o Banco de España — segundo trimestre do 2017 —. Polo tanto, ese é o dato.

Falou vostede de desapalancamento das empresas. Mire o desapalancamento, señor conselleiro: «*Lluvia de dividendos*», no diario *Expansión*, pouco sospeitoso. Si, non ría. ¡Claro!, é que non é verdade esa milonga do desapalancamento como elemento fundamental da caída do crédito. O fundamental é a que a chuva de dividendos vai aos donos das empresas. Por certo: «*Vinte empresas repartirán 6.000 millóns de euros aproveitando o final do ano fiscal*». Polo tanto, está ben o do desapalancamento como discurso. Pode colar porque a palabra é así, sofisticada, e entón igual o cremos. Pero, mire, non é esa a razón fundamental pola que os créditos ás empresas non acaban de arrancar, cando a billa do crédito do Banco Central Europeo está como está, absolutamente aberta. ¿Sabe cal é a razón, señor conselleiro? Vostede sábeo perfectamente, é unha pregunta retórica. A razón é que as empresas non conseguen créditos porque as expectativas de consumo, cunha masa salarial que non medra, tampouco medran. Esa é a razón, señor conselleiro, non nos veña contar historias de desapalancamento, porque non é a razón económica desta cuestión.

Neste contexto xeral dunha especie de *fake news* pero á galega, o Grupo Socialista presenta unha emenda á totalidade que afecta á contía global dos orzamentos e que transfere crédito entre as distintas seccións. Mobilizamos aproximadamente 550 millóns de euros de ingresos, dos que 370 son novos ingresos e os outros 180 son cambios de partidas orzamentarias.

Efectivamente, quero empezar polos datos concretos destas emendas, aínda que logo quero falar un pouco máis do país ao que se aplican. Porque, claro, dá a sensación de que o orzamento é un ente administrativo contable etéreo que non ten a máis mínima relación cunha realidade social, económica e política concreta, e que, polo tanto, serviría para Estonia, para Galicia..., e non digo para Zimbabue porque tampouco quero chegar á parodia; pero, desde logo, con moi pouca conexión —na miña opinión— coa realidade deste país.

E, efectivamente —vostede isto si o dixo—, non foi capaz de falar de pobres pero si recoñeceu —que non sempre se recoñece no Goberno do que vostede forma parte— que o problema do emprego e o problema do mercado laboral é o problema central da actividade económica. É algo que parece obvio pero —insisto— hai algún compoñente biolóxico —Rajoy *dixit*— que impide recoñecer esa cuestión. Polo tanto, insisto en que o tema do emprego nos parece fundamental.

¿De onde sacariamos ou de onde sairía ese incremento dos ingresos? Pois, fundamentalmente, dunha política de ingresos máis progresista e máis redistributiva. E, efectivamente, nós cremos que aínda é posible que aquelas rendas máis altas, tanto do traballo como do capital, teñan uns tipos impositivos a aplicar máis elevados. Da mesma maneira que entendemos o tema do patrimonio. Iso que dixo vostede non nos parece razoable. Respetar a herencia, si; pero a herencia é un concepto antropolóxico e estamos falando de riqueza. En termos económicos négome a falar de herencia. Eu quero falar de renda e de riqueza, que é sobre o que se fai basicamente un sistema impositivo, ou é sobre o que nós pensamos que se debería facer un sistema impositivo. E, efectivamente, igual no tema dos impostos de sucesións, de transmisións patrimoniais e de actos xurídicos documentados, con previsións realistas nas recadacións, porque as que vostedes presentaron para todo o ano 2017 conseguíronse aproximadamente en agosto deste ano. En fin, cando vostede interviña, por un momento pensei que estaba na Reserva Federal norteamericana e que nos estaba dando unha clase, unha mestura de Alan Greenspan e Ben Bernanke. Pero logo deime conta de que estaba en Santiago de Compostela e que, bueno, non era tanta a clase. Era unha clase..., en fin, normal.

E, polo tanto, creo que se pode recadar máis daqueles que teñen máis. Dáme igual que se chame imposto sobre a riqueza ou que se chame como se chame. Sabemos perfectamente que os 41 deputados —lexítimos, insisto— do Partido Popular van votar en contra disto. Trátase basicamente da mensaxe política de que hai que combater a desigualdade coa cooperación do conxunto da sociedade, coa cooperación activa do conxunto da sociedade. Eu creo que é unha mensaxe que, desde logo, os socialistas mantemos, e paréceme que diferencia a dereita da esquerda. Insisto, é necesario diferencialas.

Logo, tamén está o dos impostos de custos medioambientais —e xa sei o que me vai dicir, vou poñer a venda antes da ferida— susceptibles de ser trasladados aos prezos dos consu-

midores. ¡Oian!, e ¿para que está a política? Para evitar iso, ¿non? ¡Claro! É que, efectivamente, son susceptibles. Pero do que se trata é de que, a través da política, a través dese pequeno detalle de que as leis se modifican nos parlamentos, pois se impida que se trasladen, vía prezos, eses impostos. E temos un exemplo —neste caso non co imposto das grandes superficies senón cos medioambientais—: o dos tribunais que acaban dicindo que é necesario trasladar os distintos canons medioambientais enerxéticos —eólico e o da auga encorada— aos consumidores. Bueno, é unha auténtica perversión do que tería que ser a filosofía da loita contra o cambio climático. Pero tamén é verdade que aí non podemos esperar milagres da dereita. Ben, pois trátase de plantarse, trátase de cambiar as leis se as leis nos levan a dicir que non paga quen contamina senón que paga quen sofre os efectos da contaminación. Eu creo que non son especialmente subversivo.

No tema das grandes superficies comerciais, mire, tivemos que escoitar aquí como se escandalizaba o Partido Popular por este imposto. ¡Home!, é verdade que axudaba a que o presidente do *lobby* era o señor Arias Salgado, ex-ministro *del Gobierno de Aznar* —por certo, un dos poucos que non está nin imputado nin investigado nin na cadea, o cal ten algún mérito—. E, desde logo, dicían vostedes cun grande escándalo que era intolerable ese imposto. Pois acaba de dicir a xefa dos letrados da Unión Europea que é perfectamente susceptible de ser implementado polos distintos Estados ou polas distintas comunidades autónomas ou rexións. Claro, depende de que lado se poñan vostedes, e diso é do que, señor conselleiro, vostede lamentablemente —na miña opinión—, desde logo, non falou demasiado.

Reforzar a loita contra a fraude fiscal. ¡Claro!, aquí tamén temos outro elemento, digamos, de capital social. ¡Home!, eu comprendo que para un goberno sostido por un partido como o Partido Popular —que eu non vou dicir que sexa o máis corrupto de Europa para que non se enfaden, non, non o digo, porque non hai ningún ránking; polo tanto, non o digo—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro, claro!, non hai ningún ránking e, polo tanto... Porque o outro día algún compañeiro ou alguén o dixo e houbo unha especie de algarada xeneralizada. Entón eu non vou dicir que sexa o máis corrupto de Europa. Eu o que vou dicir é o que acaba de dicir o fiscal: que está absolutamente probado que se financiou coa caixa «b». Bueno, pois polo tanto, claro, pedir responsabilidade fiscal, pedirilles aos cidadáns que cumpran as súas obrigas fiscais, eu comprendo que lles resulte complicado. Eu comprendo que, cada vez que saen esas viaxes por Panamá, Curaçao, etc. —que parece unha especie de cruceiro turístico—, e aparecen membros relevantes do Partido Popular, resulta moi difícil dicirlles aos cidadáns que paguen. Pero eu creo que é imprescindible reforzar a loita contra a fraude fiscal.

Tamén cremos que deberíamos aproveitar o máximo do déficit permitido. A verdade é que pensabamos que era máis importante —desde unha perspectiva anticíclica— nos momentos de caída ou de estancamento do PIB. É certo, nese momento non o fixeron porque na campaña publicitaria o señor Feijóo exixía ser o máis cumpridor, *el más ortodoxo de la ortodoxia económica liberal*, pero, en todo caso, hai unha marxe aí que tamén se podería aproveitar.

Logo hai unha redución de gastos improditivos: publicidade e propaganda; vimos o dos lumes nos últimos momentos, pero eu recordo... Si, si o dos lumes vímolos. Eu estaba no ano 2006 aquí —ía falar despois dos lumes—, e eu non ía falar nunca de mortos nin de fotogra-

fías, pero, como o escoitei aí tantas veces, teño que recoñecer que me custa non facelo de forma explícita. E explícita significa non só con fotografías do presidente da Xunta —actual presidente da Xunta, ¡que xa lle vale!—, senón con fotografías do coche queimado nunha cuneta en Fornelos de Montes e en Cotobade. (*Aplausos.*) ¡Ata esa! Esa fotografía indigna ensinouse neste Parlamento. Eu non sei se algún dos deputados que estaban naquel momento o recordan. Eu, perfectamente.

Polo tanto, efectivamente, esa propaganda dos lumes, a propaganda sistematicamente da innovación, a propaganda dese hospital público de Vigo que encheu todo Vigo de carteis; en fin..., ese tipo de detalles.

Logo, por outro lado, os gastos de carácter inmaterial. Oia, se realmente manteñen esa potencia de emprego, ¿pódeme explicar por que este sistemático crecemento dos gastos de carácter inmaterial? Porque, claro, eu non acabo de enténdelo. ¿Non sería mellor, cando falan despois de leis de axilización da implantación industrial, que en vez dos gastos de carácter inmaterial reforzaran os servizos públicos de inspección e os servizos públicos que permiten que se instalen esas empresas desde a perspectiva medioambiental, de patrimonio cultural, etc.? Probablemente si, paréceme a min.

E, desde logo, estes fondos, estes 550 millóns de euros, diríxense fundamentalmente aos ámbitos dos que vimos falando, os ámbitos que teñen que ver fundamentalmente coa igualdade, señor conselleiro. E, por suposto, a creación de emprego, en distintas formas, en distintos programas, afectando distintas poboacións diana: as mulleres, os parados de longa duración, os parados de certa idade cun nivel de cualificación moi baixo.

Vostede falou e deunos tamén outra teórica sobre a execución dos fondos de emprego. O que é certo é que os fondos de formación para empregados no ano 2015 non existiron. Eu non sei se foi un problema de Bruxelas, de Madrid, de Santiago de Compostela ou de Nacións Unidas. O que sei é que literalmente non existiron, señor conselleiro. Entón, estaría ben que existiran, sobre todo porque todos sabemos que un dos problemas graves de non incrementar a produtividade demasiado, a pesar da caída salarial, é porque a cualificación deses traballadores de baixos salarios é extremadamente difícil. E sen programas de formación, nin públicos nin das propias empresas, é materialmente imposible, señor conselleiro. Non sei se vostedes teñen algunha solución milagrosa, vostede ou o conselleiro de Economía e Industria. A min, desde logo, escápame.

Logo tamén, por suposto, sanidade e educación, por esa razón que lle dicía antes, porque todos deberíamos ser iguais e ter as mesmas oportunidades —a pesar do artigo do señor Rajoy—.

No tema da pobreza e da desigualdade, na Lei de dependencia, en vivenda, aproximadamente 120 millóns de euros. Nós cremos que hai que progresivamente ir racionalizando para acadar un ingreso mínimo vital. Entendemos que na Lei da dependencia xa está ben que nos digan que no ano 2009 había menos atendidos que na actualidade. Efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...porque se implementou a lei. E no ano 2005 non había ningún, e no ano 1430 tampouco, porque as leis se implantan progresivamente; é un feito —eu creo que— de fácil comprensión para unha intelixencia media, non fai falta..., en fin, a reserva federal norteamericana.

Logo tamén unha partida para a loita contra os lumes, para a loita ou para a aplicación daquela lei do ano 2006 que vostedes deostaron e que agora reivindicán. ¡Welcome!, benvidos, parécenos ben, pero necesita fondos. É un feito tamén importante.

Logo, por outro lado, medidas de impulso e crecemento económico. Efectivamente, no tema da innovación, este ano hai un aumento importante. Eu fun o primeiro en recoñecelo na comparecencia do conselleiro; partiamos dun nivel moi baixo porque a redución inicial foi moita...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—, pero isto é o que permite, desde logo, ese incremento da produtividade e da competitividade, que é o que nos permitirá de verdade situarnos nunha senda de salarios altos ou de salarios crecentes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que loiten de verdade contra a igualdade e que non...

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...esteamos obrigados a que a risga aumente ano a ano nos seus orzamentos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Losada. Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde.

Hoxe é 20 de novembro e para min, dende hai corenta e un anos, é un día no que me levanto feliz pola mañá, (*Aplausos.*) e por iso non vou deixar que o sorriso da cara mo borren algúns comentarios... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —Non, pero ben sei o que digo.— E non vou deixar que o sorriso da cara mo borre o señor Martínez utilizando expresións pouco aceptables neste Parlamento, das que a menor é a de «impericia». E, en todo caso, como non podo desgranar todas as que dixó, voume centrar en dúas nada máis, antes de entrar no tema.

Unha é isto da inflación, porque é difícil entender que o conselleiro de Facenda non entenda a diferenza entre nominal e real. Cando alguén quere comparar unha cantidade no ano 2018 non a pode comparar directamente cunha cantidade de 2009, porque 100 euros de 2009 non

son 100 euros en 2018. En Galicia, os 100 euros de 2009 son 88 euros no ano 2018, segundo as estimacións de inflación. Cando non se entenden eses conceptos é moi difícil ter pericia para elaborar os orzamentos.

E algo que ten que ver... (*Murmurios.*) Vou aproveitar, xa que o señor Puy me interrompe, para dirixirme a el no sentido de que hai que saber ler os papeis.

Teño aquí... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Teño aquí un informe do IGE sobre a evolución dos prezos en Galicia. E ese informe di que a inflación media interanual de xaneiro a outubro en Galicia está no 2,23 %. E voulle dicir algo máis: que a estimación que fai o IGE é que cando remate o ano 2017 o IPC medio interanual vai estar no 2,1 %. É o IGE. Logo lle deixo o papel subrayado no círculo onde está o dato para que nos poidamos entender.

A segunda idea... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —20 de novembro— ten que ver con este debate sobre o emprego. Señor conselleiro, voulle enviar despois o informe que acaba de publicar o BBVA-Ivie hoxe mesmo onde aparece a evolución do emprego en todas as comunidades autónomas do Estado. E resulta que na taxa de variación da poboación ocupada, no primeiro trimestre do ano 2007-terceiro trimestre do ano 2017, en porcentaxe, Galicia é a penúltima comunidade autónoma. Só estamos mellor que Estremadura. E nese mesmo informe calcula un índice de recuperación no que di —dende o ano 2014, cando cambiou o ciclo económico— canto evolucionou o emprego no conxunto das comunidades autónomas. ¿E sabe que posición ocupamos, señor Martínez? Os penúltimos pola cola —Fundación BBVA-Ivie, publicado hoxe—.

Ben, vaíamos ao asunto. Levounos dez anos, dez anos de dor... Alguén dicía por aí que nós non aceptabamos a crise. ¿Que nós, os dos desafuzamentos, non aceptabamos que había crise? ¿Que nós, os que loitamos contra o despido de milleiros e milleiros de traballadores dicíamos que non había crise? ¿Pero de que están falando? (*Aplausos.*) Nós estamos na Cámara precisamente para representar os afectados da crise, exactamente para iso. ¡Levounos dez anos! Volvamos ao mesmo nivel de PIB que tiñamos no ano 2008, e iso obríganos, señor conselleiro, a respostar á pregunta que lle fixo hoxe pola mañá Luis Villares. ¿Por que, se temos o mesmo nivel de riqueza que antes de caer na recesión, temos que vivir peor? Máis en concreto, se o nivel de PIB do ano 2018 vai ser o máis alto da nosa historia, ¿por que as condicións de vida e de traballo da maioría social do noso país son significativamente peores ás que tiñamos no ano 2008?

E deixe que lle diga algo que tamén teño aquí: a economía galega está medrando ao 3 %. ¿Sabe cal é a taxa histórica media de crecemento da economía galega dende hai 55 anos? ¿Sabe cal é a media? O 3 %. ¿Sabe cal é o único período no que a economía galega non creceu ao 3 %? Entre o ano 2009 e o ano 2014. O único que fai a economía galega, o PIB, é recuperar unha normalidade que as políticas de austeridade da Troica anulaban, exactamente.

O conselleiro na súa intervención contrapón o cadro macroeconómico coa realidade laboral e social na que vive a cidadanía. Unha «Arcadia feliz», dicíao o compañeiro do Partido Socialista, na que a cidadanía non se reconece. Vostede sabe que o 93 % dos cidadáns considera que a situación da economía española e galega é regular, mala ou moi mala. E teñen razón, porque saír da recesión non é saír da crise, porque o crecemento económico non se está trasladando a maior benestar social, porque hai crecemento, pero, como moi ben dixo a compañeira do BNG, non hai recuperación, porque non damos pasado do macro ao micro, das estatísticas á realidade da xente. Temos o mesmo nivel de riqueza, pero está peor distribuída. Perdemos os que cobramos salarios, que somos a inmensa maioría social, e gañan as rendas empresariais, como ben explicou Abel Losada. É así de simple, jé así de inaceptable!

Temos o mesmo nivel de riqueza, pero con menos emprego, máis precariedade laboral e peores salarios, o mesmo PIB, pero moito peor distribuído, e por iso temos unha sociedade, señor conselleiro, que é máis inxusta, máis desigual, ten máis pobreza, ten menos dereitos laborais, ten menos emprego, ten máis paro; temos salarios devaluados e maior precariedade laboral. Esa é a realidade na que vive a maioría do país. E cando vostede non é quen de recoñecelo, explica por que fai a política económica e orzamentaria que fai.

É unha situación inaceptable que ten culpábeis; dende logo, as reformas laborais, que recortaron dereitos para impoñer a devaluación salarial e a precariedade extrema. E, despois, as políticas de austeridade compulsiva e de recortes, que reduciron extraordinariamente a capacidade do público para intentar corrixir a desigualdade na repartición primaria da renda.

Os orzamentos do ano 2018 son unha clara demostración desta estratexia neoliberal de recortar o peso do público na economía e na sociedade. É certo que crecen o 2,9 % e que a Xunta vai dispoñer de 266 millóns de euros máis que no 2017. Pero só en termos nominais, porque a inflación está no 2 % e, polo tanto, o crecemento real do orzamento vai estar por baixo do 1 %, e iso é un crecemento decepcionante, limitado, que non serve nin sequera para empezar a corrixir a brutal caída do gasto público que se produciu desde que se empezou a aplicar a austeridade compulsiva.

En termos reais —reais, conselleiro, ¡reais!— o gasto homoxeneizado no ano 2018 será apenas 100 millóns de euros máis alto que en 2017, pero aínda estará 2.234 millóns de euros por debaixo do realmente executado —conselleiro, executado, non orzado— no ano 2009.

E aquí hai que volver formular a pregunta inicial con outro contido que se corresponde co debate parlamentario. ¿Por que, se temos o mesmo nivel de PIB, o gasto público é un 23 % máis baixo en termos reais? ¿Por que? Co ritmo actual de aumento do orzamento, teríamos que esperar ata o ano 2030 para recuperar o nivel de gasto real previo á recesión en cifras absolutas. Aínda máis, se segue gobernando o Partido Popular, nunca recuperaremos o nivel de gasto en termos do PIB, porque a redución do gasto público non é unha casualidade, non é un efecto secundario da crise, nin sequera é un dano colateral; é un obxectivo buscado de forma premeditada polo Goberno de Rajoy e polo Goberno de Feijóo.

Está escrito, no recente programa presupostario —está en castelán— para o 2018 que vén de presentar Montoro á Comisión Europea, o Goberno central comprométese a baixar o peso

do gasto público en España do 41,2 % do PIB ao 40,6 %. Para os que non son de números, pode parecer pouco, pero estas seis décimas de PIB son 7.278 millóns de euros, que casualmente se concentran na redución de gasto en sanidade e en educación.

Esta é unha estratexia premeditada porque a crise foi aproveitada para impoñer un profundo cambio no modelo social, para romper o contrato social; un modelo dominado pola desigualdade, a precariedade e a deterioración do Estado de benestar, para recortar o peso do público na economía e na sociedade. E, por iso, a fase alcista do ciclo que se iniciou no 2014 non está servindo para que nos recuperemos dos recortes. Todo o contrario, a orientación estratéxica da Xunta é continuar co recorte do gasto baixo unha nova fórmula. Xa non vai aplicar recortes nominais, recoñécemolo; o modelo é que o gasto medre por debaixo do PIB nominal e, polo tanto, cada ano se destine menos riqueza, menos parte da riqueza, á xestión do público, aos servizos públicos e á protección social.

Vostede hoxe pola mañá trabucouse un pouco, creo eu, pero víñao recoñecendo. Dixo que o orzamento da Xunta vai medrar o 2,9 %, pero que o PIB nominal vai medrar o 4,2 %. O orzamento, o 23,9 %; o PIB, o 4,2 %; iso chámase orzamento restritivo, porque medra menos que a riqueza do país. E esta é a lóxica da nova etapa dos recortes: que o gasto medre menos que o PIB. Así, ano tras ano, vaise acumulando un recorte gradual, pero sostido no tempo, menos visible, pero igual de perverso.

O orzamento do ano 2018 vén consolidar os recortes aplicados no período 2009-2014, dándolle continuidade á redución do peso do público. Nós a iso dicímoslle que non, e propoñemos unha vía alternativa coas emendas que presentamos. En Galicia, estamos sufrindo unha política fiscal ideoloxicamente conservadora, neoliberal, que leva anos aplicando unha des-fiscalización das rendas de capital sobre os grandes patrimonios, provocando un dobre efecto: unha caída da recadación e unha redistribución das carga fiscal, na que pagamos máis os asalariados. Por dicilo nunha frase: menos impostos sobre a riqueza e máis IVE, e, na parte que non chega, recortes ou débeda. Fronte á resignación, os recortes, o axuste permanente, nós demandamos unha posición ambiciosa. Galicia —nin España— non ten un problema de exceso de gasto, todo o contrario, o noso problema é un o problema de falta de ingresos; e, polo tanto, este quinto ano da fase alcista do ciclo económico é o momento de reorientar a estratexia orzamentaria.

Nese sentido, nós presentamos unha emenda, que ten dúas liñas básicas de actuación: primeiro, incrementar en 500 millóns de euros o nivel de gasto, actuando sobre as diferentes vías de ingresos; e, segundo, redistribuír o gasto que fai o Goberno, cambiando as prioridades do mesmo por un importe de 268 millóns de euros, cara ao gasto social e produtivo.

¿Como defendemos o incremento de 500 millóns de euros nos ingresos? Pois actuando sobre catro eixos:

Primeiro, un incremento dos recursos procedentes do Estado, actuando sobre o sistema de financiamento autonómico e tamén sobre os instrumentos para o reequilibrio territorial.

Segundo, un paquete de medidas fiscais co obxectivo de incrementar a recadación, actuando sobre as figuras tributarias que xa existen e creando outras novas.

Terceiro, unha minoración selectiva e ponderada do actual nivel de beneficios, bonificacións e exencións fiscais.

E cuarto, reforzando o Plan de inspección e loita contra a fraude fiscal.

Sumadas ambas as dúas cantidades, o que En Marea propón é destinar 768 millóns de euros a 18 programas prioritarios co obxectivo de aplicar unha política económica que impulse o crecemento e que o transforme en desenvolvemento económico e social real, baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza a benestar da cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión. Dezaioito programas dos que eu só vou citar tres: un plan de loita contra a pobreza e a exclusión social, dotado con 160 millóns de euros e 26 medidas concretas para combater unha das principais lacras do noso país, as 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social; un plan de emerxencia para o emprego de loita contra a precariedade, dotado con 68 millóns de euros para dar resposta ás 187.000 persoas desempregadas, combatendo a precariedade laboral que afecta xa a metade da clase traballadora galega; un plan de mellora e garantía da sanidade pública e universal, dotado con 115 millóns de euros e 49 medidas concretas; un plan de mellora e recuperación do ensino público, dotado con 67 millóns e articulado en 14 proposicións concretas.

Remato. Os orzamentos para o 2018 que presenta a Xunta son decepcionantes, restritivos, mediocres, antisociais, continuístas e neoliberais; non serven para mellorar a vida da cidadanía, nin para empezar a darlles a volta aos recortes, nin para impulsar a actividade económica e recuperar o emprego. E por iso En Marea os rexeita con rotundidade e presenta esta emenda á totalidade.

A economía saíu da recesión, conselleiro; xa é hora de que a sociedade saia da crise.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Intervención da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Logo de debater e confrontar pola mañá as liñas xerais da política orzamentaria, é agradable ver tamén como boa parte das intervencións, durante os minutos que dunha maneira libre e lexítima cadaquén utilizou, tamén agora pola tarde, reabrindo determinados debates, non sei se tanto contra o Goberno senón contra as portavoces que pola mañá interviñeron en función de cada grupo... Chámame un pouco a atención tamén esa forma de razoar, pero libremente cadaquén pode facer o que considera.

Un ano máis quedou patente a diferenza de modelo —obviamente, e así o recoñecemos, non temos nada que esconder— entre o Goberno galego e os grupos da oposición. Retomamos o debate nestes momentos para intercambiar a opinión das emendas transversais. Intentarei explicar as razóns que levan ao Executivo a non considerar as súas propostas, incluso falarei de cuestións que aquí non foron introducidas polos distintos portavoces dos grupos porque é a forma de poñer en consideración o moito traballo que incluso os distintos colaboradores de cada grupo fixeron para presentar este tipo de propostas.

Esta negativa —créanme ben— non obedece a ningún apriorismo, senón que ou ben as súas formulacións non son susceptibles de levar á práctica ou ben incluílas no orzamento significaría deixar fóra outras que son necesarias. Tentarei concretalas.

Un ano máis os grupos da oposición queren subir os impostos ou incluír partidas que non temos a garantía de recibir para dispoñer de máis ingresos. O Goberno galego é contrario a ambas as dúas opcións. Preferimos, cando podemos, baixar os impostos e, en todo caso, evitar subilos. Preferimos incluír os ingresos que temos a certeza de percibir. Tampouco podemos apoiar emendas sobre determinados supostos imposibles. Estoume a referir a aquelas que detraen recursos finalistas que deben empregarse de maneira obrigatoria nunha actuación concreta e que non se poden destinar ao que formulan vostedes. Con algunha outra poderíamos estar de acordo, pero non a custa de retirar fondos e partidas para desenvolver actuacións que nós consideramos necesarias. Tentarei concretalo tamén e poñer algúns exemplos.

Á voceira do BNG dunha maneira clara tamén lle digo que estamos totalmente en contra de subirlles 135 millóns de euros dos impostos aos galegos. O BNG quere que os galegos en concreto paguen 14,3 millóns máis polo IRPF, segundo os cálculos que me facilitan, actualizados pola Axencia Tributaria de Galicia. O BNG quere que os galegos paguen 37 millóns de euros máis polo imposto de patrimonio. O BNG quere que os galegos paguen 45 millóns de euros máis polo imposto de sucesións e o BNG quere crear un novo imposto sobre as grandes superficies para recadar, en principio, 30 millóns de euros. Obviamente, a Xunta de Galicia toma o camiño contrario ao do BNG. Mantemos nestes momentos a maior rebaixa da historia, como xa indiquei hoxe á mañá. Xa son máis os 144.800 galegos e galegas que non pagaron por recibir unha herdanza, e queremos que a inmensa maioría dos galegos sigan sen pagar polo imposto de sucesións; ademais de pagar menos polo IRPF, tal e como se constata na declaración que todos nós acabamos de facer neste exercicio respecto do pasado.

Mantemos a estratexia de impostos cero no rural. Neste caso beneficiouse uns 25.560 galegos a día de hoxe, e queremos seguir aumentando o número de beneficiarios. Por iso, para o 2018, incluímos novos incentivos, con tres obxectivos claros: mobilizar as terras e bens rústicos desaproveitados e dinamizar a actividade no rural; revitalizar e poñer en valor a situación dos actuais centros históricos; e tamén incentivar a promoción de venda de solo industrial.

Agora explicareille por que rexeitamos a suba de impostos que formula o BNG.

Sobre a proposta de novos tramos do IRPF para rendas superiores a 120.000 euros, pola estrutura de rendas que temos en Galicia tería unha incidencia moito menor ca noutros terri-

torios de España. Ademais, esta alza sería soportada fundamentalmente polas rendas do traballo, pois representan o 83 % do total de bases impositivas.

En canto á proposta de elevar os tipos de gravame no imposto de patrimonio, hai que ter en conta que Galicia é unha das comunidades que exerceu as súas competencias normativas neste imposto e incrementou a tarifa estatal nun 20 % xa nos orzamentos do 2013, nunha proposta pactada tamén co PSdeG. É un imposto que só grava as rendas máis altas porque afecta exclusivamente a declarantes cun patrimonio superior aos 700.000 euros. Obviamente, tocar os mínimos exentos levaría aparelado que se gravarían as rendas altas e tamén as medias e diminuíría a renda dispoñible para o consumo privado en Galicia, e, por suposto, non imos suprimir as modificacións do imposto de sucesións e doazóns, xa que coas mesmas se eliminaron no 99 % dos casos as tributacións entre herdeiros directos ata 400.000 euros.

Buscamos, como dicía hoxe á mañá, manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica da familia, que pasa a perder en ocasións a renda que achegaba a persoa falecida. Entendemos que en caso de que o patrimonio do falecido sexa maior, a capacidade económica da familia é suficiente para facer fronte ao pago do imposto. E xa expliquei tamén o caso de Andalucía hoxe á mañá, sen embargo, rasgámonos as vestiduras.

En relación coa proposta de crear o imposto sobre grandes superficies, ata agora cuestionábase a legalidade da súa implantación, e, pese ao pronunciamento da avogada xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, por prudencia, consideramos que debemos agardar que se pronuncie o dito tribunal sobre este asunto, para no seu momento valorar calquera decisión, pero tamén saben que só hai tres comunidades autónomas nestes momentos que presentan este tipo de imposición.

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que propoñen desde o BNG. Algunhas son simplemente imposibles de levar á práctica, como as emendas que reducen partidas financiadas maioritariamente con fondos europeos e que pretenden destinar actuacións non elixibles, ou as que minoran créditos financiados con transferencias finalistas do Estado para destinalas a actuacións totalmente diferentes da finalidade para a que se autoricen nas conferencias sectoriais.

Noutros casos, propoñen reducións nos créditos correspondentes a gastos de funcionamento, o que impediría o correcto desenvolvemento das tarefas asignadas. Tamén reclaman reducir o gasto en persoal eventual. Resulta sorprendente que ano tras ano sigan pedindo que se reduza o crédito de persoal eventual cando no ano 2018 será aínda moitísimo menor do que gastaban vostedes no Goberno bipartito. Como vexo que fai falta, lémbrolles as cifras, que son elocuentes, porque tamén se repite o que avogan outros grupos parlamentarios, e así a explicación serve para todos.

O gasto en altos cargos é un 40 % menor ao gasto orzado en 2009 polo Bipartito. Isto significa que aforramos cada ano, dende aquela, 3,6 millóns de euros. O gasto en persoal eventual de gabinete, máis dun 30 % inferior ao do último ano do Goberno bipartito; aforramos 2,2 millóns de euros, e seguimos polo menos camiño. En total, pois, aforramos 5,8 millóns de euros en relación co 2009. Insisto en que no custo de altos cargos e persoal eventual o

BNG debería non facer demagogia, porque a historia di que cando teñen a posibilidade real de gobernar fan todo o contrario do que piden na oposición.

Tamén insisten en pedir rebaixar gastos en partidas ás que destinamos menos da metade da media que o anterior Goberno, e de novo vou dar uns datos actualizados: gastos en reunións, conferencias e cursos, diminúen case un 60 %; gasto en material de oficina, baixámolo un 50 %; gasto en atencións protocolarias, diminuímolo en máis dun 52 %; gastos en publicidade e propaganda, reducíronse case un 62 %.

Coido que con estes exemplos queda bastante claro o cambio de prioridades deste goberno en relación con aquel no que daquela participara o BNG. De novo, na oposición piden o contrario do que facían no Goberno.

E vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen. Piden un suposto plan de recuperación de servizos públicos. Para financiarlo retiran créditos de dotacións en materia de vivenda, e fano ao mesmo tempo que critican a falta de recursos para vivenda. Eu creo que non é moi coherente plantexar, por unha parte, retirar de vivenda, financiar o pretendido Plan da sanidade e ao mesmo tempo tratar de incrementar en vivenda. É algo que non resulta moi coherente; ademais de retirar tamén partidas para iso, que, como lles dicía anteriormente, son finalistas, e incluso de fondos europeos.

Reclaman un programa de impulso á cultura. Poderíase valorar, pero o problema é que para financiarlo retiran case 1,4 millóns de euros da modernización do Servizo Público de Emprego, que ademais son de novo fondos finalistas do Estado, polo que non poden destinarse a outra finalidade. Aínda que puidésemos, tampouco iamos retirar case 1.500.000 euros para modernizar o Servizo Público de Emprego; créanme vostedes que non os imos retirar.

E logo hai outras propostas de aumento de gasto que superan os créditos que minoran. Tan só lles porei un exemplo: queren 18 millóns para bolsas universitarias, e tan só se poden minorar as partidas por 9 millóns. ¿Por que? Porque son os créditos totais que teñen.

Coido que existen razóns suficientes para rexeitar as súas propostas.

Ao voceiro do PSdeG quero dicirlle tamén que rexeitamos subirlles aos galegos os impostos en 114 millóns de euros, (*Murmurios*.) tal e como propón o Grupo Socialista. Non queremos que os galegos paguen 35 millóns de euros máis polo IRPF e non queremos que os galegos paguen 40 millóns máis polo imposto sobre patrimonio.

Rexeitamos tamén crear un imposto sobre grandes superficies para recadar 5 millóns de euros. Tampouco queremos que os galegos paguen 34 millóns máis por impostos medioambientais, e tampouco vemos consistentes aumentos dos ingresos en 75 millóns de euros en sucesións, 40 en transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e 20 por mellorar a xestión de loita contra a fraude. Vaíamos por partes.

En canto á suba do IRPF e do imposto sobre patrimonio, así como á creación dun imposto sobre grandes superficies, remítome ao meu comentario feito ao BNG.

En canto ao paquete de impostos medioambientais que propoñen, para recadar 26 millóns de euros, sobre as instalacións que incidan no medio ambiente, como as de telefonía, telemática, liñas de transporte e de enerxía eléctrica, descoñecemos —e créanme de verdade que non estou aquí en plan...— como calculan o importe imputado a esta medida de 18 millóns de euros. Digo isto porque neste imposto, que xa teñen algunhas autonomías, a cota oscila entre os 700 e os 1.200 euros por quilómetro de liña de alta tensión. Con estes tipos, do que en España hai, a recadación oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros, polo que non parece moi aconsellable crear un imposto por esta contía e non os 18 que calculan vostedes. Non saen os números respecto do que hai no normal, no noso contorno, soamente en termos comparativos.

Ademais, e vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse se é conveniente fixar figuras impositivas que poden ser repercutidas ao consumidor final. Debemos de pensalo moi moito, e sobre todo nisto do que estamos a falar.

Respecto do imposto sobre a utilización de bolsas de plástico dun só uso, tamén descoñecemos como se calcula o impacto de 2 millóns de euros. Este imposto, que se creou en Cantabria no 2011, derrogouse un ano despois. En Estremadura, o Consello Económico e Social considerou negativa a súa implantación. Os principais problemas que se formulan con esta proposta son os elevados custos que tería tanto para a Administración como para o comerciante ou consumidor en relación coa súa recadación. Ademais de que tamén se trasladaría ao consumidor e encarecería a bolsa da compra.

Respecto do imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera para recadar 6 millóns de euros, igualmente descoñecemos como se calcula este importe, ademais de non saber cales son eses gases nocivos que se pretenden gravar. Actualmente en Galicia xa existe un imposto propio que grava substancias contaminantes á atmosfera, aplicable dende 1996, o imposto sobre contaminación atmosférica, que grava moi concretamente os compostos oxixenados de nitróxeno e de xofre. A ampliación do feito imponible deste imposto a outras substancias que gravan outras autonomías non suporía recadar os 6 millóns de euros que propoñen.

En canto á suba dos actuais gravames para o aproveitamento pola auga encorada ou sobre contaminación atmosférica, para recadar 8 millóns, debería vostede saber que, ao tratarse de tributos fiscais, non cabe a súa modificación por motivos exclusivamente recadatorios.

Polo que respecta á intención do Partido Socialista de que incrementemos a nosa previsión de ingresos en 75 millóns máis pola recadación do imposto de sucesións, 40 por actos xurídicos documentados, unha pequena disquisición, de verdade. Quero aclararlle que vostede se basea para facer este cálculo en dereitos recoñecidos netos, e nesa cantidade están incluídos tamén os importes procedentes de anos anteriores, ben porque a Administración tributaria concedeu un aprazamento ou fraccionamento do ingreso, ou ben porque ese ingreso se atopa suspendido ou porque está en período voluntario de pago, que, tal e como establece a normativa autonómica, se anulan ao final do exercicio.

E sobre os supostos 20 millóns máis por unha mellora por xestión recadatoria e reforzo da loita contra a fraude fiscal, estima un aumento de ingresos conxunto para ambas as propostas que non especifica por separado.

No cadro de variacións á alza nas seguintes partidas de ingreso, impacta no concepto «multas e sancións tributarias», 20 millóns. Se se están a referir con isto á mellora da xestión recadatoria, quero insistirles en que tal e como xa lles comentei no caso de impostos de sucesións e doazóns, unha cousa son os importes dos dereitos recoñecidos netos, publicados cada trimestre, e outra a liquidación definitiva do ano polas anulacións de final de exercicio.

Respecto da loita contra a fraude fiscal, este goberno impúlsaa dunha maneira clarísima dende o ano 2009, e reforzouna coa creación da Axencia Tributaria de Galicia. Só o ano pasado a Atriga fixo aflorar 141,5 millóns de euros de débeda non declarada, e revisou case 280.000 autoliquidacións dos principais impostos, un 6 % máis que o ano anterior.

Tampouco podemos estar de acordo na súa formulación de incrementar de maneira considerable as partidas correspondentes ás transferencias finalistas do Estado. Quero explicarlle que debe terse en conta que as dotacións que se orzaron se corresponden coas previsións con base nos ingresos do último exercicio, e que se adaptarán en función dos importes que resulten das conferencias sectoriais, que, con maior ou menor fortuna, tratei de explicar hoxe á mañá.

Señoría, tampouco parecen axeitados os incrementos que se poñen nas partidas de ingreso do Instituto Galego de Vivenda e Solo e do Sergas, xa que non se trataría dun orzamento realista senón puramente voluntarista.

Sobre as minoracións que formula en relación coa rebaixa de gastos de persoal de gabinete e gastos inmateriais, remíto, obviamente, ao que lle expliquei ao BNG, pero sigan por aí, que seguen sempre, todos os anos. Parece, pois, que non se lembra de cando gobernaban xuntos e os custos de persoal eventual eran moi superiores. E o mesmo lle digo sobre os gastos inmateriais, que os temos reducido a máis da metade, outras minoracións.

Ao igual que o BNG, os socialistas retiran numerosas partidas correspondentes a fondos finalistas ou europeos para destinalos a outras finalidades que non se corresponden; polo tanto, son de imposible aplicación.

Reducen incluso a partida consignada para o canon dos equipamentos de alta tecnoloxía do hospital de Vigo. ¿Pero que lles fixo o hospital de Vigo? (*Murmurios.*)

Tamén diminúen os recursos para a promoción turística e a preparación do Xacobeo. Obviamente, non podemos estar de acordo con esta formulación.

Tamén minoran partidas para mobilidade sostible para o sistema de xestión de transporte á demanda. Igualmente, non estamos de acordo en reducir o orzamento para a conexión ao polígono de San Cibrao das Viñas, en Ourense.

Diminúen nunha emenda as achegas para a innovación comercial e ao mesmo tempo noutra piden aumentar os recursos para a innovación tecnolóxica no pequeno comercio. Pero, ¿en que quedamos?

Por outra banda, tamén retiran fondos para actuacións de dinamización demográfica. Aquí si que temos con vostedes un desacordo enorme. A demografía é un dos principais retos de país, e, sempre que podemos e temos, destinamos máis recursos a esta cuestión, que é tan complicada e complexa, como ben coñecen.

Ao voceiro de En Marea, tamén quero reiterarlle que aínda que non falou moito do tema, porque, dos dezaseis minutos, estivo trece ou catorce cun programa un pouco máis xenérico, cousa que lle agradezo... Eu si que creo que sempre se pode aprender... Si, si, incluso de como non hai que facer as cousas; (*Risos.*) (*Aplausos.*) non tanto do que se di. E, ademais, sen acri-tude, non fai falta cabrearse..., eu que son tan locuaz ás veces, e incluso tan bocazas, non digo que non.

Non imos estar de acordo en subirlles aos galegos os impostos en case 200 millóns de euros e en incluír 300 millóns de euros máis nos orzamentos sen base legal ningunha. Aínda que iso da base legal e dalgúns amigos de En Marea... Pois, bueno, xa me empeza a entender, jeh! (*Risos.*)

Comecemos pola subas de impostos. Sobre os 20 millóns máis no IRPF, outros 20 máis no imposto sobre patrimonio, os 52 sobre o dano ambiental causado por determinados fluxos de auga encorada, 4 máis para crear o imposto de grandes superficies —non é o mesmo que o que calculaba o PSOE, parece ser, nin o Bloque— e 12 máis polo suposto do reforzamento do Plan de inspección e loita contra a fraude, permítame tamén que me remita ao que lles acabo de dicir aos outros grupos.

Vexamos o resto de propostas fiscais. Sobre os 10 millóns de euros adicionais por un incremento da estimación da recadación derivado da participación no imposto sobre depósitos nas entidades de crédito, está propoñendo aquí un incremento do 50 %. Ademais, non sinalan vostedes con base en que se afectaría esta proposta, que podería vir ou por unha suba de tipos —que non sería posible, xa que aínda que a súa recadación está cedida, tal e como solicitara este goberno, é un tributo estatal sobre o que a comunidade non ten competencia normativa ningunha— ou, en segundo lugar, sobre a base dunha defectuosa estimación en cuestión. Neste caso, a previsión baséase no pago á conta do ano 2016; un 50 % do total liquidado en xullo e nas previsións existentes na taxa de aforro dos fogares galegos.

Sobre os 1,5 millóns máis para crear o imposto sobre pisos baleiros, as iniciativas de Cataluña ou o País Vasco ao respecto saben que foron obxecto de recurso de inconstitucionalidade por parte do Estado; e aínda estamos esperando a sentenza, é verdade. Ademais, o que si lles lembro é que no Anteproxecto de lei de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia —actualmente en tramitación— se regula o canon dos inmobles declarados en estado de abandono polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. Os ingresos deste futuro canon destinaranse a actuacións de rehabilitación na área Resurbe, na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono.

En canto aos 500.000 euros máis polo imposto de bebidas de alto contido en azucres, só citan o impacto económico, pero non propoñen ningún modelo de tributación. Ao respecto, quero lembrarlles que en Cataluña —que foi quen o aprobou o pasado mes de marzo—

houbo, tanto por parte do sector primario como por parte da industria transformadora de alimentos, bebidas e distribución e restauración, unha presentación dun recurso contencioso contra o mesmo; é dicir, que non foi soamente o Goberno do Estado. Ademais, o Goberno do Estado anunciou que regulará este imposto, polo que o incumprimento, como ben deberíamos de coñecer todos, da normativa... Os tributos que establecen as autonomías non poden recaer sobre feitos impositivos gravados polo Estado. E habería que engadir estes famosos 73 millóns de euros máis pola eliminación de beneficios fiscais no imposto de sucesións e 5 millóns máis no IRPF por esta mesma razón.

Deberían aclarar que beneficios fiscais queren eliminar en sucesións e a quen, ¿aos fillos que herdán dos seus pais?, ¿ás persoas con discapacidade?, ¿ás transmisións que favorecen o traspaso interxeracional? Ou no IRPF, ¿nas axudas por nacemento?, ¿nas axudas por familia numerosa? ¿A cal deles lle propoñen minorar eses millóns que comentaba anteriormente —que non son tan poucos—? E ademais mesturan as contías dos beneficios fiscais totais e dos específicos da propia Comunidade Autónoma. Os procedentes da normativa estatal non poden ser regulados pola nosa comunidade.

Vexamos agora a súa proposta de aumentar a previsión de ingresos en case 300 millóns sen base legal ningunha. Resulta sorprendente que fixen unha cifra de incremento de ingresos correspondente ao sistema de financiamento sen indicar o que debe aumentar cada un dos recursos que o integran. Non ofrecen ningún detalle do crecemento que se agarda, ¿para que?, ¿para o IRPF?, ¿para o IVE?, ¿para os impostos especiais? E, por suposto, tampouco establecen cal vai ser o comportamento específico do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, do Fondo de Suficiencia ou do Fondo de Cooperación; fondos todos eles que conforman o actual sistema de financiamento.

De igual modo, tampouco determinan cal é o nivel real de investimento que serve para a base do cálculo do Fondo de Compensación Interterritorial, posto que este depende do gasto que o Estado consigna nos seus orzamentos, que neste momento nin tan sequera está aprobado —bo acto de adiviñación que deben facer as súas señorías—.

En contraposición, no proxecto aprobado polo Goberno galego, cada un destes recursos está relacionado co comportamento das variables coñecidas a día de hoxe. Así, tivemos en conta os datos de recadación correspondentes ao 2016 e os coñecidos ata agosto de 2017; ademais, as previsións das entregas a conta do ano 2018 e as correspondentes liquidacións do sistema de financiamento do ano 2016, que se percibirán o próximo exercicio e que se realizaron conforme a comunicación provisional que fixo o Ministerio de Facenda a finais de xullo, unha vez aprobado polo Congreso o teito de gasto non financeiro para o 2018.

Vaiamos tamén ás partidas que piden minorar. De novo, sobre o persoal eventual e altos cargos, remítome ao xa dito aos voceiros dos outros grupos, se ben é certo que os membros de En Marea daquela non estaban no Bipartito, pero para facer un pouco de explicación xeral.

Propoñen minoración nas partidas destinadas á dixitalización e á innovación do sector comercial e ás pemes. ¿De verdade queren que non apoiemos o desenvolvemento dixital e innovador do noso tecido produtivo?

Propoñen minoracións nas partidas de canon de demanda. ¿Pretenden que se lles cobre aos usuarios unha peaxe polo uso de determinadas vías —que tampouco, por outra parte, especifican—?

Propoñen minoracións en actuacións e promocións de difusión do Camiño de Santiago e na preparación do Ano Santo 2021 —niso tamén coinciden con algún outro grupo—. ¿Que lles fixo o Xacobeo 2021?

Tamén existen incoherencias como, por exemplo, que propoñen minoracións en partidas financiadas con fondos europeos para unhas finalidades específicas —xa llelo expliquei antes—, polo que non se poden destinar eses cartos a outras distintas.

Propoñen minorar todo o crédito para gasto corrente da Cidade da Cultura, pero non propoñen a minoración, por exemplo —que sería o correlato—, do orzamento da Fundación Cidade da Cultura; e o mesmo que sucede no caso da Fundación Camilo José Cela; ademais de incluír erros na asignación de partidas.

Pero tamén hai que recoñecer que a única forma de non equivocarse é non facer nada, e vostedes si que fan as cousas, tamén é verdade, e iso que o digo tanto, tamén o teño que recoñecer.

Ou algunha outra asignación sorprendente, ¡vamos!, xa que para os orzamentos de 2017 incluían cantidades pequenas. O mesmo esquema que tiñan nestas cuestións no ano 2017 téñeno no 2018, pero o único que fan é multiplicar por 10. Non parece que fagan vostedes de maneira moi homoxénea nin realista as estimacións de necesidades de gasto, á parte de predicar que vostedes si que lle preguntan á xente o que quere de verdade, as súas necesidades, para despois traelas ao seu orzamento.

E mesmo chegan a aumentar os gastos en investimentos inmateriais —que algún grupo tamén se referiu a iso por aquí— ¡en máis de 50 millóns de euros! Outros anos propoñían baixalos. Creo que se deben aclarar, e procuren non repetir asignacións que xa incluiron. E nós tamén nos equivocamos moito, ¡eh!, pero é un acerto o nivel de revisión sobre o que presentamos.

En definitiva, propostas inviables.

Vou rematando.

Para facer o resumo das propostas dos distintos grupos, diría que as emendas referidas a ingresos son imposibles de levar á práctica porque son irrealis; están baseadas en ingresos que non temos a garantía de percibir. Responden ás subas de impostos con impactos sen cuantificar ou que provocarían incrementos desmesurados nalgún destes tributos ou crean novos impostos sobre os que non existe seguridade xurídica plena. E, polo lado das minoracións de gastos, retiran partidas de fondos finalistas do Estado, de fondos europeos que non se poden empregar para outros fins, diminúen ou practicamente eliminan partidas necesarias para o correcto funcionamento de calquera administración e que afectan incluso a

prestación de servizos aos cidadáns ou retiran recursos de programas prioritarios, así definidos por este goberno.

Por todo isto, entenderán vostedes que non podemos aceptar este tipo de emendas, que en moitos casos non poderían chegar a aplicarse e que noutros afectarían as nosas prioridades, mesmo os servizos que debemos de prestar desde a Administración autonómica.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Grupos non emendantes.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Señor conselleiro, falou vostede máis das emendas transversais que os seus propios autores. Eu creo que se avergoñan delas, con razón; dende logo, non as presentaron probablemente porque son impresentables —as emendas, digo—. Caracterízanse claramente por unha falta de rigor, por unha improvisación e por unha irresponsabilidade absoluta, que demostra que non toman en serio este Parlamento.

Mire, hai un ano neste mesmo debate dixémoslles que entendiamos o que lles pasaba, que entendiamos que non tomasen en serio os orzamentos. Toda a oposición vivía unha situación difícil, comezaba a lexislatura e moitos de vostedes aínda non tiñan encaixado o duro resultado electoral de setembro de 2016, que acababan de recibir todos, claro, menos o BNG, que estaba celebrando o peor resultado da súa historia. Un ano despois, cun ano de lexislatura xa consumido, a oposición segue no mesmo compás de espera que hai un ano, exactamente igual. O BNG perdeu un ano, no que a súa única folla de ruta foi copiar punto por punto o independentismo catalán. E volveunos demostrar que o seu modelo para Galicia é a confrontación social, que o seu modelo é a fuga de empresas —igual que en Cataluña— e que o seu modelo é a inestabilidade política. Ese é o modelo da deputada máis veterana da Cámara galega.

As Mareas de Podemos discuten; discuten se teñen que facer o mesmo que o BNG. Aí está o xuíz Villares, que di que hai que incumprir a lei; aí está o señor Antón Sánchez, que di que hai que apoiar os independentistas; e aí está Carmen Santos, criticando o señor Villares e criticando o señor Sánchez, (*Murmurios.*) porque saben que, como se pasen de nacionalistas, calquera día chaman de Madrid —prefixo 91— e aplícanlles o 155, igual que lle pasou ao seu compañeiro catalán. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E aí están os socialistas, que perderon un ano degolándose internamente niso que se chama primarias; primeiro, nas nacionais —sempre apostan polo perdedor—; logo, nas autonómicas; e agora están coas provinciais. Que siga o circo; si, señor.

En definitiva, vivimos un ano no que a oposición volveu estar demasiado ocupada nas súas liortas internas como para adicar un único minuto a facer propostas en favor de Galicia.

Mire, a grande idea que nos presenta este ano a oposición é a mesma idea que o ano pasado, que é freír a impostos aos galegos; esa é a súa proposta. Entre os tres grupos calculan que lles poden quitar aos galegos dos petos 500 millóns de euros máis. Ese é o modelo da oposición, un novo sablazo fiscal a todos os galegos, que complementan con máis déficit, máis débeda, que, ao final, haberá que pagar con máis impostos no futuro.

Ese é o seu modelo; esta é a diferenza entre o Goberno e a oposición. Mentres a oposición aposta por un modelo de saqueo tributario —ese é o modelo destes señores— o Goberno aposta por baixar impostos, gastar o que ten, pagar o que debe e non lastrar nin o presente nin o futuro de Galicia. (*Aplausos.*)

Miren, presentan vostedes unhas emendas que son emendas covardes, emendas pouco serias, emendas irresponsables e que demostran un grao ben alto de covardía política. Vostedes non se atreven a facer o que é elemental para un gobernante, que é elixir. Non queren desgustar a ninguén e por iso non se atreven a ser claros no seu transvasamento de partidas.

Nas emendas á totalidade ían arranxando con impostos de recadación inventada —ese era o seu modelo— ou con transferencias inventadas do sistema de financiamento. E nas emendas parciais utilizan outra serie de tretas ou trucos. Primeiro truco: sacar os cartos do gasto corrente, aínda que sexa inverosímil; é dicir, deixar sen teléfono as consellerías, quitarlles papel, aparcas os coches... Ese é o seu modelo, paralo todo, iso é o que a vostedes lles gustaría. Segundo truco, eliminar os ingresos dos entes sen eliminar os gastos dos entes. Ese é o seu modelo; queren financiar vostedes os seus novos programas de gasto con cartos que van dirixidos a proxectos da Amtega ou da Axencia de Infraestruturas, por exemplo. Pero, como non se atreven a eliminar eses proxectos onde teñen nome e apelidos, que é no orzamento de gastos desas axencias, o que fan vostedes é eliminalos das partidas das consellerías nas que se fai a transferencia correspondente.

Así, como lles dicía, por poñerlles só un exemplo, En Marea detrae 4 millóns de euros de fondos da Amtega, que irían para investimento e modernización da xustiza. Eu creo que sería boa cousa que o señor Villares llelo explicase aos seus ex-compañeiros dos tribunais de Galicia.

Miren, hai unha falta de rigor enorme nas emendas transversais que vostedes presentan. Para gobernar necesítanse varias características, pero hai unha que nós consideramos que é indispensable, que é o rigor. Dende logo, vostedes carecen del, e o exemplo está nas súas iniciativas. Piden que se baixe a cero o persoal eventual que axuda a prestar os servizos das diferentes áreas. Piden que se baixen a cero os gastos de telefonía ou de material fundamental para o funcionamento da Administración. Piden que se baixe a cero o gasto en mantemento de equipos informáticos. Piden que se baixe a cero o gasto en seguros e fondos que serven para facer fronte a responsabilidades xudiciais. Ese é o seu modelo. Falaba o señor Losada: nós, non. Non, vostedes, aínda peor. Mire, o PSOE, no que se refire á Consellería de Facenda, sen ir máis lonxe, quere reducir 5 millóns de euros nunha partida que só ten 4,5

millóns de euros. Claro, eso es multiplicar panes y peces, señor Losada. Diso vostedes saben moito, téñeno demostrado na súa historia de xestión. E pide que se reduzan 1,5 millóns de euros nunha partida que nin sequera existe. Teñan un pouco de decencia e retiren as súas emendas transversais porque, dende logo, de rigor e rigorosidade, nada de nada.

Señora Presas, a vostede non lle gusta o relato da recuperación económica, eu laméntoo. Non falou das súas emendas apenas, pero si falou dalgunhas cousas. Mire, gasto social. Nós estamos orgullosos do noso compromiso co gasto social. Cando gobernaban vostedes adicaban a gasto social 570 millóns de euros. Ano 2018, 727 millóns de euros. Polo tanto, terá que recoñecer con nós que este é un goberno máis comprometido coa política social que o seu; é, polo tanto, innegable. *(Aplausos.)*

Falaba vostede de pensións non contributivas. Adicamos ás pensións non contributivas 8,2 millóns de euros. Cando gobernaban vostedes, 5 millóns de euros. Somos unha das tres comunidades autónomas que ofrece este complemento das pensións non contributivas e, dende logo, é a comunidade que máis inviste no complemento das pensións non contributivas. Estamos orgullosos diso, igual que estamos orgullosos do incremento do gasto da renda de integración social de Galicia, á que adicamos 62,4 millóns de euros. ¿Sabe canto adicaban vostedes con ese flamante vicepresidente? A xente xa nin se acorda del. Ese flamante vicepresidente do Benestar adicaba 23 millóns de euros, unha terceira parte do que hoxe se adica.

Plan Retorna. ¿É que vostede quere que nós copiemos a Portugal? ¿Verdadeiramente é o que propoñen, que en Galicia copiemos o modelo de Portugal? Mire, quen necesita o Plan Retorna é o BNG, sen lugar a dúbidas. Moito non deben crer neste plan porque o ano pasado pedían 100 millóns de euros para o Plan Retorna e este ano piden a metade, 50 millóns de euros. ¿En que quedamos?, ¿hai un problema?, ¿non o hai? ¿Teñen plans de futuro para Galicia? Señorías, eu creo que deberían tomar un pouco máis en serio este debate.

Señor Losada, claro que si, «zapaterazo»: recorte do 5 % dos salarios de todos os funcionarios de España, «¡zapaterazo!». Di vostede que non se avergonza do legado do señor Zapatero. Debe ser o único de toda España que non se avergonza, ¡debe ser o único! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, que le moito, recoméndolle que lea aquel libro do señor Solbes e aquel libro do señor Miguel Sebastián. Chamábase *La falsa bonanza*, claro que si. E dicía: «*Se nos fue la olla*». *(Murmurios.)* Pois iso foi o que pasou...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...porque, dende logo, despois do seu paso polo Goberno de España, deixaron 3 millóns de parados máis. Pode vostede estar ben orgulloso, ¡ben orgulloso! *(Aplausos.)* ¡Tres millóns de parados máis!

Mire, señor Lago, eu entendo perfectamente o seu discurso negacionista. *(Murmurios.)* Vostedes son os principais beneficiarios da crise económica, non se que equivoque; vostedes. E ven na recuperación unha ameaza para o seu propio discurso e para a súa supervivencia política. Son vostedes un proxecto político fallido..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...un proxecto político fracasado. E por iso se resisten a recoñecer que hoxe estamos mellor que hai un ano e que hoxe estamos mellor que hai dous anos porque, dende logo, a recuperación está aí. Eu o que non sei é onde estaban vostedes cando aquí gobernaba o socialismo, deixaba 3 millóns de parados e aquel goberno falaba de «brotos verdes». ¿Sabe onde estaban? Estaban calados. E eu píddolle por favor rigor. Falou vostede da inflación interanual do IPC, 1,5 % —déixolle ao señor presidente un informe do 14 de novembro—. A inflación en Galicia está no 1,5 %. ¡Un pouco de rigor! Son datos do 14 de novembro, señor presidente.

Polo tanto, a nós o que nos piden é que voltemos ao 2009. Falan vostedes do 2009 cunha gran nostalxia. Eu o que teño que dicirlles é que nós, dende logo, non estamos dispostos. ¿Acaso queren vostedes un orzamento ficticio que xere un burato de 2.500 millóns de euros, que foi a herdanza daquel glorioso Bipartito? Nós, dende logo, non estamos dispostos. Queden vostedes coa súa nostalxia; dende logo, ese non é o noso camiño. O noso camiño é seguir avanzando cuns orzamentos que medran, cuns orzamentos que pensan en máis gasto social, que pensan en máis educación, en máis benestar e tamén en máis sanidade. Vostedes sigan así. Dende logo, a oposición ten un papel francamente difícil e, señor conselleiro, se estas son as críticas que lle adican a este orzamento, que teñen que recorrer a estes argumentos, é que os orzamentos deben estar moi ben e por iso están moi preocupados, tan preocupados como hai un ano cando non eran capaces de criticar absolutamente nada e facían as propostas ocas que sempre fan.

Dende logo, os galegos saben onde teñen que poñer a cadaquén. O seu proxecto non é que non teña pasado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...ao que referirse, é que o seu proxecto non ten presente e, dende logo, non ten futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Réplica. Grupos emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Tellado, se non atendeu, vexa o vídeo, vexa o vídeo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Pero que vostede diga que non falamos dos orzamentos ten narices!

En fin, centrareime basicamente en responderlle ao conselleiro, pero así, por dicir algunha cuestión, a min chámame a atención que sexa vostede voceiro dun partido político que se enorgullece de ter máis solicitantes e persoas necesitadas da Risga agora que con anterio-

ridade. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Se vostedes pensan que iso é un indicativo positivo, pois vostedes verán!

Pero é que, precisamente, vostedes son o goberno da improvisación, e a política social, desafortunadamente para todas as persoas que a precisan, é un bo indicativo, porque tanto disimulan con ese relato da recuperación que, por exemplo, cabe recordar que o ano pasado ben que estimaron á baixa a necesidade de Risga que habería e non tardaron nin un mes en modificar os orzamentos, e non sería nin a primeira nin a segunda vez que o farían en todo o ano, precisamente porque había máis xente que o precisaba. (*Aplausos.*) Vostedes estimárono á baixa para crear un relato que non se corresponde coa realidade. Pero, en fin, vostedes verán, xa sabemos que son máis do modelo Rato que do modelo de escoitar as emendas da oposición, pero é o que hai.

Por ir avanzando así algunha cuestión, en canto á cuestión que comenta o señor Martínez dos ingresos, vostedes continúan con esa letanía da maior baixada da historia sen ter en conta a situación socioeconómica das familias e que en realidade as políticas do Partido Popular son sempre o lobo disfrazado de ovella. Logo vemos como tamén hai cuestións colaterais na economía que se van mantendo, como, por exemplo, aínda esta mesma semana soubemos que se conxelan as peaxes enerxéticas de novo, e iso crea cada vez máis dificultades ás familias e crea dificultades engadidas. Mentres, vostedes sempre as escusas que poñen é que están mal calculados, que van contra a lei... Despois, cando se cuestiona o canon eólico, iso non é un problema; cando se fala de probar con novos impostos, si que o é... En fin.

En canto á cuestión das minoracións, eu, de verdade, creo que deberíamos asumir dunha vez e tratar isto cun pouco de seriedade, que é un debate fundamentalmente político, non técnico. Estou convencida de que aínda que presentásemos unha emenda absolutamente impecable... Un ano deberíamos presentar unha emenda para comprarlle un paquete de folios máis a algunha consellaría, e nin así vostedes estarían dispostos a dialogar, porque ese é o problema de fondo. (*Aplausos.*) O problema de fondo é que vostedes minusvaloran e desprezan as propostas da oposición porque non teñen ningunha vontade de diálogo. Se a vostede, señor Martínez, lle parece interesante un plan de recuperación para a cultura, pois debatamos onde transaccionar agora no proceso das emendas parciais para que iso sexa posible. Pero vostedes limítanse a desprezar. Despois retoman algunha proposta, porque eu preguntome cantas veces as e os deputados desta bancada votaron en contra de reforzar e de dotar de recursos o Banco de Terras, e agora veñen, despois da vaga de lumes de outubro, dicindo: ¡Aí, o banco de terras! (*Aplausos.*) —por poñer un exemplo—, e así con todo. Pero, curiosamente con iso, vostedes, cando eran oposición —vostedes, que agora nos acusan de que nós facemos unha cousa no Goberno e outra na oposición, o cal non é certo e para proba remítome a este mesmo exemplo—, ¿que facían co Banco de Terras? Dicir que era o Goberno o que lles quería roubar aos galegos e galegas; ou sexa, o mesmo que agora din que nós queremos facer coas nosas propostas fiscais. ¡En fin!, non se sostén.

O que hai é un goberno que está nas antípodas do diálogo e ao que non lle interesa reflexionar e falar sobre propostas, como, por exemplo, as franxas de protección, que dunha banda din que son interesantes e doutra banda despois desprezan esas propostas cando aparecen por escrito. E así con todo, mofa das emendas e non temos nada máis que discutir.

Si que quería apuntar algunha outra cuestión máis. Tanto neste debate como no anterior de hoxe pola mañá vostedes criticaban moito que a oposición fixera referencia a eses datos de execución a 30 de setembro, porque en moitos casos dependen de subvencións, etc. Pero vexamos, entón, xa que vostede mesmo fixo referencia tanto neste debate como no anterior á execución de 2016, pois hai algo que é máis interesante aínda que os datos de execución, que son os datos das modificacións orzamentarias, porque, claro, do que vostedes poñen no papel ao que despois hai, hai unha gran diferenza.

Vostede hai un rato falaba, respondéndolle a outro voceiro, da demografía, de que jai, meu Deus!, a oposición recorta —seguro que nós tamén o facemos— partidas da demografía para facer as súas propostas políticas de emendas, tal e cal. Ben, programa 712A, fixación de poboación no medio rural. Fixeron, mediante modificacións orzamentarias, un recorte do 27,46 %. Xa non é que non executen, é que recortan, e así con absolutamente todo. Despois o que fan é vir aquí desprezar as propostas da oposición, que presentamos para cuestións tan fundamentais como, por exemplo, o desenvolvemento industrial, no que non nos deu tempo de entrar antes con detalle. Mentres de cada 100 euros que recadan as empresas extractivas, máis de 80 van para fóra do noso país, vostedes néganse a que abramos un debate serio sobre cuestións como estas que propoñemos nas nosas emendas. E así con absolutamente todo, porque é a forma de facer un goberno que, como teño dito outras veces, non só ten unha maioría absoluta, senón que ten unha maioría absolutista, coa que parece que non se pode falar e que tampouco se poderá falar nestas emendas transversais nin nas parciais que debateremos nas próximas semanas. Pero, ao final, quen acaba perdendo é o noso país, porque co tempo vostedes decátanse de que hai propostas que, efectivamente, deberían ser tomadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...en consideración, como pasou co exemplo que citei antes e como pasará con moitas outras cuestións coas que, ao final, o tempo acaba dando a razón de que tamén hai moitas das cuestións que nós poñemos enriba da mesa que serían perfectamente aceptables e negociables por un goberno que tivera outra actitude.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade, señor Tellado, tiña feito o firme propósito de dirixirme exclusivamente ao conselleiro, pero recoñezo que me vence o desexo.

Mire, é mentira que deixáramos as caixas vacías, entre outras cousas, deixamos 60.000 millóns de euros na caixa da Seguridade Social. O que van deixar vostedes son os cárceres cheos

neste país. (*Aplausos.*) ¡Iso é o que van deixar vostedes! Non, non, iso é o que van deixar vostedes. Once ministros do Goberno Aznar ou imputados ou na cadea; 11 de 14 ou imputados e investigados ou na cadea. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto, eu creo que, de saqueo, mellor non falar moito. (*Murmurios.*)

Mire, complementos das pensións non contributivas, 8,2 millóns de euros. Cando o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño dedicaba 10 millóns de euros, o señor Feijóo dicía que non chegaban nin para pan e leite. Dez millóns de euros non chegaban nin para pan e leite. Agora, nove anos despois, 8,2 millóns de euros, cun nivel de pobreza, evidentemente, moito máis elevado.

Señor conselleiro, mire, as propostas de impostos sobre liñas eléctricas de alta tensión, de media tensión, sobre empresas de telefonía, sobre empresas de gas, podemos discutilas, pero cremos que teñen que pagar impostos por esa ocupación do espazo público, porque, entre outras cousas, nesta chuvia de dividendos din que as tres que máis incrementan a rendibilidade son Endesa, Enagás e Red Eléctrica. ¿Non cre que, ao mellor, non estaba mal que para actuar sobre as necesidades sociais e económicas dunha parte importante da poboación estas empresas pagaran máis impostos? Non sei moi ben como, pero eu insisto, eu veño aquí falar de política e de... (*Murmurios.*) Eu agradezo moito as aportacións de primeiro nivel dos deputados do Partido Popular, coma sempre, (*Risos.*) nunca me pechei a aprender de case ningún tema. Polo tanto, esa é unha cuestión.

Outra cuestión...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...os temas medioambientais, as bolsas de plástico e emisións de gases nocivos, etc. Oia, claro que é importante todo tipo de impostos medioambientais. Eu non sei tampouco como hai que implementalo, pero é importante porque, entre outras cousas, esta é unha das poucas comunidades autónomas na que se se empezou cunha estratexia contra o cambio climático aínda non a coñecemos, polo menos os deputados da oposición. Eu non sei se o primo do señor Rajoy, ese que era catedrático de Física de Sevilla, a controla. En todo caso, polo tanto, os impostos medioambientais son un elemento central, señor conselleiro.

Mire, vostede, que certamente tivo unha cantidade moi considerable de tempo para expoñer as súas posicións políticas, —que, lamentablemente, os grupos non temos—, evidentemente, dixo moitas cousas, algunhas incluso as poderíamos compartir. Pero resulta moi difícil debater con esas «*fake news*», con mentiras sistemáticas por parte de... Si, si, si. Eu teño aquí un titular da señora secretaria de Estado de Economía de onte mesmo, da señora Garrido Valenzuela —non vou falar de parentescos, porque recordo cando se falaba da cunhada da presidenta da Deputación de Pontevedra e se falaba da *omertà*—. Entón, aí, nun cargo de libre disposición, era *omertà*; agora a prima do conselleiro é secretaria de Estado e todos sabemos que son los méritos profesionales, ¡solo faltaría! En la derecha siempre son los méritos profesionales. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ¡Quietos! ¡Quietos! (*Uns señores deputados: ¡Machista!*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Miren que me teñen chamado cousas, pero machista nunca mo chamaran! Pois... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Tranquilidade, por favor, tranquilidade. Comprendo que levamos moitas horas, pero tranquilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Dixen só...

O señor PRESIDENTE: Non, non repita o que dixo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que, mentres nun caso era *omertà*, noutro, son os méritos profesionais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(Un señor deputado: ¡Machista!)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: En todo caso, o que di a señora Garrido Valenzuela —volvo repetilo, terá moita cualificación profesional, pero non sabe facer unha regra de tres— ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu si.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Di: Ata agora as pensións non teñen... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, si, claro que llo digo. Ou non sabe ou mente. Di: Ata agora as pensións non teñen perdido poder adquisitivo. Os dous últimos anos, IPC máis 2,3 %; pensións, 0,5 %. Insisto, seguro que sabe facer unha regra de catro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por último, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Non terminou aínda? Pois vaia rematando, por favor.

Silencio. ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non retiro nada, absolutamente.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Señor conselleiro, vostede fixo...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, señor Losada.

Comprendo que levamos aquí tempo, pero imos respectar todo e imos terminar este pleno razoablemente. Polo tanto, non interrompan a ninguén. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, por favor, non me diga para quen pido respecto; entre outros, para vostede tamén. Pido respecto para todo o mundo, é a miña obriga.

Non, non... Silencio. *(Murmurios.)*

Xa está, non entre vostede, señor Vega.

E remate xa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato xa.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, se me deixan, presidente, remato inmediatamente.

O señor Trump acaba de dicir que vai rebaixarlles impostos ás empresas. Catrocentos millónarios norteamericanos dixeron: Non nos rebaixe impostos, invista no pobo americano. E ese mesmo día a Universidade de Chicago dicía que hai 4,5 millóns de xoves sen fogar en Estados Unidos de América.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vostede, señor conselleiro, non pode falar do estado administrativo do que falaba o señor Trump, ten que falar de política. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Como hoxe é 20 de novembro, ata me divirto coas intervencións do señor Tellado.

Vou estar un segundo, señor Tellado... O conselleiro de Facenda ten algunha dificultade para entender isto do IPC... *(Murmurios.)*

¿Podería parar o tempo, por favor?

(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Silencio, a xente pode dicir... O que teño que facer seino eu.

¡Perdón! ¡Silencio! Haberá oportuna compensación, non se preocupe. ¡Silencio!

Bueno, déalle un pouco máis.

Prosiga, señor Lago, prosiga co seu discurso.

O señor LAGO PEÑAS: Grazas, señor presidente.

Como o conselleiro de Facenda ten dificultades para entender o do IPC, que o señor Tellado o entenda xa é máis difícil.

Señor Tellado, ten razón que no mes de outubro o IPC interanual é do 1,5 %, pero, señor Tellado, como en xaneiro foi do 3,1, en febreiro do 3,3, en marzo do 2,7, en abril do 2,8, en maio do 2,1, etc., etc., a media interanual do IPC é do 2,23 %.

O señor presidente díxolle: o informe do señor Tellado... *(Risos.)* ¡Empatamos! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

14 de outubro. Señor conselleiro, o que non se financia con impostos págase con recortes ou con débeda, non hai máis; o que non ingresamos con impostos ou se paga con recortes ou con débeda, esa é a diferenza, porque nós pensamos que a través dos impostos —e pénsao, en fin, moita xente que non somos nós, espero que ata vostede— é posible redistribuír a riqueza. Para iso se creou a fiscalidade, para redistribuír a riqueza, porque podemos facer que paguen máis os que máis teñen, e con iso prestar servizos públicos.

Cando un o que fai é recortar os impostos, ten dúas solucións: recortar gastos ou incrementar a débeda. Vostedes elixiron as dúas opcións, porque a débeda se incrementou en 7.500 millóns de euros, e recortaron o gasto. ¿Por que é inxusto? Porque nós dicimos que paguen máis os que máis teñen, e cando o que se fai é reducir impostos e recortar gastos, ¿quen paga? Os usuarios dos servizos públicos e as persoas que se acollen aos sistemas de protección social; isto é, os menos favorecidos da sociedade.

A ninguén lle gusta pagar impostos, pero eu emprázoo a un desafío. Se en Rianxo fixeramos un referendo hoxe dicindo: preferimos que as grandes superficies comerciais paguen 4 millóns de euros e ter un centro de día, ¿que diría a xente de Rianxo? ¿Que dirían os do PP de Rianxo? ¿Apostamos polo resultado, señor conselleiro? E iso é o que están facendo vostedes.

Voulle dar un dato que a min me sorprendeu. Vostede sabe que a recadación de impostos cedidos —patrimonio, sucesións, transmisións patrimoniais...— do 2016 en Galicia, o liquidado, retrocedeu o 13,8 % con respecto ao ano 2014 e sabe que nese tempo no conxunto

do Estado se incrementou no 16 %. ¿Sabe que esa política fiscal, que vostede fixo, fixo que recadaramos 244 millóns de euros menos, e que ao mesmo tempo que se reducía a recadación a débeda neses anos se incrementou en 888 millóns de euros? Esa é a diferenza entre a dereita neoliberal e a xente, que si, efectivamente, representamos a xente humillada do país. *(Aplausos.)*

Deixe que lle diga algo, señor conselleiro. Rise vostede de que fagamos unha proposta de que hai que recuperar o Fondo de Compensación Interterritorial. De verdade que non dou crédito a que faga isto. Cando vostede chegou a gobernar, o FCI lle aportaba a Galicia 250 millóns de euros, agora ¿sabe cantos son? 42. Perdemos 200 millóns de euros do FCI. Que un conselleiro de Madrid, do Partido Popular, defenda que non exista reequilibrio territorial son quen de entendelo, pero que vostede critique unha proposta para mudar o instrumento para o reequilibrio territorial do Estado español ou non o entende ou en fin...

Terceiro elemento, iso que di que non ten soporte legal. Nós o que estamos defendendo é que exista unha estimación rigorosa sobre os anticipos a conta. Señor conselleiro, ¿cal foi a liquidación do ano 2015? Trabucáronse en 336 millóns de euros. ¿Cal foi a liquidación do ano 2016? Trabucáronse en 442 millóns de euros. *(Uns señores deputados: A favor.)* Si, si, ¿a favor por que? Porque utilizan premeditadamente unha estimación á baixa para xustificar recortes.

Señor conselleiro, fágolle unha aposta nesta sala, no pleno: ¿cal vai ser a liquidación positiva favorable a Galicia cando se liquide o orzamento do ano 2017-2018? Teremos 500 millóns de euros máis do que vostedes inclúen neste orzamento. E, polo tanto, nós dicimos: estimación rigorosa dos ingresos dos anticipos a conta mentres non se modifique o funcionamento actual —claramente defectuoso—, e que a comisión de expertos de financiamento autonómico teñen plantexado que se mude.

En definitiva, queremos unha política fiscal progresiva que busque os recursos onde están, nos grandes patrimonios, nas grandes fortunas, no capital transnacional, para que o adiquen ao gasto público.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LAGO PEÑAS: Fronte a ese modelo, vostedes, dende unha posición neoliberal, reducen os ingresos públicos, e iso lévanos a dúas vías —que vostedes seguen as dúas—: recortes e débeda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Voulle pasar os informes ao letrado, pero coinciden os informes. *(Risos.)* É unha cousa curiosa, pásanme dous informes que coinciden os dous. Está ben. Grazas. Si, é interesante.

Conselleiro de Facenda, ten vostede a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Señora Presas, dous apuntamentos tamén. Os datos de execución, dunha maneira sucinta, xa llos dei, e tamén as explicacións ao longo de todo o día, tanto o que significou o ano 2015, como sobre todo o ano 2016, con ese 100,6 % de execución, que temos en termos xerais.

E polo que respecta ao capítulo VI e VII, de investimentos, hai que ter en conta a grande influencia que tivo a non activación dos programas europeos ata ben entrado o ano 2016, pero sen perder capacidade de gasto para todo o período ata o 2020 e máis o N+2 correspondente, chegado o momento. Polo tanto, algo xa falei.

Falaba tamén vostede das modificacións orzamentarias. Eu comprendo que ás veces a determinadas persoas que naceron un pouco máis tarde, máis novas, non lles explican as cuestións, pero se algo teñen estas modificacións orzamentarias que ten a Xunta de Galicia neste momento, ou antes, e calquera goberno, é que son tema número 1; é que as modificacións orzamentarias son unha cuestión legal como outra calquera, e, se non son legais, tíranse abaixo. Non sei cal é o mal das modificacións orzamentarias.

E respecto do volume, por iso lle dicía que hai persoas que son relativamente novas ou ás que non lles contan a verdade. Na actualidade, o último ano liquidado, o último ano liquidado da Xunta... Repasen por favor... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Tanto en volume como en número as modificacións orzamentarias do ano 2016...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...son a metade do que foron no ano 2008. Esa é a verdade. Non sei por que se molestan. E sigo defendendo a primeira derivada, que consiste en que as modificacións orzamentarias, se son legais, non sei por que nos temos que rasgar as vestiduras, non sei por que. Paréceme que é algo que non ten maior sentido.

Señor Losada, a min paréceme que, dunha maneira máis ou menos afortunada, outra cousa non, pero, falar de política, paréceme que falei; agora ben, que fale de política nos termos que queira vostede, aí si que non me vai atopar. Como non me vai atopar nunca xamais tampouco para referirme a determinadas persoas cun grao de cualificación profesional, incluso dentro do ámbito no que vostede ten traballado inmensamente, superior ao seu. E fai aquí referencias a unha cuestión que queda recollida. Paréceme que coñece esa persoa, e que non vén a conto esa explicación que vostede daba neses momentos. *(Aplausos.)*

Señor Lago, se algo ten vostede, é que é unha persoa lista, o que pasa é que fai pouco traballo, e, como bo listo... Normalmente listeza e traballo non son o mesmo, e eu compréndoo. Colle un tema monocorde e tira para adiante, colle un tema, como o tema do IPC, e queda tan pancho cando llo recortan aquí, co que significa. Pero é que vostede, coma min, sabe que se estamos a falar do PIB, o que hai é un deflactor do PIB, e se vostede me trae aquí un papel e llo dá ao Instituto Galego de Estatística —informe non sei que—, tamén sabe que os cálculos que nos fan á Consellería están nos profesionais —moi bos profesionais, por certo, do Instituto Galego de Estatística—, que che din que o PIB temos que medilo polo deflactor do PIB. E vostede mesmo fixo referencia hoxe á tarde ao que é o cadro macroeconómico, ao que é medrar nestes momentos ao 3,1 % real da economía galega e ao que é facelo ao 4,2 % —non

ao 4 %, como dixo vostede— en termos nominais. Aí hai un deflactor do 1,1 %. ¿Por que chega aquí e fala do IPC e tal? ¿Pero que pretende se tal e cal? Se é moito máis fácil... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) PIB, deflactor da economía. ¡Se non hai máis! Iso é de primeiro de Económicas, ¡é de primeiro de Económicas! (*Aplausos.*)

O que si me chama a atención é cando fala tamén do tema de que só quedan dous modelos: subir os impostos e tal... Non, non, hai un modelo ao que vostede tamén se nega —eu comprendo que se negue—, que é o modelo da eficiencia. ¿Como llo vou explicar eu a vostede, que foi responsable na televisión, de que nestes momentos temos 24 millóns de euros menos na Televisión de Galicia, temos os cadros perfectamente estabilizados —que vostedes non foron quen de estabilizar os cadros de persoal— e resulta que temos máis audiencia que cando vostede gastaba 24 millóns de euros? (*Aplausos.*) ¿Pero como vai comprendelo? ¿Como vai comprendelo? ¡É imposible! ¡É imposible! (*Aplausos.*)

Non se explica. Mire, na intervención que fixo en xaneiro deste ano, tamén calculaba coas súas matemáticas. ¡Vostede si que facía cada regra de tres simple!, ¡pero moi simple, eh! (*Risos.*) Tamén dicía que este ano a economía galega tiña que medrar ao 1,5 %, que iamos a tal..., segundo o noso cadro. Non comprende que os cadros macroeconómicos o que marcan é tendencias e hipóteses, moi consensuadas, pero non son unha verdade en si mesmos. Isto evoluciona e, entón, vén vostede aquí coa verdade de que iamos estar agora no 1,5 %... Mire, están aí as palabras que dixo vostede en comisión, ¡se non estou inventando nada! Como outras veces, que a todos nós, ao falar, tamén nos collen nota. E eu tamén meto moitas veces a pata, pero seguirei metendo a pata nalgunhas cousas, porque iso tamén me fai libre; non lle teño medo incluso a meter a pata.

Pero o que si é máis importante é que, de verdade, con máis naturalidade, eu creo que con distintos posicionamentos desde cuestións totalmente lexítimas rematamos este debate, e teño que agradecer as intervencións, que cada vez son máis técnicas, aínda que poida utilizar tamén determinados gracejos na miña intervención.

Creo que temos modelos, tanto económicos como sociais como políticos, moi contrapostos e, obviamente, as prioridades que como goberno nestes momentos desenvolvemos son totalmente distintas ás que plantexaron os distintos grupos da oposición. Eu creo que é moi san recoñecelo. Son dous modelos totalmente distintos. É evidente, pois, que o Goberno galego adopte determinadas decisións. No noso proxecto de orzamentos o que pretendemos é consolidar a maior rebaixa de impostos da historia da autonomía, iso é innegable: que a inmensa maioría de galegos non pague polo imposto de sucesións, que a maioría de galegos pague menos polo IRPF, e tanto en sucesións como en IRPF varias comunidades autónomas están nun sistema moi similar ao que nós temos para o ano 2016, desde primeiros de xaneiro. Tan equivocados non estaremos, polo tanto. Como tamén que teñamos impostos cero no rural. E, ademais, para o ano que vén formulamos novos incentivos fiscais, tanto para investimentos no rural como tamén nun dos grandes patrimonios que temos, como son os nosos centros históricos, á parte de favorecer a compra de solo empresarial para ese dinamismo que seguimos a necesitar das nosas empresas.

Fronte a isto, os grupos da oposición en conxunto propuxeron emendas que suman practicamente 450 millóns de euros en subas de impostos para os galegos. Evidentemente, non

podemos aceptar que a oposición queira subirlle impostos, e menos por esta cantidade, aos galegos.

A pesar destas diferenzas lóxicas, agardo na medida do posible que os grupos parlamentarios poidamos seguir traballando para, se é posible, incorporar algunha mellora ao texto orzamentario final, que esperemos aprobar en decembro. Estamos obxectivamente no mellor ano dende antes da crise económica, e temos que aproveitalo para chegar a máis galegas e máis galegos, que aínda, efectivamente, non se benefician da recuperación económica. Para iso presentamos este orzamento, expansivo, social, investidor, integrador, e facémolo sen triunfalismo e sen autocompracencia, pero convencidos de que estamos no camiño axeitado para poder cumprir a nosa folla de ruta, o Plan estratéxico, que nos ten que permitir seguir mantendo este crecemento sólido e sostido, seguir creando emprego de calidade, seguir baixando o paro e seguir mellorando o noso modelo de crecemento.

Señorías, coas lóxicas diferenzas, animo a todos os grupos parlamentarios a sumar neste camiño de consolidación económica; e ao Goberno, a boa evolución que estamos tendo nos últimos anos, anímanos a perseverar, tanto nas prioridades como nas políticas que nos teñen permitido a Galicia levar xa tres anos crecendo sobre un 3 % e creando nestes momentos xa máis de 50.000 postos de traballo.

Insisto, non todo está feito; fíxose moito, pero temos que facer moito máis para que este crecemento san, en estabilidade, sexa un crecemento equitativo, inclusivo e integrador. Con estes obxectivos presentamos estes orzamentos á Cámara para reforzar as nosas prioridades con máis recursos, que é o que é un orzamento: prioridades e recursos. ¿Para que? Para xerar confianza en todos os axentes económicos e que sigan vendo a Galicia como un lugar atractivo e seguro para investir, para reforzar os gastos esenciais de sanidade, educación e servizos sociais, vinculados ao benestar das persoas, con especial atención aos que máis necesidades teñen, para dinamizar o investimento público coa maior aposta de recursos desde antes da crise económica, para favorecer un modelo económico máis competitivo e, consecuentemente, con máis emprego de calidade, e para ofrecer solucións e oportunidades aos galegos que máis o precisan.

O Goberno galego porá todo o que estea na súa man para acadar estes obxectivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Antes de proceder á votación, queríalle facer unha petición ao señor Losada, se é posible. Houbo unha expresión que se utilizou durante o debate. Este foi un debate interesante, e pí-dolle se pode retirar esa expresión, concretamente referíndose a unha persoa que non está no hemiciclo, que vostede xa sabe cal foi, de non saber facer unha regra de tres. (*Asentimento.*)

Grazas.

Votación das emendas do grupo II***Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos***

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, á votación, e comezamos votando as emendas debatidas, en concreto, as que modifican a contía global dos orzamentos.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, números 37 e 38.

Votamos.

Votación das emendas número 37 e 38 (doc. núm. 20000) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que modifican a contía global dos orzamentos

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19919, corrección de erros doc. núm. 20082) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que modifica a contía global dos orzamentos

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19936 primeira parte) do G. P. de En Marea, que modifica a contía global dos orzamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas que transfiren créditos entre as seccións.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto, da número 1 á 36.

Votamos.

Votación das emendas números 1 á 36 (doc. núm. 20000) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que transfiren créditos entre seccións

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19919) do G. P. dos Socialistas de Galicia, que transfire créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 19936 segunda parte) do G. P. de En Marea, que transfire créditos entre seccións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas, polo tanto, as emendas á totalidade, e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión

3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Abran as portas, por favor. Rematou a votación.

Dous minutos de descanso, soamente dous minutos.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión ás seis e vinte e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 2 da orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas a este proxecto.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2018, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para este exercicio.

Como noutras ocasións, presentamos esta norma e buscamos unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividades que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria. Ao respecto, lémbrolles de novo que a doutrina do Tribunal Constitucional fixa diferentes medidas executivas e que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei. Non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos senón en normas específicas como a que presento nestes momentos.

Ademais, quero reiterar que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo. O alto tribunal configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración da que goza o lexislador e que permiten unha maior e mellor eficacia e execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei están as que pretenden favorecer o investimento no medio rural e nos centros históricos, dinamizar a venda de solo empresarial

para a posta en marcha de novos proxectos, facilitar a conciliación dos empregados públicos, favorecer o cumprimento das exixencias legais por parte das administracións na protección e prevención forestal, ordenar a venda ambulante no Camiño de Santiago, mellorar a organización das cámaras de comercio, incrementar a eficacia das fundacións que xestionan recintos feirais ou eliminar obstáculos para que as confrarías que así o decidan poidan fusionarse.

En canto á estrutura da lei, esta divídese en dous títulos: o primeiro, dedicado ás medidas fiscais, e, o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos. O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos.

No que atinxe ao imposto sobre a renda das persoas físicas, recóllense novas deducións na cota íntegra autonómica para acadar dous obxectivos: por unha banda, revitalizar e poñer en valor os centros históricos; e, por outra, fomentar que os contribuíntes destinen unha parte da súa renda ao investimento en empresas agrarias, sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra. A finalidade é mobilizar as terras e os bens rústicos desaproveitados e dinamizar a actividade no medio rural, fomentando a diversificación económica, o equilibrio territorial e a sustentabilidade, tanto en termos sociais coma económicos. As novas deducións establecidas na cota do imposto sobre patrimonio tamén responden ao obxectivo de fomentar a rehabilitación dos inmobles situados nos centros históricos e ao de promover o desenvolvemento do medio rural.

Así mesmo, introdúcense deducións na cota do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, tanto na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas como na modalidade de actos xurídicos documentados. O obxectivo desta medida é incentivar a promoción de venda de solo industrial coa finalidade de dinamizar a actividade empresarial en Galicia, favorecendo a instalación de empresas nesta comunidade.

Estas medidas complementan e dan continuidade á política de rebaixas de impostos levada a cabo pola Xunta desde o ano 2016, que, como recordan, supuxo a práctica eliminación do imposto de sucesións para herdeiros directos, da que se teñen beneficiado xa máis de 144.800 galegos, e tamén a estratexia de impostos cero no rural, da que neste caso xa se beneficiaron 22.560 galegos.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre as taxas, no que se prevé, por unha banda, elevar os tipos das taxas de contía fixa; e, por outra, introducir diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Señorías, isto en relación coas medidas de carácter tributario.

En canto ao título II, relativo a medidas administrativas en materia de emprego público, introdúcense modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia consistentes na ampliación da duración do permiso por parto, do permiso por adopción ou acollemento e do permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun

fillo como medida favorecedora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Con 22 semanas retribuídas por maternidade Galicia terá a maior duración de España.

Igualmente, como medida de protección da maternidade e da paternidade, garántese a percepción polo persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, durante as situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como durante todo o período de duración dos permisos de maternidade e paternidade, non só da totalidade das retribucións básicas e complementarias fixas senón tamén da media das retribucións variables aboadas no ano anterior ao mes no que dera comezo a correspondente situación, en concepto de atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos, da redución a seis meses do período mínimo de permanencia nos postos de traballo obtidos por concurso para poder participar nos concursos específicos, co fin de favorecer a promoción e o desenvolvemento profesional do persoal funcionario e da previsión tamén da comisión de servizos como mecanismo legal que permita cubrir, de forma sempre temporal, as baixas de longa duración, permitindo unha maior cobertura destas ausencias para así poder reforzar os servizos públicos. Ao mesmo tempo, creamos unha nova escala do corpo auxiliar de carácter técnico da Administración especial.

En materia de ordenación farmacéutica, modifícase o réxime de transmisión das novas oficinas de farmacia adxudicadas por concurso público para ampliar a quince anos o período mínimo para que se poida efectuar a transmisión. O obxectivo é lograr un perfil de persoas participantes nestes concursos que teñan esta actividade como proxecto vital e mantido no tempo, garantindo así prover a cidadanía dunha atención eficaz, eficiente e de calidade.

En materia de educación, inclúese un precepto para prever na normativa a posibilidade de que os convenios celebrados ao abeiro dos plans de financiamento universitario teñan un prazo de vixencia superior aos catro anos. A finalidade é que tal prazo de vixencia garde coherencia co marco temporal dos ditos plans, que xeralmente teñen un carácter quinquenal ou sexenal.

En materia de política social, modifícanse varios puntos da Lei 6/2012, de xuventude de Galicia, para que o ámbito de aplicación subxectivo da norma poida ser aplicable a persoas que non teñen a consideración de persoas mozas e que se amplíe o ámbito de aplicación en canto ás actividades de educación en tempo de lecer, infantil e xuvenil, dado que actualmente só unha parte destas actividades que realizan os monitores estaban regulamentadas.

E no ámbito do Consorcio Galego de Servizos Sociais, clarifícase que as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios teñan o carácter de competencias propias. Aclárase que para exercelas non serán necesarios os informes da Xunta que agora exige a lexislación estatal. O obxectivo é axilizar e reducir trámites entre a Administración autonómica e os concellos cando existe un acordo entrambas as partes.

En materia de economía, emprego e industria, inclúense medidas de diversa índole, entre as que está a modificación da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, para clarificar o papel do Consello Galego para asumir as

funcións daquelas cámaras a extinguir e asegurar a atención e a prestación de servizos durante os procesos de disolución e extinción e abordar a inclusión de representantes das empresas de maior achega voluntaria no Pleno, e tamén, por último, para modificar o artigo referido ás atribucións que o Pleno poderá delegar e revogar no Comité Executivo. Esta medida pretende mellorar a organización das cámaras e garantir o seu funcionamento interno, para que poidan desenvolver as súas funcións de apoio e de impulso ás empresas asociadas.

Ademais, introdúcense cambios na Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais, entre as que destaca que as funcións públicas nas que se desenvolven este tipo de actividades deberán adecuar a composición dos seus padroados á participación no capital rexistrado no seu protectorado; unha adecuación que deberá efectuarse no prazo dun ano.

Modifícase, así mesmo, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, que establece que entre os lugares destinados á venda ambulante se atoparán os tramos urbanos das rutas do Camiño de Santiago.

As novidades introducidas permiten ordenar a venda ambulante nun espazo tan emblemático e de tanta importancia a nivel cultural, social e económico para Galicia, ademais de protexer a Ruta Xacobeá.

En materia de urbanismo, recóllense modificacións puntuais da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, co fin de dar resposta a necesidades postas de manifesto na súa aplicación. En concreto, amplíase o prazo máximo para resolver os procedementos para fixar o xusto prezo en atención á súa complexidade. Configúrase o Concello como a administración á que as persoas propietarias de solo urbano consolidado deberán ceder os terreos destinados a viarios fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando se pretenda parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente. E introdúcese un réxime transitorio específico en relación co planeamento xeral en tramitación ou que se vai tramitar no caso de concellos fusionados.

En materia de patrimonio natural, prevese a modificación da Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, co fin de garantir a máxima conciliación na configuración e aplicación do réxime sancionador. Ademais, recóllese unha modificación puntual do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia para clarificar o concepto e o alcance de determinadas actuacións autorizables. Non obstante, prevese na disposición derradeira primeira da lei a posible modificación ulterior da previsión por normas de rango regulamentario correspondente á norma na que figura.

Por último, amplíase o prazo para resolver procedementos de declaración de espazos naturais de interese local e de espazos privados de interese natural de tres a seis meses. Tamén recolle, en norma con rango de lei, a regra do silencio negativo para garantir que as facultades de xestión contempladas no artigo 7 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural, se fagan efectivas coa existencia dunha declaración expresa.

En materia de pesca, introdúcese unha modificación na Lei de confrarías que se limita só aos casos de fusión e que pretende eliminar obstáculos para que as confrarías que así o decidan poidan fusionarse. Así mesmo, para dotar dunha maior axilidade a adaptación da regulación normativa da pesca e do marisqueo á realidade cambiante destas actividades, modifícase o concepto de plans de xestión contido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, á vez que se introduce o concepto de plans zonais, que, polo seu alcance, veñen substituír os plans experimentais.

No ámbito do medio rural, introdúcense cambios legislativos para favorecer o cumprimento das exixencias legais por parte das administracións na protección e prevención forestal; no ámbito da xestión da biomasa, esencialmente con medidas encamiñadas a facilitar a limpeza e a ordenación das árbores; no ámbito da actuación da Administración, con modificacións para axilizar os tempos e simplificar os trámites no caso de que as administracións públicas se fagan cargo da xestión de limpeza de fincas, tal e como está facultada; e no referido aos montes veciñais en man común, para que os montes que non estean explotados ou estean en grave estado de abandono poidan ser declarados como tales pola Consellería do Medio Rural e incorporados ao Banco de Terras, para que aqueles que teñan necesidade de terreo os poidan poñer en valor.

Presentamos, pois, un paquete global que será reforzado neste ámbito do medio rural coas emendas que presentarán os distintos grupos. Animo todos os grupos parlamentarios a colaborar e enriquecer as medidas encamiñadas a favorecer a prevención dos incendios e a loita contra os incendiarios.

Por último, na súa parte final, a lei inclúe o réxime transitorio preciso para facilitar o tránsito ao réxime xurídico previsto pola nova regulación, a derogación expresa de disposicións concretas, así como de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, unha habilitación tamén para o seu desenvolvemento normativo e a previsión sobre a súa entrada en vigor.

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. Axústase porque as medidas que prevé buscan satisfacer necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, ao recollese na norma os obxectivos que se perseguen a través dela e a súa xustificación, como exige o principio de transparencia, e ao introducirse a través dela, conforme o principio de seguridade xurídica, as modificacións precisas nas disposicións vixentes.

Señorías, remato reiterando que as medidas contidas neste proxecto de lei pretenden favorecer o investimento no medio rural e nos centros históricos, dinamizar a venda de solo empresarial para a posta en marcha de novos proxectos, facilitar a conciliación dos empregados públicos, favorecer o cumprimento das exixencias legais por parte das administracións na protección e prevención forestal, ordenar a venda ambulante no Camiño de Santiago, mellorar a organización das cámaras de comercio, incrementar a eficacia das fundacións que xestionan os recintos feirais ou eliminar obstáculos para que as confrarías que así o decidan poidan fusionarse.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Hai que recoñecer que a sesión colleu impulso pola tarde. Intentaremos que permaneza así.

Eu teño que dicirlle unha cousa así, para comezar, señor conselleiro, cando vostede ten que xustificar xa nas súas primeiras palabras o uso desta ferramenta, o seu carácter ou amparo legal, eu creo que xa di moito do uso, do mal uso, diríamos desde o BNG —e agora explica-reino; xa o dixemos o ano pasado e volvemos reiteralo agora—, que se fai desta Lei de medidas fiscais e administrativas, ou máis comunmente coñecida como «Lei de acompañamento». E digo que xa o dixemos o ano pasado porque vostedes teñen a tendencia, a teimosía, de usar esta Lei de medidas fiscais e administrativas, esta Lei de acompañamento, como unha lei ómnibus, como unha lei *totum revolutum*, poderíamos dicir —vostede tamén facía ou usaba algunha frase en latín pola mañá—, un caixón de xastre, para entendermos, para reformar leis que nada teñen a ver en moitos casos cos orzamentos.

Continúan cunha práctica que desde o Bloque Nacionalista Galego sempre denunciámos e sempre censurámos porque supón unha ferramenta que impide debater de maneira ampla, de maneira rigorosa —como gusta vostede de dicir tanto—, desde unha perspectiva ampla e coa debida consulta sobre todo aos sectores afectados polas normas que se pretenden reformar.

Desta volta diríxense nunha parte importante das reformas que propoñen nesta Lei de acompañamento á Lei de prevención de incendios do ano 2007 e tamén á Lei de montes veciñais en man común do ano 1989. Fano despois dunha vaga de lumes como a do pasado 15 de outubro, que o que urxe —ou polo menos así o cremos desde o BNG— é analizar e debater en profundidade as reformas estruturais e non os parches que precisa o noso país en materia de política forestal, de prevención de incendios, por suposto, pero tamén de fixación de poboación no rural, de desenvolvemento rural e de aproveitamento multifuncional do monte.

E ollo con isto porque se fan vostedes un varrido do uso que se fai ao longo de toda a parte que se corresponde coas medidas administrativas, coas que atinxen esa reforma da Lei de prevención de incendios ou de montes veciñais en man común, vese que vostedes teiman en usar coma se fosen sinónimos «monte» e «forestal», caendo ou recuncando nun erro que en parte está na raíz da situación na que nos atopamos a día de hoxe, e é crer que o monte apenas ten unha funcionalidade ou serve apenas para producir madeira. O monte ten unha tripla función: unha función económica ou produtiva, unha función ecolóxica e tamén unha función social. E no equilibrio destas tres funcións é que poderemos, ou polo menos así o defendemos desde o BNG, atopar as necesarias solucións que exige a situación actual do monte no noso país; pero para iso precisamos algo máis que 15 minutos no debate da Lei de acompañamento.

Mais vaíamos por partes.

A respecto da primeira parte, das medidas fiscais que compoñen a Lei de acompañamento, reflicte de novo a falta de ambición por parte do Partido Popular, e, neste caso, do Goberno da Xunta de Galiza, para superar — criticabámolo, denunciabámolo pola mañá; denunciábao tamén na súa intervención Noa Presas, e volvo reiterar ese rexeitamento, esa falta de ambición que percibimos por parte do BNG— a difícil situación que xerou o contexto de crise, sobre todo os graves prexuízos sociais provocados polas políticas de recortes acumuladas durante os últimos nove anos, as restricións orzamentarias acumuladas, impulsadas e aplicadas desde o ano 2009. Malia o marco de crecemento económico e a maior dispoñibilidade de recursos en relación con anos anteriores, non se reflicte no conxunto do Proxecto de orzamentos para 2018 nin tampouco na parte correspondente ás medidas fiscais que compoñen a Lei de acompañamento que agora debatemos unha proposta de desenvolvemento económico que blinde e que mellore os servizos públicos. Manteñen, pois, medidas fiscais de carácter regresivo na política impositiva, desaproveitando de novo a oportunidade de adoptar unha outra fiscalidade baseada nos principios de progresividade e equidade, co obxectivo de garantir a súa función redistributiva. Insisto en que é unha cuestión que xa formulaba a miña compañeira Noa Presas con anterioridade.

Falamos de restaurar realmente o imposto de patrimonio, gravando aqueles superiores a 300.000 euros, excluída a vivenda habitual, e de aplicar unha maior progresividade aos tramos autonómicos do imposto sobre a renda das persoas físicas, con gravames adicionais para bases impoñíbeis superiores aos 60.000 euros e, sobre todo, a aquelas rendas que superen os 120.000. Non a todos os galegos, señor conselleiro, ás grandes rendas e aos grandes patrimonios, porque vostede fixo un magnífico exercicio na súa primeira intervención, na parte que se correspondía coa Lei de orzamentos que se debatía con anterioridade, diso que en retórica e en filosofía se chama falacia, que basicamente é usar argumentos que inducen a engano ao auditorio; para entendernos: mentir. (*Aplausos.*) E, neste caso concreto, vostede optou por usar a parte polo todo, ¿non? Entón, acusa o BNG de que o que quería era subirles os impostos aos galegos. Non, subir os impostos ás grandes rendas, aos grandes patrimonios, ás grandes fortunas, para poder redistribuír con xustiza e equidade social esas rendas. (*Aplausos.*)

Tamén falamos de crear, dentro tamén da limitada capacidade que lle recoñece o marco político actual ao Goberno galego, por exemplo, un imposto que grave o impacto económico, o impacto ecolóxico e o impacto social dos establecementos situados nas grandes áreas comerciais.

Son propostas que compoñen un paquete fiscal incompleto, limitado, mais con encaixe no encorsetado marco actual. Desde o BNG insistimos — e non cansaremos de facelo— na necesidade de superar ese marco cara a outro que permita ás galegas e aos galegos actuar sobre as grandes figuras impositivas, onde verdadeiramente se recada; un modelo que recoñeza soberanía para o noso país, capacidade de decidir sobre eses tipos impositivos, para contar con maiores recursos económicos que permitan blindar e mellorar os servizos públicos como dereitos fundamentais — o imposto de sociedades non o xestiona a Xunta de Galiza, por po-

ñerlles simplemente un exemplo—, que permitan, xa digo, contar con maiores recursos, blindar e mellorar os servizos públicos como dereitos fundamentais que son e dinamizar economicamente o país cara a un desenvolvemento maior, pero un desenvolvemento tamén desde unha perspectiva social, equitativo e xusto para o conxunto das persoas que viven e traballan no noso país, e non só para unha parte da sociedade.

Porén, este proxecto abdica mesmo da mínima posibilidade que o sistema de financiamento permite, negándose a usar as limitadas capacidades normativas para avanzar nunha maior progresividade e equidade, nunha maior e mellor redistribución da riqueza para combater a desigualdade social.

Xa nin que dicir cabe que vostedes non teñen —quedounos máis claro, se tiñamos algunha dúbida ao longo do día de hoxe— nin a máis mínima intención de mudar a relación política de Galiza co Estado para superar esas limitacións, esas estreiteces, eses corsés que impón o actual marco e que supoñen a subordinación política do noso país neste ámbito e noutros moitos.

Falábase pola mañá de ambición, e eu creo que era vostede, ademais, quen se refería a que tiña ambición o Goberno, e vostede como portavoz, neste caso, do Goberno. Ter ambición supón querer ir máis alá —que dicía Manuel Antonio—, e ir máis alá exige cuestionar o marco institucional e político, ese marco que nos veu dado, para intentar contar con maior capacidade de decisión, que nos permita mellorar a calidade de vida das persoas que vivimos e traballamos aquí.

En relación coas medidas administrativas, volven usar a Lei de acompañamento, insisto, como unha ferramenta de goberno opaca, e cada vez déixannolo máis claro, porque apuran máis a xustificación para usar este mecanismo e asegurar que ten amparo legal, que eu non llo dubido —despois falarei un pouco diso—. Volven usar esta Lei de acompañamento como unha ferramenta opaca para reformar numerosas leis sen apenas debate nesta Cámara —quedan seis minutos simplemente— e, por suposto, sen diálogo cos sectores afectados polas devanditas reformas. Aquí fartámonos de escoitar como se lanzan de maneira constante e permanente chamamentos ao diálogo, pero á hora da verdade vostedes actúan unilateralmente, e ademais pola porta de atrás, e véselles cómodas nesa actitude.

Reforman con este mecanismo 20 leis —o pasado ano eran 21, desta volta son 20 leis—, de entre elas unha ducia foron impulsadas e aprobadas polo Partido Popular, algunhas o ano pasado, no 2016, pregoadas a bombo e prato como leis de futuro. É o caso da Lei do solo, aprobada o 1 de febreiro de 2016, parcheada na Lei de acompañamento de 2017, menos dun ano despois de ser aprobada; retocáranla tamén na Lei de implantación de iniciativas empresariais ou de depredación e agora de novo pretenden pórllle outro parche coa Lei de acompañamento para o 2018. Iso é a antítese do rigor. Lexislan vostedes a impulsos, improvisando, e van autoemendándose por parroquias. *(Aplausos.)*

Agora ben, o groso das modificacións atinxen —xa o sinalaba vostede tamén na súa intervención— o medio rural a través de reformas puntuais e inconexas en moitos casos que evidencian a falta dunha planificación estratéxica nesta consellería.

Reforman boa parte da Lei de prevención de 2007, en realidade o que quedaba dela, porque xa a reformaran; no concreto, dúas terzas partes desa Lei de prevención de 2007 fora reformada coa Lei de montes de 2012 a través dunha disposición última, en contra mesmo do criterio do Consello Económico e Social, que lles dixo que, se querían reformar a lei, que o fixeran, pero que o fixeran de fronte, a cara descuberta, que colleran e iniciaran un proceso regulamentario para reformar esa lei e non que usaran unha porta de atrás, neste caso a disposición última da Lei de montes de 2012. E agora volven facer cambios usando o subterfuxio —outra porta traseira— da Lei de acompañamento dos orzamentos, sen o necesario debate en profundidade e nun contexto no que recortan os fondos —xa se sinalou aquí tamén pola mañá— de prevención de incendios, concretamente 28.000 euros menos que no 2017, nuns orzamentos onde a maior parte de programas ven incrementada a súa partida, iso é obvio, aínda que sexa pouco. E apenas uns días despois da vaga de incendios que asolagou este país o 15 de outubro presentan nesta Cámara unhas contas que recortan o orzamento da principal ferramenta para impedir que o vivido o 15 de outubro non volva repetirse; insisto, 28.000 euros menos.

Alén diso, conxelan as transferencias de capital tanto a entidades locais como a empresas privadas en materia de prevención, supoñendo na práctica un recorte —porque aquí vostede tamén o recoñeceu, non imos entrar na polémica da cifra— que se prevé para o 2018 un IPC positivo. A protección civil e a seguranza cidadá, servizos fundamentais tamén para atallar situacións de catástrofe, de emerxencia, accidentes, incendios, tamén descenden no seu orzamento un 2,5 % menos a respecto do ano anterior, 634.000 euros menos, e a Axencia Galega de Emerxencias descende nuns 834.000, un recorte do 11,2 %.

Acabamos de vivir unha situación excepcional, de absoluta emerxencia nacional, con catro vítimas mortais, preto de 50.000 hectáreas ardidadas en dous días, e vostedes recortan en prevención nos orzamentos e deciden parchear a lei de 2007; insisto, deixaron daquela a reforma exprés, cunha disposición última na Lei de montes de 2012, a través dunha tramitación da Lei de acompañamento dos orzamentos. Por certo, reforma —a que propoñen— que resulta unha emenda ao seu propio discurso, ao que levan defendendo, ademais, nos últimos anos afervoadamente, até na última sesión ordinaria ou na anterior, pero hai un mes e medio o propio presidente volvía recuncar nesa idea, na idea de que o Goberno galego estaba desbordado porque quen non cumpría coa responsabilidade que tiña de limpar os predios, por exemplo, eran os concellos, e non o estaban facendo. E agora as reformas que introducen a través desta Lei de acompañamento van, entre outras cousas, pero fundamentalmente, dirixidas a introducir as mudanzas necesarias que permitan a xestión subsidiaria da biomasa, principalmente daquelas leiras, daqueles predios ou fincas que estean en mans de persoas propietarias descoñecidas ou daquelas que, aínda sendo de coñecidas, non estean a cumprir coas súas obrigas. Entón, é que antes non se podía facer, non é que os concellos non o fixeran. (*Aplausos.*)

Por se fora pouco, outra parte das reformas que compoñen esta Lei de acompañamento atinxe —dicíao ao comezo— os montes veciñais en man común; reformas de calado que pretenden acometer de maneira absolutamente antidemocrática, sen diálogo ningún coas comunidades. Entre as mudanzas, por exemplo, abren a porta a que a Consellería asuma a xestión daqueles

montes en man común cando sexan declarados en estado grave de abandono baixo uns criterios que disporá de maneira —jollo!— periódica a persoa titular desta consellería; é dicir, que este ano uns criterios e, ao ano seguinte, outros criterios. ¿Onde queda o rigor? Pon «periódica» literalmente; lean vostedes as iniciativas, as propostas de reforma, que se recollen dentro desa Lei de acompañamento. ¿Cren que se pode reformar desta maneira a lei, nunha lei de acompañamento dos orzamentos, furtando do necesario debate non só a esta Cámara senón ao Consello Forestal neste caso, ou vetando, impedindo ou furtando ese debate ao conxunto da sociedade mediante a correspondente exposición pública que require calquera reforma?

Desde o BNG rexeitamos —xa o dicía ao comezo— o que consideramos que é un uso perverso e completamente desvirtuado da lóxica pola que existen este tipo de figuras lexislativas; unha práctica que, non por habitual, deixa de ser unha estafa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...á democracia —si remato—. Estes mecanismos teñen un carácter excepcional, un carácter excepcional e urxente, e deben incluír apenas aquelas reformas que sexan indispensábeis para a correcta execución orzamentaria; non poden servir como porta de atrás para evitar o debate e silenciar as críticas, nin tampouco para facer o que lles pete, por moita maioría absoluta que teñan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Boa tarde tamén, señor conselleiro.

Hoxe debatemos a totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, o que é coñecido como «Lei de acompañamento», que o Goberno do PP da Xunta de Galicia nos achega conxuntamente co Proxecto de orzamentos para o exercicio 2018 coma se fose un volume máis, coma se fose parte integrante dos orzamentos da Xunta de Galicia, sendo xa unha práctica habitual dos gobernos do señor Núñez Feijóo na Xunta de Galicia e que, ademais, vostedes xustifican como: «Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben de adoptar rango de lei»; xustificación que, como lle vou explicar máis adiante, nada ten que ver coa realidade deste proxecto de lei.

Nada ten que ver nin cos ingresos nin cos gastos dos orzamentos que hoxe se debateron aquí pola mañá e que seguirán o seu trámite parlamentario. Constitúe unha amalgama de pre-

ceptos inconexos, que non teñen relación entre eles, e aínda que é legal, é verdade que é legal, pero está desaconsellada de maneira maioritaria pola doutrina lexislativa existente. Tramítase polo procedemento de urxencia —polo tanto, é un detrimento na calidade política e xurídica—, imposibilita poder afondar en cada unha das cuestións que alí se plantexan, quebranta o principio de seguridade xurídica, evidencia un alto grao de improvisación e vai en contra do propio principio de transparencia que vostedes unha e outra vez manifestan pero que unha e outra vez incumpren, sen publicade e sen exposición pública. Polo tanto, negan a posibilidade legal de que se poidan presentar suxestións tanto por parte da cidadanía como por parte dos sectores implicados. Impide o debate parlamentario individual para cada unha das cuestións que se queren abordar e imposibilita poder chegar a acordos nos que, ao mellor, nós estaríamos de acordo e que poderíamos votar favorablemente.

Faltan informes específicos de cada un dos departamentos ou consellerías afectadas, e só a memoria da Consellería de Facenda fai unha serie de consideracións e xustifica esta inexistencia.

O informe sobre sostibilidade financeira só fala das cuestións de protección á maternidade e paternidade dos empregados públicos, avaliándose nun custo de 2 millóns de euros. É a única que ven cunha valoración orzamentaria. Non se presenta o informe preceptivo do CES, que tamén é unha practica bastante habitual en todas as leis, en todos os proxectos de leis que saen da Xunta de Galicia, incumprindo a súa propia función e a súa propia lei de constitución e tendo as disposicións que se están debatendo hoxe incidencia económica e social moi importante.

Falta o informe das administracións locais, ás cales lles afectan algunhas disposicións de xeito bastante relevante, e, sen embargo, obvian unha e outra vez as administracións locais. Simplemente lles conceden máis competencias, pero nunca financiamento, nunca se lles consulta. Tamén faltan os informes dos consellos ou comités asesores sectoriais, obrigatorios nalgunhas ocasións, pero que vostedes informan segundo conveña.

Polo tanto, é un procedemento impropio dun goberno que conta con maioría absoluta, porque ¿non terían medo de que non saíra adiante? ¿Verdade que non, señor conselleiro? Recórdannolo continuamente, que vostedes son 41 e que nós non, nin sumando os tres. Pero é un goberno que o que manifesta con este xeito de gobernar é que despreza o labor da oposición, despreza as achegas dos sectores. En definitiva, é un goberno que, amparado nesa maioría absoluta que nos restregan unha e outra vez, pasa o rodillo unha e outra vez, non tendo en conta a oposición para nada, non tendo en conta que nós tamén lle aportamos cuestións que son valoradas polos sectores e que son valoradas pola cidadanía, posto que nós tamén representamos a unha porcentaxe importante da cidadanía deste país.

Esta técnica orzamentaria foi empregada en sete ocasións polos gobernos de Fraga, seis polos gobernos Feijóo e ningunha polo Goberno de Touriño. Dende o 2010 os sucesivos gobernos do señor Feijóo —é dicir, nove anos ininterrompidamente— presentaron 396 modificacións de cuestións normativas concretas sobre 70 leis, e neste cómputo excluimos as de natureza tributaria e as de natureza fiscal. Polo tanto, case 400 cuestións normativas sobre 70 leis de nove anos de goberno ininterrompido do Partido Popular.

Neste exercicio de 2017 presentan un proxecto de lei que modifica 20 normas legislativas — e tamén excluimos as de tipo fiscal—. Doce destas normas foron promovidas directamente polos gobernos do señor Núñez Feijóo nestes nove anos ininterrompidos do seu goberno. E vou destacar simplemente unhas poucas: Lei de montes, cinco anos, 17 cambios; Lei de mobilidade de terras, seis anos, 7 cambios; Lei de estrutura agraria, dous anos, 12 cambios; Lei de función pública, dous anos, 27 cambios; Lei de servizos sociais, 27 cambios; Lei de comercio interior, sete anos, 27 cambios; Lei de organización e funcionamento da Administración autonómica, sete anos, 10 cambios. E un comentario especial require a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, 56 cambios dende 2010; é dicir, sete anos, 56 cambios. E neste proxecto de lei, trece modificacións puntuais.

Debemos recordar, ademais, que cada vez que se presentan estas leis —a verdade é que con moitísimo despregue mediático— sempre nos din que van ser a solución dos problemas ou das carencias, do que corresponda, e que, ademais, en pouco tempo, como lle acabo de demostrar, erran ou fracasan, e, polo tanto, deixan de resultar válidas. E agora, neste momento, son autoemendadas polo mesmo Goberno que as promulgou.

A verdade é que vostedes sempre o fan todo con moita propaganda. É verdade, a publicidade e a propaganda domínanas á perfección, pero a realidade e a execución non as levan tan perfectamente coma esa publicidade e propaganda.

Por máis despregue mediático que fagan no anuncio das leis, non teñen máis impacto na realidade. Non se trata de aprobar leis, non se trata de facer papeis, non se trata de facer documentos, trátase de gobernar, e gobernar ten consecuencias. E ademais trátase de executar os créditos para acadar os resultados esperados. Suponse que, se se executan, pódense acadar mellores resultados que se soamente orzamentan e despois quedan unicamente niso, no papel. A non execución destes créditos pode desencadear consecuencias tan devastadoras como as que acabamos de sufrir no mes de outubro, por exemplo, entre outras.

Mire, o Grupo Parlamentario do PSdeG, os socialistas, presentamos 63 emendas a este proxecto de lei, coas que pensamos ou queremos aportar e contribuír para conseguir unha mellor regulación que redunde no beneficio de todos os galegos e de todas as galegas, e gustaríanos que tiveran en conta —xa sei que todas non, pero boa parte delas— as emendas que presentamos, que seguramente mellorarán moito a súa parte normativa, e despois, fundamentalmente, que as executen.

En canto ás emendas presentadas polo Partido Socialista, voume centrar en tres lotes. En primeiro lugar, están as medidas fiscais. Presentamos unha dedución no IRPF das cantidades investidas para paliar os danos causados polos incendios forestais no cen por cento, e ampliando a cobertura destes danos a vivendas ou a explotacións a moitos outros anexos que non están contemplados a día de hoxe polo Goberno, e que tamén foron danos sufridos pola vaga de lumes acaecida no mes de outubro.

Tamén solicitamos un cambio na escala de gravame do IRPF para incrementar a porcentaxe das rendas máis altas, e establecemos un mínimo exento para o imposto sobre patrimonio de 400.000 euros, dos cales se exclúe o cómputo da vivenda habitual.

Xa sei que vostede me vai dicir que queremos cobrar máis impostos, pero non, señor conselleiro, non. Nós o que queremos é redistribuír a riqueza. Queremos que paguen os que máis teñen para atender aos que máis o necesitan, para os que peor o están pasando. E mire, quérolle recordar que nestes momentos, segundo os datos da EPA do terceiro trimestre do 2017, segue habendo 33.600 fogares sen ningún ingreso en Galicia; 61.700 fogares con todos os seus membros no paro; e un 52 % dos fogares referencian que chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Para iso queremos nós que paguen os que máis teñen, e para iso queremos nós a redistribución da riqueza. *(Aplausos.)*

Outro dos aspectos nos que nós presentamos tamén unha batería importante de emendas é no emprego público. Como vostede ben sabe, ou como vostedes ben saben, o emprego público e as condicións laborais dos empregados ou empregadas públicos galegos sufriron os recortes das políticas durante estes anos. A Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, o Goberno galego aplicouna a todos os empregados do sector público autonómico, no que se recortaron os dereitos laborais, e voulle enumerar algúns deles.

Penalización económica por situacións de incapacidade laboral; supresión das axudas dos fondos de acción social; restricións dos dereitos á prolongación da permanencia na situación de servizo activo ao cumprirse a idade de xubilación forzosa; suspensión unilateral dos dereitos recollidos en varios artigos no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia; restricións na previsión de postos de traballo e a mobilidade; e durante os exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016, impúxose —adicionalmente á supresión da paga extra do 2012— un recorte retributivo para todos os empregados do sector público autonómico galego que ascendía a unha media dun 5 % anual, mediante a supresión do complemento específico ou o concepto equivalente nas pagas extraordinarias.

E no propio proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vostedes establecen que a Xunta de Galicia sinala que o escenario macroeconómico prevé a continuación da fase expansiva da economía galega; pretenden manter a alta calidade do noso sistema sanitario, para continuar non só garantíndoa, senón tamén mellorándoa; que a política educativa continuará asentándose sobre a consecución da calidade, a liberdade, a igualdade de oportunidades e o diálogo; e as políticas sociais cos máis desfavorecidos, e a atención ás persoas dependentes, constitúen segundo vostedes un compromiso irrenunciable e representan un importante esforzo. Polo tanto, tendo en conta o carácter temporal da dita lei, supeditada a súa vixencia á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectaron á sustentabilidade das contas públicas, os socialistas solicitámoslle a derogación de dita lei, que redundará na mellora de todo o que vostedes expoñen no propio proxecto de lei de orzamentos.

E o terceiro punto, e non por iso menos importante, trátase do medio rural. O contido desta lei evidencia un gran recoñecemento de culpa por parte da Xunta de Galicia, de culpa sobre as consecuencias da vaga de incendios que afectou a Galicia na fin de semana do 15 de outubro deste ano.

Recoñecen vostedes que non están preparados para atender os bens e as persoas ante situacións excepcionais, aínda que previamente xa eran coñecidas porque había un informe que así o poñía de manifesto.

Recoñecen vostedes que as faixas de seguridade nas infraestruturas viarias ou nos núcleos de poboación son insuficientes. Ademais había unha lei da época de Emilio Pérez Touriño que vostedes rebaixaron, e, polo tanto, agora teñen as consecuencias e teñen que volver ao pasado.

Recoñecen que as políticas aplicadas nas leis —ou, mellor dito, expresadas, porque aplicar, aplicar, non sempre é así— non son efectivas ante unha situación que pode volver suceder. Recoñecen vostedes que o medio rural nunca foi unha prioridade para o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Por iso nós, o PSdeG, presentamos unha serie de emendas e lamentamos que non sexan debatidas nun procedemento ordinario.

Pedimos a dedución no IRPF das cantidades investidas coa finalidade de paliar os danos causados polos incendios forestais con efectos retroactivos; é dicir, para este exercicio 2017. Establecemos unha nova clasificación de escalas para o persoal dedicado a labores contra incendios forestais. Introducimos cambios nos montes en man común, no sentido dunha proposición de lei xa presentada polo noso grupo no exercicio 2010, e, evidentemente, co seu rodillo non aprobada polo Goberno do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato agora, señor presidente—, na que se pide promover a constitución das comunidades veciñais cando estas non existan; a defensa ou a xestión en caso de grave abandono; a extinción da comunidade veciñal por parte da Xunta de Galicia para impulsar a súa xestión e previr os incendios forestais; para que na xestión cautelar nos montes veciñais declarados en estado de grave abandono ou degradación un 70 % se reinvesta no propio mantemento e na xestión dos montes, que se amplíe o labor dos bancos de terras, que asumirán tamén a xestión dos montes veciñais no caso de que a comunidade veciñal así o demande cando sexa incapaz de xestionar o monte, establecendo os criterios para a reversión da xestión do monte á comunidade veciñal.

Propoñemos a introdución de cambios respecto do Pladiga, para que se traia ata o Parlamento de Galicia para a súa análise, debate e pronunciamento dos grupos políticos. E propoñemos a regulación e establecemento de convenios de colaboración coas administracións locais, nos que se estableza o apoio técnico e económico da Xunta de Galicia para a identificación das redes das faixas.

Establecemos unha maior claridade en relación coa xestión da biomasa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—acabo agora mesmo—. Propoñemos a ampliación de 50 a 100 metros na faixa de protección das vivendas contra os incendios forestais, e de 30 a 50

para as especies sinaladas na disposición adicional terceira; que se adiante ao mes de maio, en vez de ao mes de xuño, a xestión da biomasa e a retirada das especies; a creación dunha axencia para a protección do monte de Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa remato agora mesmo.

En definitiva, unha lei máis adaptada á realidade galega, que minimize xa para o 2018 as posibles consecuencias terribles...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Ten vostede outro turno despois para rematar o que lle quedara pendente.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que acabamos de pasar e que, ano tras ano, supoñen os incendios forestais en Galicia.

Moitas grazas pola súa flexibilidade, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Hai chistes que, por moitas veces que se contan, sempre teñen graza. Por moitas veces que veña falar aquí un voceiro ou un conselleiro do Partido Popular a presumir do cumprimento da lei, nunca deixará de ter graza tratándose do Partido Popular, o partido da Gürtel, cando acaba de estar visto para sentenza ese xuízo, no que a Fiscalía di que vostedes se estiveron financiando en B desde a súa creación. Houbo a algúns que os cen anos de honradez lles duraron ata Filesa, pero a vostedes non lle duraron nin un ano. Xa o señor Naseiro se encargou dende o principio de evadir impostos, de cobrar en B, de cobrar comisións para poder financiar as campañas electorais. Por iso, ten moita graza que o Partido Popular nos veña aquí restregar o cumprimento da lei aos que non temos esa bagaxe que teñen outros.

Tamén ten moita graza que veñan presumir de rigor e de como se legisla, ¿non? Tamén ten moitísima graza. A señora Rodil dixo aquí as modificacións que sufriu a Lei 2/2016 do solo. Quedoulle unha máis aínda, a primeira modificación de facto, que foi menos dunha semana despois de aprobar a Lei do solo. E xa levamos cinco con esta que pretenden facer vostedes. Iso é rigor, rigor, ¡cinco modificacións en menos de dous anos!

Tamén hai unha cuestión que lle quero preguntar ao conselleiro. ¿Vostede veu defender aquí este proxecto de lei de acompañamento ou o proxecto de lei de acompañamento mais as emendas que presenta o Grupo Popular a este proxecto de lei? Porque cambia moito o conto, ¿verdade? ¡Cambia moito o conto!

Nas emendas que presenta o Grupo Popular inclúese xa a primeira modificación da Lei de fomento de iniciativas empresariais. Case baten o récord da modificación da Lei do solo, ¡gran rigor lexislativo!

Esta tamén ten moita coña, a tramitación da Lei de fomento de iniciativas empresariais. Presentada polo Grupo Popular, pola vía de urxencia, para tapar que vostedes lles facían agasallos ás eléctricas, ás mineiras e a Ence coma sempre, para despois, evidentemente, que lles veñan de volta eses favores. Pola vía de urxencia, e vostedes mesmos, nese trámite parlamentario o Grupo Popular autoeméndase, pero non con unha ou dúas correccións de erros, non, non, ¡con máis de 15 cuestións de gran calado! Vostedes mesmos. E agora, non sei canto tempo hai, creo que menos dun mes, xa volven traer un paquete de emendas e unha á Lei de fomento de iniciativas empresariais.

Mire, na propia emenda que vostedes se fan, modifican xa os proxectos sectoriais que impoñen coa Lei de fomento de iniciativas empresariais. Os proxectos sectoriais caducarán e extinguirán os seus efectos con prohibición expresa de calquera acto ulterior de execución del, no suposto de que por causa imputable ao titular das obras se incumpran os prazos previstos para o seu inicio e terminación, ou sexan interrompidas por tempo superior ao autorizado sen causa xustificada, agás a obtención previa da correspondente prórroga, que poderá outorgar a consellería que tramitou o proxecto, sen que en ningún caso poida superarse a metade do prazo fixado no proxecto sectorial.

Claro que agora asimilan o Plan sectorial aos plans parciais e, polo tanto, teñen vixencia indefinida, porque propoñen: «A vixencia dos proxectos sectoriais que implican a transformación e parcelación urbanística do solo será a que estableza a lexislación urbanística para os plans parciais». ¡Deben pensar que somos idiotas perdidos! A lexislación urbanística non establece ningunha vixencia específica. Este é o seu rigor.

A chapuza é de tal calibre que tamén se esquecen de incluír disposicións transitorias para o novo réxime urbanístico das zonas de influencia forestal en relación cos instrumentos de planeamento ou xestión en trámite. ¿Apostamos algo a que pronto van ter que traer unha modificación para incluír isto? ¿Apostamos? Non, ¿verdade? Porque van ter que traela e seguir coa chapuza dando o recital de dispersión, confusión normativa, e aínda encima teremos que aguantar aquí clases de rigor do conselleiro e do señor Tellado tamén. Rigor e cumprimento, papel mollado; papel mollado tamén.

Propoñen algo sobre os permisos de paternidade, ¿verdade? Vou ler —abro comiñas, como dicía M. Rajoy— a terceira promesa do señor Feijóo do discurso da nación deste ano —da nación—: «Os empregados públicos terán á súa disposición unha nova medida de conciliación; un permiso de maternidade aumentado ata as 22 semanas desde as 20 actuais». Señorías, coa ampliación do permiso de maternidade ata as 22 semanas a Xunta actúa, unha vez máis, no eido onde ten competencias sobre permisos de maternidade ou paternidade, que é a función pública autonómica. ¿Onde está? ¿Onde está a promesa do señor Feijóo? Papel mollado unha vez máis.

Entón creo que xa non fai falta falar máis de rigor. Rigor é falar, despois dos lumes, de aumentar a cooperación cos concellos e darlles máis capacidade para facer as execucións sub-

sidiarias, e, en cambio, manter conxelados os convenios e as subvencións cos concellos. *Hacer más con menos*, pero llelo impoñen aos demais. Iso tamén é rigor.

Rigor é aprobar unha lei de fomento de iniciativas empresariais que andan presentando por aí aos sectores e aos oligopolios varios e non dicir nin palabra no Proxecto de lei de orzamentos de 2018. Iso tamén é rigor.

Rigor é que non haxa nin rastro da Lei de rehabilitación no Proxecto de orzamentos. Entón, ¿a quen lle van dar leccións vostedes, señores do Partido Popular, señor conselleiro? Non sigo.

Continuidade tamén do despropósito, da confusión, da falta de previsión da planificación; dos anuncios espectaculares para tapar a falta de rigor e previsión da planificación; o fracaso das súas políticas en moitos eidos, que comentarei despois; e a continuidade tamén dos agasallos, neste caso ás eléctricas.

O Decreto 37/2014, de protección das zonas de especial conservación, e Plan director da Rede Natura non se modifican para cumprir a ampliación da Rede Natura, non, modifícanse para agasallar ás eléctricas. Modificación do número 3 do artigo 60 deste decreto: «1. As tarefas de mantemento e conservación das infraestruturas liñais existentes no espazo natural non consolidadas como permitidas, que serán debidamente autorizadas polo órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza, sempre e cando supoñan modificacións no seu trazado e/ou largo sempre que se...». ¿Sabe que falta aquí? Un «non». Antes no decreto poñía: «Serán debidamente autorizados polo órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza sempre e cando ‘non’ supoñan modificacións do seu trazado». E ¿sabe vostede, señor conselleiro —que non ten que saber de todo, non sei a idade que ten, pero non ten que saber de todo—, cales son as infraestruturas liñais? Pois, por exemplo, as liñas de alta tensión. Vostedes antes non permitían cambios de trazado e agora —a non ser que sexa un erro, que agardamos entón que se corrixa— pretenden agasallar tamén con que poidan facer cambios de trazado. Seguramente non ten ningunha importancia para vostedes.

E despois tamén fan un recital de desviar a atención. Tras a vaga de lumes de outubro, o señor Feijóo veu aquí anunciar unha trintena de medidas, a maior parte delas xa están en vigor, sistematicamente incumpridas.

Vostedes incumpriron sistematicamente os instrumentos que vostedes mesmos aprobaron coa súa maioría. Incumpriron o Plan forestal de Galicia, xa o dixo o Consello de Contas no informe. Deberíamos de estar a esta altura gastando a maior parte dos orzamentos en facer produtivo o monte galego, e seguimos gastando diñeiro en extinción. Iso si, para dar contratos a amigos de helicópteros contra incendios.

Vostedes incumpriron a súa propia Lei de montes e permitiron a reforestación de terras agrarias. Antes xa a permitiron legalmente na época de Fraga, e agora permitírona ilegalmente sen actuar.

Vostedes incumpriron e non lle fixeron caso a ningún dos ditames que se fixeron neste Parlamento. Vostedes fan unha emenda ao seu propio discurso. Dicían que o único problema

era que había terroristas incendiarios. ¡Vaia rigor na utilización das palabras! ¡Terroristas incendiarios! Disque era o único problema que había neste país. E resulta que agora nas medidas falan de ordenación do territorio, porque é evidente que hai un problema de desorde territorial —vostedes levan gobernando trinta anos—.

Vostedes falan de que os eucaliptos non queiman igual que os carballos —como nos dicían a nós—, que os montes ordenados non se queiman igual que os desordenados e os abandonados. Aquí nunca o din, nunca o recoñecen, pero nestas medidas vostedes recoñecen implicitamente o fracaso das súas políticas en todos estes eidos tan importantes.

Vostedes din: son os propietarios privados, o minifundismo, a fragmentación da propiedade... ¿Que fixeron vostedes nestes últimos oito anos de goberno? Pois cargar as tintas contra as uxfor do Bipartito e crear as sociedades de fomento forestal. ¡Grande éxito!, cinco constituídas e 800 hectáreas, o 0,09 % da superficie forestal en mans privadas, xa descontando os montes veciñais en man común. ¡Un éxito! E agora cambian, fan modificacións, pero non para facer o monte autoxestionado, que a propia xente poida crear riqueza, fixar poboación, quedarse a vivir no rural. Non, non, fan modificacións nas sofor para permitir a entrada do capital no monte. E o capital, cando entra, non entra gratis, (*Murmurios.*) entra para obter uns beneficios clarísimos, a curto prazo, insostibles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si.

E tamén fan o mesmo coas modificacións dos montes veciñais en man común. Vostedes non aportaron os medios, os recursos e a vontade necesarios para colaborar e coordinarse cos montes veciñais en man común para que eles mesmos fosen viables. En cambio, nesta lei o que fan é acelerar e facilitar a declaración de monte abandonado ou degradado, só desde un punto de vista forestal, para que pase ao Banco de Terras, e para que no Banco de Terras poidan dispoñer del esas empresas privadas que están agardando para entrar e facer negocio. Farán negocio, pero farán negocio para eles, e non poderán crear con ese modelo un país no que a xente quede a vivir no rural.

Fan o mesmo co agro. Vostedes falan de política fiscal, falan de baixarlles os impostos a todos os galegos. Miren, vostedes eliminaranlle o imposto de sucesións ao 99 %, pero esa política fiscal non favorece a todos os galegos e as galegas, favorece a uns poucos. O que favorecería a moitos galegos e galegas que viven no medio rural, e que teñen que aturar iso de impostos cero no rural... Que lles vaian preguntar canto pagan de imposto de bens inmoables comparado con cando o señor Rajoy chegou ao Goberno; ou que lles digan canto pagan de luz, xa verán, ¡iso non se soluciona con deducións fiscais!

A fixación de poboación e o fracaso que vostedes levan ensaiado durante tantos anos non se soluciona con deducións fiscais se non vén acompañada dunha política de investigación, de asesoramento, de formación; dunha política de ordenación do territorio, de base territorial; non con políticas de comercialización, etc. Todo no que vostedes levan fracasado neste tempo. Vostedes baleiran o público para deixar ese deserto verde para os grandes actores económicos que son para os que vostedes traballan.

Si, señora conselleira, traballan para eles e para Ence, entre outras, tamén. Xa lle fixeron unha lei de costas á súa medida para que puidera estar outros setenta anos na ría de Ponte-

vedra. E deixaron vostedes, sen dicir nin mu, que a última palabra a tivese o Goberno do Estado. Claro, sería moi independentista, ¿verdade?, reclamar que Galicia puidera decidir sobre a permanencia na ría, e entón deixáronlle ao señor Mariano Rajoy que puidera decidir dende Madrid e sen que nós puidéramos dicir nada. Pois traballan para iso, ¡claro que si!

Despois fracaso no monte, fracaso tamén no dispositivo antiincendios. Habería que escoitar a rolda de prensa que deron os corpos que loitan contra o lume neste país. Demoledora, coa actuación do domingo aquel dos lumes. ¡Demoledora!

E fracaso tamén que pretenden tapar con anuncios espectaculares, por exemplo, na política de rehabilitación. Claro, vostedes executan o 15 % no Programa de rehabilitación de vivenda do ano 2016 coa conta xeral pechada, e anuncian unha lei de rehabilitación. Iso si, nos orzamentos non aparece por ningunha parte. Pero con anunciar a lei tamén pensan vostedes que van solucionar este problema.

E nas deducións sobre os cascos históricos —falaremos no debate das emendas parciais— tamén pode albiscarse un modelo. É dicir, nós queremos cascos históricos rehabilitados, pero non queremos cascos históricos rehabilitados só arquitectonicamente. Queremos que a xente poida seguir vivindo neles. Que non se fagan unhas deducións fiscais á medida para os fondos de investimento que queiran facer negocio nos cascos históricos e que acaben facendo o que pasa en moitos sitios. Non, non lle dea á cabeza, señor conselleiro. Non digo que sexan vostedes. É o que está pasando nos centros históricos cando se fan determinados incentivos fiscais, que acaba vivindo neles determinada xente que ten diñeiro para investir alí, e non logrando uns cascos históricos vivos e economicamente dinamizados.

E despois, por último, vostedes véñennos dicir que agora van facer propósito da emenda con estas novas trinta medidas, e fan unha modificación bastante ampla da xestión das faixas de biomasa.

Mire, vostedes cando chegaron tiñan esa lei aprobada e o que fixeron foi reducir as distancias. Vostedes desprezaron esas medidas de seguridade para as vivendas dos galegos e das galegas e reduciron esas distancias, e veñen agora porque houbo lumes. Coma sempre, actúan só cando pasan as cousas. ¡Mire que non se lles dixeron veces aquí estas cuestións! E como houbo os lumes aquel domingo, vostedes traen unhas modificacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Traen unhas modificacións que lles van dar máis posibilidades de traballar aos concellos, pero, en cambio, vostedes non dotan de instrumentos económicos os concellos para loitar contra iso. Si, si, bueno, si no lo veo, no lo creo, señor conselleiro.

Nesta lei terán que modificalo —no proxecto de lei de orzamentos— porque os recursos para os concellos seguen sendo os mesmos, o que demostra unha vez máis a improvisación e a chafallada na que vostedes incorren acotío.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, por parte dos grupos non emendantes, representando o Grupo Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe as emendas á totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. Aínda que algún voceiro e voceira se confundiron e falaron das emendas parciais, non é hoxe ese o debate.

Señorías, aceptar hoxe estas emendas á totalidade suporía impedir que se puxeran en marcha novas baixadas de impostos, baixadas de impostos que teñen un fin claro. Por unha banda, dinamizar o medio rural e a actividade vencellada ao sector primario; novas bonificacións para fomentar a rehabilitación e o investimento en centros históricos. E tamén novas baixadas de impostos co obxectivo de potenciar a compravenda de solo empresarial en mans das administracións para dinamizar a creación de emprego e de proxectos.

Igualmente, señorías, aceptar as súas emendas á totalidade impediría unha medida tan importante como a ampliación do permiso de maternidade e paternidade para os empregados públicos ata as 22 semanas. Porque algún voceiro igual descoñece que, se non se modifica a Lei do empregado público, dificilmente poderemos levar adiante esta medida.

Ou mesmo impedirían a modificación para que as traballadoras do Sergas perciban o promedio correspondente ás súas gardas durante a baixa maternal.

E, como non, señorías, as medidas que se aproban nesta lei co fin de introducir cambios lexislativos para favorecer o cumprimento das exixencias legais por parte das administracións na protección e prevención forestal. Medidas no eido da xestión dos montes que teñen que comezar a funcionar a curto prazo para chegar preparados ao momento de máximo risco.

Señorías, esta lei é absolutamente legal, vexamos nela unha oportunidade para que os grupos poidamos achegar as nosas propostas. Haberá debate, señorías. Hai debate; de feito, hoxe estamos debatendo. Debateremos e chegaremos a acordos, e xa observamos con satisfacción que algún grupo asumiu as emendas aportadas polo Goberno á Fegamp. Iso é unha boa nova, imos coincidir en moitas cousas. Verán, señora Presas, como vai haber diálogo. Non estamos nas antípodas do diálogo. Verá como vai haber diálogo.

Un ano máis critican a norma. Parece que a lei que hoxe debatemos foi introducida no Parlamento con nocturnidade e pola porta de atrás. Parece que furtamos un debate que hoxe democrática e legalmente se está a producir. E sobre todo a señora Rodríguez, que veu aquí falar dunha serie de cuestións da Lei de medidas. Señora Rodríguez, xa llo dixen o ano pasado, ¿sabe quen foi o primeiro en utilizar en España unha lei de medidas? Pois foi o ministro Solbes cun goberno do señor Felipe González. Esta lei foi utilizada por todos os gobernos de diferente cor política. Non veñan vostedes demonizar un instrumento que vostedes tamén utilizan. ¿É certo que non é o mellor mecanismo lexislativo? É certo. Pero tamén é certo que

se pode utilizar. Xa o dixo o conselleiro, e explicoulles as sentenzas do Tribunal Supremo e as sentenzas do Tribunal Constitucional, que non vou reproducir porque xa llas expliquei o ano pasado e son exactamente as mesmas.

O contido da lei, maioritariamente, vén derivado da esencia do orzamento. Estamos ante unha lei complementaria á Lei de orzamentos, coa que garda unha especial conexión causal. Se vostedes non o queren ver, empezando pola baixada de impostos no rural vencellada ao sector primario, así como as bonificacións para fomentar a rehabilitación en cascos históricos, baixadas de impostos para potenciar a compravenda de solo empresarial en mans das administracións, ampliación do permiso de maternidade e paternidade —como lles dixen antes— e a modificación que permitirá ás traballadoras do Sergas percibir o correspondente promedio das súas gardas durante a baixa de maternidade.

Unha técnica lexislativa, señora Rodríguez, que vostedes noutras comunidades onde gobernan están utilizando. Eu non sei se vostede sabe o que está pasando na comunidade valenciana. Claro —dirán—, é que estamos en Galicia. Claro, pero é que vostedes din unha cousa onde gobernan e outra onde están facendo oposición. (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, non diga non. Mire, voulle explicar o que está pasando en Valencia. En Valencia a Lei de acompañamento modifica 34 leis, ¡34 leis! Cinco máis que no ano 2006. Vostedes supéranse, cada ano un pouquiño máis: suprimen controis ao goberno; trasladan competencias aos concellos por simples resolucións dos conselleiros; suprimen os informes da Consellería de Facenda na creación de novos postos de traballo; mesmo modifican leis que están en tramitación no Parlamento valenciano.

A lei sobre o estatuto das persoas con discapacidade estase a tramitar nas Cortes Valencianas, e fíxese ata que punto chegan vostedes que a modifican vía Lei de medidas, igual que a Lei sobre mediación familiar ou a Proposición de lei forestal, un exercicio de falta absoluta de respecto á Cámara parlamentaria. E ademais vostede, que vén aquí pedir o informe do CES, en Valencia o CES díxolles que era unha barbaridade que vostedes estiveran lexislando no Parlamento e, ao mesmo tempo, modificando dende o Goberno leis que están modificando no Parlamento. É absolutamente insólito. Pero claro, vostede vén aquí dar leccións de como se legisla, e onde gobernan fan unha cousa absolutamente contraria.

Vostede veu aquí tamén darnos clases sobre recortes aos funcionarios e aos empregados públicos. ¡Home!, que veñan vostedes, os socialistas, a falarnos de recortes salariais aos funcionarios e aos empregados públicos —como lle dixo antes o meu compañeiro, o señor Tellado—, co zapaterazo que fixeron vostedes cando gobernaban en España, baixándolles dende un 5 % —non o 5 %, a algúns aínda lles baixaron máis o salario— aos funcionarios e aos empregados públicos. Que teñamos que escoitar aquí leccións dos socialistas sobre recortes aos funcionarios, é o último que nos faltaba por ver, señora Rodríguez. (*Aplausos.*)

Falou vostede tamén e dixo aquí toda a retahíla das emendas parciais. Eu pensei que hoxe era o debate á totalidade. Mire, hai emendas parciais nas que nós tamén coincidimos con vostede. ¡Claro que nós tamén presentamos unha emenda parcial para que fagan unha dedución do IRPF as axudas para o tema dos incendios! Tamén vostede dixo aquí que se empecen a facer os desbroces no mes de maio. Mudaron o seu criterio, no 2006 falaban do mes

de marzo. Eu alégrome de que vaian mudando. Aquí parece que os únicos que temos erros somos os do Partido Popular. Pois non, mire, nós somos capaces de facer autocrítica, pero tamén estaría ben que vostedes a fixeran de cando en vez.

Ademais de que esta lei entrou no Parlamento o 20 de outubro e todos tivemos oportunidade de lela, de estudala, de analizala e de emendala, tamén pasou en Galicia unha situación inédita, que foi a vaga de lumes do mes de outubro. Por suposto que nese momento houbo un punto de inflexión, houbo unha comparecencia do presidente da Xunta, e o presidente da Xunta falou de tres espazos de acordo. Un, esta propia Lei de medidas, onde se ían introducir modificacións que a curto prazo eran precisas —como lles dixen antes— para chegar á época de máximo risco con medidas adoptadas e que, doutro xeito, non poderíamos chegar. Outra, o tema de emerxencias e a colaboración coas deputacións. Mañá teremos a comparecencia do señor vicepresidente, que xa anunciou o presidente a súa comparecencia. E en terceiro lugar, a Comisión de estudo, onde tamén teremos oportunidade de chegar a acordos.

O Bloque Nacionalista Galego, na súa emenda á totalidade, di que as medidas non están consensuadas cos sectores afectados. Non sei a cales se refire, señora Rodil, dende logo que as dos empregados públicos están faladas na Mesa sectorial e cos sindicatos, tanto a da baixa por maternidade e paternidade como as que afectan ás traballadoras do Sergas.

Despois, respecto dos impostos, xa lle explicou perfectamente o conselleiro como era o tema dos impostos. Eu non o vou explicar mellor, así que non vou entrar xa a dicirlles o que supón a subida do IRPF na escala autonómica e a subida do imposto do patrimonio, que vostedes falan dos grandes patrimonios. Pero mire, é que no ano 2013 aprobamos nesta Cámara, co apoio do Partido Socialista, subir a tarifa estatal ao 20 %, señora Rodil. Somos a comunidade autónoma que máis alta ten a tarifa e somos os que máis estamos ingresando, e é para patrimonios superiores a 700.000 euros. Vostede dígame que máis patrimonios quere vostede gravar. Diga vostede a cantidade. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, claro, pero terán que explicalo.

Sobre o imposto das grandes áreas comerciais, isto xa é sorprendente. Que o Bloque —igual que o PSOE co dos funcionarios—, que gobernou en Galicia e levou a área de Industria e Comercio, o BNG, que foi o Goberno que en Galicia deu licenza a máis metros cadrados de grandes superficies comerciais, nos veña dar clases agora de como se protexe o pequeno comercio. Que sexa o Bloque o que nos veña dar leccións disto, señora Rodil, *(Aplausos.)* non deixa de ser unha cuestión absolutamente sorprendente.

Mire, dixo vostede aquí moitas falsidades, señora Rodil, pero unha delas é que se reducen as partidas para prevención de incendios en 28.000 euros. ¡É falso! Vostede colla a partida da Dirección Xeral de Montes e verá como se incrementa en 3,5 millóns de euros, señora Rodil. Diga a verdade, non veña dicir mentiras a esta Cámara e nesta tribuna porque todo queda gravado e, ¡claro!, dificilmente despois pode volver vostede atrás.

E despois di vostede que nós mudamos os procedementos. ¡Pois claro que se mudan os procedementos! Anteriormente, para poder entrar nunha finca que o propietario non limpaba, había que esperar a unha orde xudicial. Agora, coa modificación que nós propoñemos, o que se pre-

tende é que se poida entrar dende o inicio do expediente, non hai que esperar anos a que teñamos unha resolución xudicial. Se vostedes falaran cos seus alcaldes, igual lles explicarían cales son as dificultades que atopan para poder limpar ou facer limpar as fincas nos concellos que gobernan. Falen cos seus alcaldes, que seguro que lles explican moi ben esa situación.

E di vostede que o groso da lei é sobre política forestal e que furtamos o debate no Consello Forestal. Mire, señora Rodil, vostedes presentaron 43 emendas parciais de política forestal. ¿Están vostedes furtando o debate no Consello Forestal? Pero mire, das emendas parciais xa falaremos, xa falaremos porque hoxe estamos falando das emendas á totalidade. Pero vostede sabe cales foron as emendas que presentaron, e vir aquí dicir que nós furtamos ese debate cando vostedes están participando dese mesmo debate nesta Cámara, resulta tamén un pouco chamativo.

O señor Sánchez fala de rigor e di que hai cero euros no orzamento para rehabilitación. Ben, eu pediríalle rigor a el. Ou mente, ou non leu os orzamentos. Porque mire, no Instituto Galego de Vivenda e Solo increméntase un 5 % para rehabilitación. Hai 33 millóns de euros... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu escoiteino con moitísimo respecto, e xa sei que non lle gusta escoitar. Aquí o pensamento único non funciona, señor Sánchez, agora lle toca escoitar. Agora lle toca escoitar. *(Aplausos.)*

Efectivamente, como vostede non leu o orzamento, véxome na obriga de explicarlle que para rehabilitación hai 33 millóns de euros, e 10 millóns máis para préstamos aos concellos; é dicir, 43 millóns de euros para rehabilitación, o que supón un incremento de preto do 13 % respecto do ano 2017. Pero se nos imos ao 2016, é un 35 % máis, así que eu lle pido rigor. E, unha de dúas, ou vostede... Eu xa sei cal é a súa proposta para os cascos históricos: que residan os ocupas. Pero mire, entre que residan os ocupas ou que veñan os fondos voitre ou de investimento, haberá xente do común ou xente normal que queira residir nos cascos históricos, ¿non, señor Sánchez? *(Aplausos.)*

Sobre as modificacións da Lei do solo xa lle explicou o señor conselleiro cales eran, pero como vexo que non entende, dígolle que lendo a lei, porque eu lin a lei, é unha cuestión de lectura detida, hai tres modificacións. Unha refírese aos límites territoriais alterados ante unha fusión de municipios, para efectos do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Loxicamente, é unha cuestión técnica que está aí. Modifícase o órgano que corresponde á cesión de terreos destinados a viais no solo urbano consolidado, e proponse un único xestor: o concello. E en relación co xurado de expropiación de Galicia, amplíase o prazo para resolver os expedientes por resultar na práctica claramente insuficiente, como vostede saberá. Salvo que vostede queira que inflen á Xunta a reclamacións patrimoniais por non cumprir os prazos, entendo que vostede estará de acordo con estas tres cuestións que se modifican na Lei do solo.

E sobre as infraestruturas lineais, dicirlle que en ningún sitio lin eu o que vostede di, porque aquí fala de liñas férreas, autovías, autoestradas, estradas, camiños, cortalumes, sendeiros, pasarelas e vías pecuarias. Señor Sánchez, dígame vostede onde está o que vostede veu.

Pero mire, para as Mareas de Podemos, para vostedes, a política é como a ruleta da fortuna, cando non saben que dicir, en vez de comprar vocal, usamos o comodín antiempresa. ¡O co-

modín antiempresa vale para calquera cousa! ¿Que non estamos de acordo? Os empresarios amigos do PP. ¿Que non estamos de acordo? Queren acabar coas empresas. Ese é o comodín antiempresa.

E mire, voullo explicar coa súa emenda á totalidade. Sobre as deducións fiscais no rural. Segundo vostedes, facémolo para que algúns grupos empresariais sexan beneficiados por ditas deducións. No ámbito forestal tamén din que o que se propón nesta lei pode permitir a entrada de empresas que desfrutarán de grandes deducións fiscais para controlar aínda máis o negocio forestal e mercantilizalo. O mesmo comodín antiempresa para criticar as medidas referidas aos montes veciñais en man común. Din vostedes que as medidas que propoñemos son para facilitar e axilizar a declaración dos montes como abandonados ou degradados para que poidan acabar xestionados polas empresas ávidas de controlar o territorio. Ou cando din que pretendemos a usurpación dos montes para que fagan negocio as empresas.

Por certo, 5 Sofor, o Uxfor, señor Sánchez. Ese modelo seu, cero. O noso non estará ben, pero polo menos hai 5 sobre 0. A verdade é que a proporción é bastante lamentable.

Sobre o mantemento das infraestruturas lineais, son un agasallo máis ás eléctricas. Sobre a limitación á venda ambulante á beira dos camiños de Santiago, a súa crítica é que contrasta coas facilidades e simplificacións que se lles dan ás grandes empresas.

Non, señorías, o noso obxectivo con esta Lei de medidas non é favorecer ás grandes empresas, nin aos grupos empresariais, nin a ese discurso que vostede ten habitualmente. Logo teñen o comodín da corrupción, e non falou vostede aquí do financiamento de Irán e Venezuela. Supoño que iso non interesa, só interesan outro tipo de financiamentos e de zonas grises. Pero as zonas grises que di o Consello de Contas que ten o crowdfunding de En Marea non falamos, e sobre as zonas grises que din os socios dos seus amigos, Pablo Iglesias e compañía, que o financiamento vén de Irán e Venezuela, niso tampouco entramos. O comodín corrupción... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...o comodín corrupción utilizámolo cando nos interesa. *(Aplausos.)*

Eu entendo que non gustan estas cousas, pero hai que escoitalas, porque, ¡oian!, nós tamén escoitamos todos os días cousas súas e non pasa nada, hai que encaixar. Hai que encaixar. *(Murmurios.)* Na política hai que encaixar, ¡home!, xa aprenderán co tempo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: O noso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En relación co programa de impostos cero no rural, non cabe dúbida de que unha das trabas á mobilización das terras no rural é o custo fiscal da súa transmisión. E non o di o Partido Popular, é que no 2006, na Comisión de estudo que se fixo nesta Cámara, foi unha das conclusións

ás que chegaron. E resulta, señora Rodil, que vostedes agora critican esa medida, e sen embargo din: Non, non, é que nunca vostedes aceptan unha proposta da oposición. ¡Oia!, esa é unha proposta da Comisión de estudo do 2006, e agora a vostedes parécelles mal o de impostos cero no rural. O primeiro que teñen que facer é poñerse de acordo consigo mesmos, e logo intentar trasladárnolo a nós para que os entendamos e poidamos dialogar e chegar a acordos porque así é moi difícil, cando un día din unha cousa e ao día seguinte din a contraria.

Miren, eu creo que é importante facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si, remato, señor presidente—, é importante facer propostas en positivo, deixar ao lado o comodín antiempresa, deixar ao lado o comodín da corrupción, que ao mellor pode surtir algún efecto nalgún mitin político para falarlles aos afiliados e aos simpatizantes dos seus grupos, pero no ámbito propositivo non aporta nada para resolver os problemas dos galegos e das galegas. E os galegos e as galegas votaron maioritariamente ao Partido Popular en setembro do 2016 porque saben que é o único grupo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que pode garantir a resolución dos seus problemas. Vostedes sigan co comodín antiempresa e co comodín da corrupción, que así non resoven os problemas dos galegos e das galegas. Eu pídolles que se sumen ás nosas propostas... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...en positivo para resolver os problemas dos galegos e das galegas.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Temos o turno de réplica dos grupos emendantes.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Xa dicía eu que collera impulso o debate pola tarde! E a señora Prado, nunca, nunca defrauda.

Por empezar, pois temos un tempo limitado, vostede estaba obsesionado por se este era o debate á totalidade, se era o debate a emendas parciais. Eu creo que cadaquén xestiona o seu tempo como quere, até vostede, que acabou falando precisamente do debate que dicía que non era o que tocaba hoxe, ou o que tocaba agora. Eu supoño que até queren usar a maioría absoluta para dicirnos como temos que organizarnos, como temos que pensar, como temos que debater dentro desta Cámara. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Ademais, volveu repetir a señora Prado na súa intervención, até a saciedade, que é un mecanismo legal, que é un mecanismo que se axusta a dereito esta Lei de acompañamento, esta Lei de medidas administrativas e fiscais. Eu teño a impresión, ás veces, de que intentan autoconvencerse a si mesmas e a si mesmos de que o que están facendo está ben, porque o que estamos facendo hoxe é debater a reforma de 20 leis, jde 20 leis xuntas!

Debateremos 20 leis xuntas, con propostas de reforma, nun único debate, e en paralelo á Lei de orzamentos, porque corre présa. Córrelles présa agora, por exemplo, ampliar —como xa se dixo aquí— as mesmas franxas de protección que vostedes se cargaron, que vostedes reduciron. ¿Por que? Porque lexislamos a impulsos. (*Aplausos.*) Naquel momento, por puro sectarismo —e habería outros intereses, non o sei, pero centralmente por puro sectarismo—, había unhas franxas, había unhas distancias de protección, que as fixera un conselleiro nacionalista, que as fixera un conselleiro do Bloque, pero había que entrar pola porta e había que desfacer con rapidez, como Atila, non deixar nada ao seu paso. E agora, despois dunha catástrofe, hai o impulso, que tamén é ben terríbel porque xa o viviamos no ano 2006, o que aconteceu neste país o día 15 non era unha cousa que nos viñera de novo, xa acontecera no ano 2006, pero vostedes cargáronse as medidas que se adoptaran daquela para intentar impedir que puidera volver acontecer e agora córrenos présa, a través das emendas parciais do partido Popular, volver ampliar esas franxas de protección que —insisto— reduciran vostedes na reforma da Lei de montes a través dunha disposición última, dunha lei distinta, no ano 2012.

Vostede di que nós cuestionamos a ferramenta. E eu insisto, a nós non nos parece o procedemento nin nos parece democrático, senón que o consideramos un subterfuxio. Parécenos unha porta de atrás lexislar, reformar, 20 leis de golpe nunha lei que acompaña os orzamentos e que en moitos casos non ten nada que ver coas propias medidas ou coas propias iniciativas ou programas que se recollen na Lei de orzamento. Pero se a vemos tan preocupada polas emendas parciais que propón o Bloque Nacionalista Galego a respecto da política forestal, da Lei de prevención de incendios, nós retiramos as nosas emendas, retiren vostedes da lei de acompañamento as propostas de reformas e deixemos ese debate para a súa tramitación regulamentar e para que poidan ter audiencia tamén, cos períodos de exposición pública e demais que lle corresponda a calquera proceso legislativo, todas as entidades e colectivos que estean afectadas ou afectados por esa reforma.

O que nós non imos facer, señora Prado, é quedar de brazos cruzados vendo como fan e desfán ao seu antollo. Así que nós non aceptamos nin apoiamos esta forma, pero é que non nos queda máis opción que facerlles fronte, independentemente do subterfuxio ou do camiño ou da porta que decidan vostedes usar para reformar a lexislación. Sempre imos estar en fronte, ¡sempre!, para propoñer unha alternativa de acordo cos principios ideolóxicos da organización política que neste caso eu represento. Sempre nos van ter en fronte. Insistimos, non é esta a maneira de reformar 20 leis, non o é nin o foi nunca, e sempre, sempre, nos van ter en fronte.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten o seu turno, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Prado del Río, a verdade é curioso, pero vostede empregou máis da metade do seu tempo da exposición —evidentemente, cada un o emprega para o que considera oportuno— para xustificar o emprego deste xeito de aprobar a modificación de 20 leis que nada ou pouco teñen que ver cos ingresos e os gastos de orzamentos, e vostede mesma reconece que non é o mellor sistema. Polo tanto, nós volvémoslle dicir, ¿é legal? Si, é legal. E ademais díxenllo textualmente, é legal, pero non parece que sexa a mellor forma de gobernar, nin a mellor forma de chegar a acordos, nin a mellor forma de atender as aportacións que pode facer a oposición. Xa llo dixen na miña exposición, xa llo dixen hai un ano e vólvollo repetir.

Mire, vostede vén aquí e xa é a segunda vez que nos fala doutras comunidades e incluso do Estado, e nós volvémoslle repetir que estamos en Galicia. E voulle demostrar que nós facemos o mesmo que dicimos porque Emilio Pérez Touriño non a empregou nunca. Polo tanto, rebátame iso se non é verdade, rebátamo, se non é verdade. (*Aplausos.*) E, se non, por favor, cando me queira rebater algo, traia datos, traia datos, e entón falamos de datos, non de suposicións que fan noutros lados.

Ademais, voulle dicir unha cousa, señora Paula Prado. Que nos traia a esta Cámara o exemplo de Valencia ata me parece pouco..., non sei, pouco acaído. Porque é unha comunidade na que o partido Popular gobernou durante moitos anos e paréceme que teñen que calar, porque o xeito de gobernar do Partido Popular en Valencia non é un exemplo para levar a ningunha comunidade autónoma, gústelles ou non lles guste. Non son exemplo de nada na comunidade valenciana, e vostede falou da comunidade valenciana bastante tempo.

Mire, outra cousa. Vostede no seu turno fala máis ou menos do que lle dá a gana, pero nós, os socialistas, cando temos o noso turno de debate —e xa sei que non vimos debater as emendas—, explicámoslles cales son as causas polas que nós imos votar en contra. Polo tanto, devolvemos a proposta que vostedes nos fan e ademais molestámonos —porque é o noso traballo e por iso nos pagan— en desgranar punto por punto cada un dos artigos que contén esta lei de medidas. Non torza o fociño porque é verdade. Pódelle gustar máis ou menos pero é así. Polo tanto, nós desgranámoslos, debullámoslos, para tomar as decisións que consideramos máis acaídas, máis oportunas e que máis respectan a nosa ideoloxía.

Mire, por favor, dígalle ao señor Tellado que estou eu no uso da palabra e que ademais me molesta que estea continuamente ra, ra, ra. ¡Estou no uso da palabra!

O señor PRESIDENTE: Estamos rematando xa, tranquilidade.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Porque iso, porque estamos rematando.

Mire, señora Paula Prado, vostedes falan de baixada de impostos no medio rural e de medidas de conciliación que se as queren aprobar nada llelo impide, poden facelo por outro pro-

cedemento. Incluso ao mellor esas ata estarían acaídas. Non están acaídas moitas outras que vostedes están incluíndo nesta lei.

Vólvollo repetir, vostedes anuncian que esta é a lexislatura do rural, voume cansar de dicirllor ata que vexa executados eses centos de millóns que din que son para o medio rural. Non me fale de que o orzamentan, dáme igual, a súa execución deixa moito que desexar, ¡moito!, polo tanto, moitas das circunstancias e das cousas que están acaecendo son pola súa inexecución dos orzamentos que, ano tras ano, poñen nos presupostos.

Mire, o señor presidente da Xunta de Galicia no debate do estado da Autonomía dixo textualmente: «No agro, no que levamos de 2017, as afiliacións subiron case en 3.300 persoas, un 8 % máis». Pero eu vou aos datos do IGE, CNA-01, Agricultura, Gandería e servizos relacionados con ela e dinos que dende outubro de 2016 a outubro de 2017 a realidade é que temos 693 afiliados menos, ¡menos!, señora Prado del Río. Se miramos os datos da EPA da ocupación de agricultura, dende 2008 a 2016 temos 44.700 ocupados menos na agricultura, señora Prado del Río. E se medimos a superficie declarada para efectos de primas do PAC, CEGA, temos que de 2013 a 2017 baixan nun 25 %.

Polo tanto, os datos que emprega o Goberno, unha de dúas, ou non se publican en organismos oficiais, pode ser que vostedes teñan outros métodos para informarse, ou forman parte da publicidade e propaganda na que se manteñen permanentemente.

Tamén nos di o señor presidente da Xunta, ou nos dixo: «ocúpanos tamén seguir facilitando novas oportunidades no agro, e isto pasa, loxicamente, por perseverar nas tres liñas de actuación que trazamos nos últimos anos». ¡Moi bonito e moi rimbombante!

«Primeira medida. Perseverar no obxectivo dun medio rural con servizos semellantes aos que hai nos ámbitos urbanos, apoiando a instalación das conexións tecnolóxicas de ata 350 megas para as empresas situadas en zonas illadas». E a realidade volve ser distinta. Dinos que no conxunto de España un 90 % dos fogares ten acceso a unha conexión de 10 megabites na internet, datos 2016 do ministerio, e Galicia un 70 %; é dicir, un 20 % menos. E que as catro provincias galegas pechan a clasificación, son as últimas. Pero vostedes seguen na publicidade e propaganda.

Fala tamén o señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...do plan de camiños rurais, que xa nos permitiu melloras en 1.800 quilómetros de 295 concellos. ¿Sabe cal é a realidade? No 2017, 12 millóns menos. Melloras en servizos, mellor organización e sobre todo as maiores facilidades para vivir no rural. Iso tamén nolo anuncia o presidente da Xunta de Galicia no documento do que falei antes. E din: «Mozos, familias numerosas ou persoas con discapacidade que adquiren unha vivenda rural en zonas catalogadas como de baixa densidade de poboación ou calquera que merque, amplíe...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...ou permute unha parcela». ¿Parécenlle medidas suficientes?, ¿de verdade?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Grazas

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Teñen elaborado algún estudo que facilite o estudo sobre o impacto destas medidas?

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Cando me traia estes datos, de verdade que falaremos, e ao mellor temos que cambiar a nosa opinión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, señora Prado, vostede dixo que o permiso de maternidade se ampliaba a 22 semanas. Si, díxoo, eu escoiteino. Pois se é así, estaría cumprindo coa promesa que fixo o señor Feijóo no debate do estado da Nación. ¿É así? ¿Amplíase o permiso de maternidade a 22 semanas e polo tanto o señor Feijóo cumpre a súa promesa? ¿É esa a intención que teñen? Porque no proxecto de lei non se amplía a 22 semanas, non se cumpre coa promesa do señor Feijóo. Nas súas emendas tampouco se amplía a 22 semanas, non se cumpre a promesa do señor Feijóo. Entón, se queren o primeiro acordo, nas emendas de En marea si que lle collemos a palabra ao señor Feijóo e ampliamos a 22 semanas. E se queren que se amplíen a 22 semanas, voten a emenda de En Marea, señora Prado.

Enténdoa, vostede reclamou que non lle dean leccións o Partido Socialista nin o BNG. Eu é o que sinto tamén cando vostedes veñen dar leccións de cumprimento da lei. Non nos dean leccións de cumprimento da lei o partido da Gürtel, o partido da corrupción, señora Prado. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si, é que é así. Non aceptamos leccións sobre o cumprimento da lei do Partido Popular.

Por outra banda, vostede entendeu mal, eu non dixen que non había nada de rehabilitación, o que eu dixen é que se publicou, disque, un borrador de lei de rehabilitación, e no proxecto de lei de orzamentos nada se di da Lei de rehabilitación, nada. Entón, iso si que é previsión, planificación etc. Pois non o é. O que eu dixen de rehabilitación é que a pesar dos orzamentos que vostede anuncia, ao final do ano executaron o 15 %. De 17 millóns, vostedes deixaron sen executar 14. Ese é o modelo de rehabilitación do Partido Popular. Se cadra iso é o que querían tapar. Ou querían tapar cando vostedes son propietarios de vivendas e as teñen en ruínas, como en Betanzos, que compran oito e empezan a actuar seis anos despois en tres. Ese é o modelo de rehabilitación do Partido Popular.

Polo tanto, eu boto en falta que, se se está traballando nunha lei de rehabilitación que se pretende aprobar no 2018, non se faga mención na memoria, nos anexos nin en ningún tipo de medidas. Iso é o que eu lle dixen.

Despois xustificouse da falta de medidas contra os lumes en que pasou que pasou, pasou unha vaga de lumes. E tivo que pasar iso, arder 50.000 hectáreas e haber vítimas mortais, para que vostedes tomasen en serio modificar as sociedades de fomento forestal, que tomasen en serio as faixas de protección, que tomasen en serio a ordenación do territorio. Fixo falta iso, ¿que levaban facendo durante os oito anos anteriores, señora Prado? Iso é o fracaso do que eu falo. Fracaso do seu goberno.

Vostedes levan gobernando nesta última etapa oito, pero só houbo unha lexislatura e media na que non gobernaron, e a situación do país é a que é, e non se soluciona con deducións fiscais. Mire, a situación do sector agrario é dramática, repetírono innumerables veces. Os últimos datos din que só o 4,68 % dos titulares de explotacións agrarias teñen menos de corenta anos, e o 59 % teñen sesenta ou máis. Esa é unha situación dramática. A situación de abandono, de envellecemento etc., do agro non se resolve con estas deducións fiscais.

E claro que utilizamos o comodín da corrupción. Non sei se lle parece algo así, sen importancia, ¿verdade? ¡Claro!, despois pasa o que pasa e a corrupción non ten importancia, xa pasou, non ten interese. Despois privatízase a AP-9 aos amigos, a prezo de amigo; privatízanse as eléctricas aos amigos; despois entra o señor Arsenio Fernández de Mesa en Rede Eléctrica —si, si ríase cando falo do señor Arsenio Fernández de Mesa, señor Rei Varela—, cobrando 180.000 euros, e despois hai portas xiratorias. Pero ¿iso onde afecta, señora Prado? A vostede non lle afecta, pero á xente si que lle afecta, ¿verdade? Exactamente todo o que se rouba e se saquea, permitido ou feito por vostedes, aféctalle a toda a xente.

E despois din: o comodín das empresas. Pero mire, vostedes acaban de aprobar unha lei de fomento de iniciativas empresariais, que din que é para evitar a deslocalización de empresas e para favorecer a implantación de empresas, que escondía detrás medidas para beneficiar as mineiras, as eléctricas e a Ence. Non é un comodín, jé a política que están facendo vostedes contra o interese da xente e a favor dun determinado grupo de empresas!

Váialle explicar tamén á xente de Touro que contentos están co seu modelo, co seu modelo de Katanga, si, señor. ¡Ese é o comodín das empresas!

Non sei se pode rematar, xa que...

O señor PRESIDENTE: Si, si, eu encantado.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Estábame dicindo a señora Prado algo de Irán, ¿non? ¿Era Irán? Ben, claro, falamos de Irán, si, si.

Daquela, cando eu traio aquí un xuízo da Gürtel visto para sentenza onde se di o que se di; xuízo visto para sentenza con informe da Fiscalía, vostede contéstame con lendas urbanas,

señora Prado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede contesta con lendas urbanas.

Mire, aí non teñen ningunha credibilidade. Nós non somos iguais que vostedes. Vostedes son o partido da corrupción, nós non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Rematado o debate, procedemos a votar as emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 19960), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 19962), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Por último votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. de En Marea (doc. núm. 19935), ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.


En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Finalizada a votación, abran as portas.

O debate de hoxe está rematado. Boa noite.

Mañá, ás dez da mañá, teremos outro pleno.

Remata a sesión ás oito e dez minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25